CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 1/2022

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 2 DE FEBREIRO DE 2022 –

Na Casa do Concello, a dous de febreiro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González

Non asisten, previa escusa:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D.ª María Dolores Nariño Facal
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1434/21 Á RES 1466/21, E DA RES 01/22 Á RES 109/22)

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA DNA. MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GDR "TERRAS DE COMPOSTELA"

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ 2022

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO O CESAMENTO DO MINISTRO DE CONSUMO

8.- MOCIÓNS

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde aclara que o Pleno que se vai a celebrar é o ordinario do mes de xaneiro que, previo acordo entre os distintos grupo, retrasouse unha semana.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo, e da concelleira do PP, D.ª Mª Dolores Nariño Facal, sinalando que pos diversos motivos

non puideron asistir, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2021.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1434/21 Á RES 1466/21, E DA RES 01/22 Á RES 109/22).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 23 ata o 31 de decembro de 2021, que comprenden os números 1434 ao 1466, e dende o 1 ata o 27 de xaneiro de 2022, que comprenden os números 1 ao 109, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 28 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS

Visto o escrito asinado por D. Manuel Barreiro Rozados, membro do grupo municipal do BNG, de data de 09 de xaneiro de 2022 (rexistro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleiro da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleiro, o Pleno da entidade local da que

forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma, en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 9 de xaneiro de 2022 (rexistro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) por D. Manuel Barreiro Rozados.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Dna Patricia Castelao Ferreiro.

Teo, 28 de xaneiro de 2022.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde di que quere aproveitar esta circunstancia para facer un recoñecemento público, que cree que é compartido, do traballo e do talante persoal que, polo menos con el, sempre amosou o sr. Barreiro, ao que lle agradece e recoñece o seu traballo.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 9 de xaneiro de 2022 (rexistro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) por D. Manuel Barreiro Rozados.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Dna Patricia Castelao Ferreiro.

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA DNA. MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GDR "TERRAS DE COMPOSTELA".

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto non ditaminado pola correspondente Comisión informativa, resulta preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día, xustificándose a urxencia en que senón non habería representación no GDR e por iso urxe o tema.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 28 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación, na sesión do 31/07/2019, acordou o nomeamento de representantes en órganos colexiados.
En dita proposición designouse, com representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" á concelleira Dna. Iria Otero Romero.

Por Resolucións da Alcaldía do 09/09/2020 (Res 803/2020) e do 04/10/2021 (Res 1052/2021) produciuse a reorganización de áreas, pasando a asumir as competencias de Desenvolvemento Local a concelleira Dna. María López Álvarez.

Sendo necesario que a concelleira da área poida asistir ás xuntanzas que convoca regularmente o GDR "Terras de Compostela"

Á vista do disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno é o que debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear á concelleira Dna. María López Álvarez como representante desta Corporación no GDR "Terras de Compostela".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao GDR "Terras de Compostela", para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 28 de xaneiro de 2022.
O alcalde
Rafael C. Sisto Edreira"

O sr. alcalde explica que como todos saben a sra. Otero dende fai uns meses deixou a dedicación exclusiva e non pode atender as cuestións do Concello, como grupo de goberno, no día a día sendo a sra. Álvarez a persoa que cubre esas necesidades e por iso sería a persoa nomeada, en substitución da sra. Otero.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Nomear á concelleira Dna. María López Álvarez como representante desta Corporación no GDR "Terras de Compostela".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao GDR "Terras de Compostela", para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ 2022.

O sr. alcalde da conta da proposta de 24 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 27 de xaneiro de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), "POS+ 2022", publicadas no BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxestións veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	323.689,56
Subtotal gasto corrente	**323.689,56**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**Financiamento do investimento**		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	55.0000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	111.172,10
Subtotal investimentos achega provincial 2021	**452.343.22**	**115.343,57**	**567.686,79**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DEFINANCIAMENTO		**Deputación**	**Concello**	**Total**
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2022**	323.689,56	0.00	323.689,56
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2021**	452.343,22	115.343,57	567.686,79
	TOTAL	**776.032,78**	**115.343,57**	**891.376,35**

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento**
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09
TOTAIS	**901.012,22**

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta".

O sr. alcalde explica que a proposta de obras para o POS non se cingue ás recollidas na proposta, senón que, como se viu na Comisión, comprende todas aquelas que acordaron e que se concretan en torno aos 300.000€ por cada grupo que forma parte da Corporación, as cales se priorizaron e en función diso se fixo a proposta. O sr. alcalde di que quere aclarar que, tal e como xa se comunicou as portavoces, que amosaron a súa conformidade, hai que aprobar as obras e os proxectos e, tratándose da obra da Póboa, hai un erro no proxecto, e así nas páxinas 12, 35 e 99 a cifra final está cambiada, o cal xa foi debidamente corrixido e será o que se someta a votación.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que dende o seu grupo desexan que as obras se realicen canto antes, sobre todo as que teñen urxencia, coma por exemplo as obras para corrixir a turbidez da auga en Campos de Mirabel, que levan tanto anos sufrindo ese problema, e que foi unha proposta do BNG e quedouse en que se ía a realizar cos fondos do gasto corrente. Sinala que estarán pendentes e que desexan que todas as obras se fagan canto antes para o ben de toda a veciñanza.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen anuncia o voto do seu grupo a favor da proposta de consenso. Sinala que na obra do Sisto estiveron analizando o proxecto e non comprenden algunhas das cousas que foron previamente comentadas. Explica que non comprenden demasiado ben a execución, sobre todo no que atinxe á senda peonil que vai a pasar na parte mais estreita da obra, e ademais no proxecto non consta nada respecto dos cambios de sentido que se van a producir ou do sentido único que se vai a facer. Sinala que por outra parte, aínda que non se contempla nestes proxectos, é un ha teima do portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, dende fai anos, que sempre que se fagan obras novas se procure a retirada de postes e a ocultación dos cables que hai polas aldeas, polo que prega que así ocorra nas seguintes execucións.

O sr. alcalde sinala que, tratándose da turbidez da auga de Campos de Mirabel, o proxecto está encargado, porén hai varias opcións e búscase que a solución que se adopte sexa unha definitiva e por iso aínda tardará un mes ou mes e medio en entregarse o proxecto. Sinala que está en torno aos 40.000 €, polo que esperan que sexa de pronta execución, e ademais en todo caso non pode ir no POS porque se ten que desenvolver sobre terreos privados. Tratándose da senda do Sisto o sr. alcalde pide ao grupo municipal do PP que fale co arquitecto municipal, para aclarar eses aspectos, e en función desa conserva se trate na Xunta de portavoces e se hai que facer algún cambio facelo canto antes, porque esa conversa vai a valer máis que o que lles poida aclarar el.

O sr. alcalde di que asumen o empeño do sr. Guerra na retirada dos postes, aínda que é certo que pelexar con Telefónica é das cuestións máis complicadas do mundo.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	323.689,56
Subtotal gasto corrente	**323.689,56**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**Financiamento do investimento**		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	55.0000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	111.172,10
Subtotal investimentos achega provincial 2021	**452.343.22**	**115.343,57**	**567.686,79**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DEFINANCIAMENTO		Deputación	Concello	Total
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2022**	323.689,56	0.00	323.689,56
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2021**	452.343,22	115.343,57	567.686,79
	TOTAL	**776.032,78**	**115.343,57**	**891.376,35**

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09
TOTAIS	**901.012,22**

<u>Terceiro</u>.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

<u>Cuarto</u>.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

<u>Quinto</u>.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

<u>Sexto</u>.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións

incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta de 24 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 27 de xaneiro de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Vistas as bases reguladoras do POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicadas no BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021.

Tomando en consideración as necesidades municipais determinadas pola experiencia acumulada nos últimos meses, así como as suxestións e iniciativas do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais

Proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+Adicional 1/2022"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2022	113.291,34€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.291,34€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	130.000,00	30.000,00	100.000,00

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	817.117,80	714.947,19	102.170,61
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	39.268,35	39.268,35	0,00
TOTAL	**986.386,15**	**784.215,54**	**202.170,61**

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2022	113.291,34€

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.291,34€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	130.000,00	30.000,00	100.000,00
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	817.117,80	714.947,19	102.170,61
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	39.268,35	39.268,35	0,00
TOTAL	**986.386,15**	**784.215,54**	**202.170,61**

<u>Segundo</u>.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO O CESAMENTO DO MINISTRO DE CONSUMO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo da conta da moción do seu grupo de 13 de xaneiro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 85), que se recolle a continuación, ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 27 de xaneiro de 2022.

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE TEO PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL

O Grupo Municipal Popular do Concello de Teo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- a terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- e en 2020 achegou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o

5,8% do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales se producen en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traduciuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados ("...they export this poor quality meat from these ill-treated animals").

Unhas declaracións que como puidemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo por centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos; e se observa marxe de mellora, poñer en marchas medidas desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Teo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo

polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

TERCEIRO. – Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españois así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico adaptásese ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias".

A sra. Calvo sinala que o seu grupo considera que un Ministro do Goberno non pode facer unhas declaracións tan irresponsables, tan osadas, e amosando tal nivel de ignorancia ao respecto. Sinala que fai referencia á irresponsabilidade porque o Ministro está poñendo en risco a máis de dous millóns de postos de traballo, e ao cuarto sector industrial do país, que é fundamental na economía rural e na loita contra a despoboación, e de impacto directo en Galicia. Con respecto á osadía do Ministro indica que supoñen que sabe que existe un Ministerio de Agricultura, con competencia no control da produción e coa obriga de impulsar a calidade e as exportacións agroalimentarias. Pensa a sra. Calvo que tamén é ignorante porque as normas de benestar animal son as mesmas en toda Europa, é dicir, que xa de paso, como non lle chegou con meterse co sector tamén insultou aos socios europeos. Estas normas son as que cumplen estritamente os gandeiros e toda a industria cárnica en Europa, que son as máis esixentes do mundo. Opina a sra. Calvo que eses comentarios fan un dano ao sector incalculable e que dende logo seu grupo sempre vai facer unha defensa firme do sector gandeiro e da súa industria cárnica, por iso esixen responsabilidades. Recoñece tamén o esforzo do sector, que grazas a el Galicia é un referente mundial e España tamén, en produción cárnica de calidade e que se exporta por un valor de 9 millóns de euros e a máis de 130 países. Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que pensa que queda bastante clara a intención da moción e que non todo vale, e máis nunha persoa que fala e que o que di ten unha repercusión importante.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que a sra. Calvo dixo que "*non todo vale*" e precisamente a moción do PP é unha das cousas que menos vale.

Manifesta que o BNG non vai entrar a saco neses bulos e nesas tonterías, e que simplemente vai dicir que a moción carece de todo sentido. Pídelle ao grupo municipal do PP que por favor deixen de facer de altofalantes dos bulos que se lle ocorren ao seu xefe en Madrid, que non teñen máis obxectivo que desviar a atención da corrupción do seu partido e crispar a vida política. Non entende a sra. Diéguez a que vén a moción que se presenta, e pregúntase a que ven ademais tanta preocupación do PP de Teo polas declaracións sobre as macrogranxas que fixo o sr Garzón, e a que vén tanta preocupación polo tema en xeral, pois consideran que non ten que ver moito coa realidade de Teo nin de Galicia.

Sinala a sra. Diéguez que o seu grupo pensa que realmente ao PP non lle preocupa en absoluto a realidade do sector gandeiro galego. Se así fose saberían que o sector gandeiro galego supón un 34% da produción final agraria fronte ó 17,5% da media do estado español, polo que estes datos demostran a importancia do sector primario na economía galega. A produción maioritaria de carne de bovino e de ovino en Galicia é extensiva, con base territorial, con cría e engorde a base de pastos e forraxe e moi pouco penso, e produce carne de calidade baixo distintas indicacións xeográficas protexidas.

Sinala a sra. Diéguez que das vinte e dous mil explotacións en extensivo que hai en Galicia, un 50% son profesionais e a outra metade son de autoconsumo e todas teñen un nexo común, que é que son respectuosas co medio ambiente, dan vida ó rural, son clave na loita contra o abandono e contra os lumes, e producen unha carne de excelente calidade. Pensa que o PP non sabe cal é o problema da gandería galega porque se o soubese ou se tivesen gañas de poñerlle solución, non virían ao Pleno con eses bulos e esas tonterías. A sra. Diéguez di que non entende exactamente o que queren dicir coa moción presentada, pois pensa que é un galimatías o que a sra. Calvo expuxo.

Salienta a sra. Diéguez que o gran problema da gandería galega é que se está a obrigar ós gandeiros e gandeiras a vender por baixo dos custes, e que hai un dato que fala por si só, e é que nos anos 70 pagábase o quilo de carne ao que hoxe equivalería a 6 €/kg, e na actualidade, 50 anos despois, págase a 5 €/kg, no mellor dos casos. Considera que esa situación é insostible e que hai que darlles alternativas e tomar medidas.

Pregúntase a sra. Diéguez onde están o presidente do goberno galego e a Consellería, e que fan ante esta situación, pero pensa que dende logo o que non fan é tomar medidas, solucionar os problemas. Manifesta que cómpre que o PP e o presidente da Xunta deixen de envolverse na bandeira dos bulos facendo seguidismo da estratexia da extrema dereita e poñan en marcha solucións e medidas eficaces para garantir prezos xustos ós e ás produtoras de carne do país galego. Iso é o que reclama o seu grupo, o BNG, que a Xunta adopte medidas que garantan que os gandeiros e as gandeiras non vendan por debaixo dos custos e iso require que fagan cumprir a lei da cadea alimentaria, empezando por fixar os prezos reais da produción.

Sinala a sra. Diéguez con respecto ás macrogranxas que xeran problemas no territorio, perda de emprego, peches de granxas familiares e extensivas, contaminación con nitratos, e outros efectos, e por ese feito o Estado español ten aberto un expediente dende o ano 2018 e foi denunciado pola Comisión europea, polo incumprimento da normativa comunitaria.

Ese parece que é o modelo do PP, defende as macrogranxas, que crean numerosos problemas medioambientais, sociais, e mentres a Consellería de Medio Rural dende o ano 2013 vén reducindo ano a ano as partidas do programa de desenvolvemento rural destinadas ás axudas agroambientais ou ás organizacións compensatorias por zonas con delimitacións naturais e zonas de montaña, un ataque en toda regra á gandaría extensiva.

A sra. Diéguez pídelle ao grupo municipal do PP que se deixen de oportunismos partidarios, de ataques partidistas, de difundir bulos, e que asuman as súas

responsabilidades. Pídelles tamén que defendan e apoien o modelo de produción cárnica predominante en Galicia que é respectuoso co medio ambiente, que da vida ó medio rural e que produce carne de calidade.

Intervén a portavoz do BNG, sra. Lemus, quen sinala que non hai nada máis que dicir, e que o seu grupo vai votar en contra da moción.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, e sinala que o seu grupo non vai entrar a valorar o fondo desta moción porque consideran que falar dos bulos e dedicarlle tempo vai en contra da política de responsabilidade. Entenden que o grupo municipal do PP presenta unha moción que se presentou en todo o Estado e que o fan porque o seu partido lla envía. Sen embargo entende que é unha forma bastante noxenta de facer política, que quenta motores e logo hai algúns elementos que despegan e é cando se botan as mans á cabeza.

O sr. alcalde cree que, ao igual que dicía a sra Diéguez, é unha estratexia da extrema dereita, copiada directamente da política americana, e que por determinadas razóns o PP a asume como propia, nun alarde dun cálculo electoral, que pensa que é bastante equivocado.

Manifesta que neste caso tamén contou coa inestimable colaboración dalgúns ministros do goberno amigo, que tamén nun alarde de estratexia e non se sabe moi ben por que, inflaron un pouco máis este bulo, sen ningún tipo de sentido.

O sr. Igrexas sinala que el non pode saber se toda a carne de España é boa, que supón que haberá algunha boa e outra mala, coma en todos os lados, e tampouco é quen de dicir que ningún animal é maltratado, pois aínda non pode dicilo sequera das persoas. Entón simplemente cree que é evidente que as granxas industriais teñen un modelo de produción determinado, e que no Concello de Teo, sen chegar a ser macrogranxas, sufríronse dúas en directo e que a xente de Rarís e a xente de Lucí sabe perfectamente cales son as consecuencias destas instalacións, incluso das macrogranxas controladas, e ata o río Santa Lucía debe de saber un pouco tamén cal é

a consecuencia das granxas industriais. Lembra tamén que a gandería industrial en Galicia conseguiu que o encoro das Cunchas sexa declarado como encoro contaminado, que non sexa apto para o baño e que sexa unha das masas de auga na Galicia continental contaminadísima por nitratos. Indica que o Sindicato Labrego Galego leva anos denunciando o que pasa e agora xa se tivo evidencia de que aquilo é totalmente perigoso.

O sr. Igrexas sinala que pouco máis ten que engadir e que entende que traian a moción, pois sabe como funcionan os partidos, pero é unha forma de facer política que non ten sentido.

A sra. Calvo sinala que de todo o que se dixo o que máis lle sorprende é o tema do bulo. Pregunta se o resto dos membros da Corporación pensan entón que o xornal *"The Guardian*" mentiu, ou que non dixo a verdade, ou que citou mal ó Ministro, e se é así, se a prensa española se fixo toda eco dun bulo. Pide máis seriedade e, dirixíndose á sra Diéguez, pídelle que deixe os dogmas a un lado e sexa máis proactiva.

Sinala a sra. Calvo que se é certo que este tema non ten nada que ver en Teo, habería que preguntarse onde merca a xente a carne e se non hai carnicerías en Teo. Indica que iso forma parte todo da cadea cárnico-gandeira no seu conxunto, que haberá xente que é vexetariana e non consuma carne, pero iso é unha realidade. Non entende, se era un bulo, por que o propio Ministro saíu desdicindo ao seu compañeiro de gabinete. Pensa que este tema si que atañe ao Concello de Teo, e que o fai máis que calquera moción referente á Monarquía e as mocións en apoio ao rapeiro Hássel, porque isto ten un impacto real en Teo.

Explica a sra. Calvo que as macrogranxas non existen, porque a regulación española é das máis estritas de Europa respecto ao tamaño e ás esixencias ambientais, de benestar e bioseguridade, que deben cumprirse en todas as explotacións gandeiras, e senón para iso están os inspectores, para sancionar. O Estado ten os seus mecanismos e as Comunidades Autónomas os seus, como ben se saben todos.

Considera a sra. Calvo que o que está claro é que o resto dos grupos da Corporación desprezan claramente ao sector gandeiro de toda Galicia, pois é o que entendeu e sacou en conclusión, e tamén desprezan aos postos de traballo directos e indirectos que xeran, engadindo que así tamén o entenderon os gandeiros e os consumidores.

Preguntado polo sr. alcalde, apertúrase unha segunda quenda de intervencións.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que non vale a pena intervir de novo, e que o seu grupo vai votar en contra.

O sr. Igrexas aclara que non desprezan a ninguén, e que el mesmo ten unha explotación agraria, é titular dunha legalmente, e ten bastante claro cal é a produción, como se produce carne de calidade e como non se produce carne de calidade.

Rematadas as dúas quendas de intervención, o sr. alcalde explica o proceso da votación. Sinala que esta moción foi ditaminada negativamente na Comisión Informativa, e que normalmente o que se procede a votar é o ditame da dita Comisión. Porén, de calquera xeito, vaise manter o voto a favor ou non da propia moción, independentemente de que fose ditaminada en contra, para que non dea lugar a equívocos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinco votos a favor (5 PP) e nove votos en contra (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda rexeitar a moción do grupo municipal do PP, de 13 de xaneiro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 85), para esixir o cesamento inmediato ao Presidente do goberno de España do Ministro de consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español.

8.- MOCIÓNS.

8.1.- O sr. alcalde explica que a Xunta de Portavoces acadou un acordo para presentar unha moción conxunta de todas as forzas da Corporación en homenaxe ao grupo Tanxugueiras.

Refírese o sr. alcalde á participación do grupo no festival para a escolla de representante artístico no Estado para Eurovisión e á mobilización social a favor do grupo e en contra da actitude ou do valorado polo xurado. Salienta que, máis alá diso, o que valoraron todos os grupos foi que trasladasen coa súa música e baile unha mensaxe da Galicia actual que, sen renunciar ás orixes, se adapta ós novos tempos, demostrando que o galego é unha lingua viva e que lonxe de pechar fronteiras abre novos horizontes dos que toda a Corporación se sente orgullosa.

Explica o sr. alcalde que, tendo en conta iso, o acordo que se toma colectivamente é homenaxear ao grupo Tanxugueiras, dándolles o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria, e nomear como “Parque das Tanxugueiras” a área recreativa situada na Carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, e que actualmente está en construción. No momento da súa inauguración organizarase un acto público contando coa presenza do grupo. Aclara o sr. alcalde que as propias Tanxugueiras foron consultadas previamente.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción conxunta de todas as forzas políticas da Corporación de Teo sobre homenaxe ao grupo Tanxugueiras dándolle o seu nome á area recreativa da carballeira de Luou.

Reprodúcese a continuación a moción conxunta de todas as forzas política da Corporación de Teo, de 2 de febreiro de 2022.

“MOCIÓN CONXUNTA DE TODAS AS FORZAS POLÍTICAS DA CORPORACIÓN DE TEO

Homenaxe ao grupo Tanxugueiras dándolle o seu nome á área recreativa da carballeira de Luou.

O Concello de Teo acompaña dende hai tempo ao grupo Tanxugueiras, veciñas deste concello por orixe ou adopción, no seu crecemento artístico. Nos últimos meses, con motivo da súa participación nun festival para a escolla do representante artístico do

Estado para Eurovisión, veñen de defender un tema galego, "Terra", que conseguiu emocionar ao público nacional e internacional provocando unha mobilización social sen precedentes a prol dun grupo galego.

As Tanxugueiras trasladan coa súa música e baile unha mensaxe da Galicia actual que, sen renunciar ás orixes, adáptase aos novos tempos demostrando que o galego é unha lingua viva que lonxe de pechar fronteiras ábrenos novos horizontes dos que sentírmonos orgullosas.

Son, ademais, mulleres que beben da tradición doutras moitas que antes nos precederon ás que renden homenaxe coa súa música e que abandeiran, dende o feminismo, a tradición e identidade.

Tomando en consideración o arriba exposto, proponse ao Pleno Municipal a adopción so seguinte ACORDO:

Homenaxear o grupo Tanxugueiras dándolle o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria e acordar nomear, como "Parque das Tanxugueiras", a área recreativa situada na carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, actualmente en fase de construción, e no que se organizará un acto público contando coa súa presenza no momento da inauguración.

Teo, a 2 de febreiro de 2022"

Preguntado polo sr. alcalde, os grupo municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 5 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda homenaxear o grupo Tanxugueiras dándolle o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria e acordar nomear, como "Parque das Tanxugueiras", a área recreativa situada na carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, actualmente en fase de construción, e no que se organizará un acto público contando coa súa presenza no momento da inauguración.

8.2.- A sra. Diegúez explica que, aínda que o sr. alcalde acaba de expoñer o acordo de toda a Corporación para homenaxear ás Tanxugueiras, a moción do BNG incorpora un

punto máis, o 3, relativo ao compromiso de apoiar, nos estamentos en que teñen representación, as iniciativas que se presenten para aclarar as irregularidades detectadas na CRTVE en torno á organización do evento “Benidorm Fest”, e denunciar o recorrente desprezo pola lingua e a cultura galegas que se fai desde esta canle pública, financiada tamén polas galegas e galegos, e que, polo tanto, debe garantir a absoluta transparencia e criterios equitativos na súa programación.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG de recoñecemento A Tanxugueiras pola súa contribución á difusión da lingua, cultura e música galegas.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 2 de febreiro de 2022 (rex. entrada nº 443, de 01/02/2022) que se reproduce a continuación.

“MOCIÓN DE RECOÑECEMENTO A TANXUGUEIRAS POLA SÚA CONTRIBUCIÓN Á DIFUSIÓN DA LINGUA, CULTURA E MÚSICA GALEGAS

Hai algo que está emerxendo. Unha Galiza poderosa, orgullosa de si, que bebe da tradición e da identidade e traballa con ela como o que é, algo vivo. As Tanxugueiras representan esa Galiza orgullosa, poderosa, universal, feminista e sen límites.

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, xa que estas inflúen sobre o cálculo do prezo final e os descontos aplicables.
As variacións de mais do 25 % das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de tres meses consecutivos, e xustificarse por medio da declaración do IRPF, certificación de desemprego ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.
As variacións de mais do 15% e ata o 25% das rendas do traballo ou actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo

da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de seis meses consecutivos, e xustificarase por medio de declaración do IRPF, certificación de desemprego, ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

Aos efectos anteriores, todas/os obrigadas/os ao pagamento deberán comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e concretamente, deberán achegar antes do día 1 de xullo de cada ano a declaración do IRPF ou certificado negativo do ano inmediatamente anterior. De non dispoñer no prazo indicado deste documento, por imposibilidade de conseguilo da administración tributaria, a presentación farase no máis breve espazo de tempo e sempre antes do día 31 de agosto do ano 2012. Sendo en calquera caso imprescindible para a incorporación efectiva ao centro no mes de setembro.

Artigo 8.º.–Réxime de pagamento e xestión.

1.– O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte.

2.–No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3.–Salvo o disposto no artigo 6 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.–A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

5.–Todas/os usuarias/os aboarán 11 mensualidades por curso, salvo as seguintes excepcións:

– Aboarán 10 mensualidades cando tendo que fixarse un mes de peche do centro por motivos debidamente xustificados, este non coincida co mes de vacacións anuais das/dos proxenitoras/es ou responsables legais.

– Aboarán 12 mensualidades no caso de que a asistencia ao centro inclúa excepcionalmente os 12 meses do ano.

6.–O prezo público ingresarase na conta que indique o departamento municipal responsable da xestión das EIM ás persoas responsables do pago ao comezo do curso. No caso de que a titularidade desta corresponda a unha empresa privada xestora do servizo, esta deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

Disposición derrogatoria.

A partires da entrada en vigor da presente ordenanza queda automaticamente derrogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizo de escolas infantís municipais vixente dende 01/03/2004.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza reguladora entrará en vigor a partires do día 01/09/2013 e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Disposición final

A presente modificación entrará en vigor o día 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.ª María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposta da Alcaldía de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre

Considerando que, segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Publico (en adiante, LRXSP), as Administracións Públicas, nas súas relacións, réxense, entre outros, polos principios de cooperación e colaboración, e na súa actuación polos criterios de eficiencia e servizo aos cidadás.

Nesta liña, segundo o artigo 143 da LRXSP as Administracións Públicas cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio, requirindo, a formalización de relacións de cooperación, a aceptación expresa das partes, formuladas en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Considerando que en sesión plenaria do 4 de abril de 2018 o Concello de Teo aprobou a adhesión ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra para regular o proxecto "Parque Compostela Rupestre".

Considerando que na sesión ordinaria do consello de Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto "Parque Compostela Rupestre" celebrada o 2 de febreiro de 2022 no concello de Teo (A Coruña) decídese a aprobación do Plan Director de Compostela Rupestre e

En virtude do exposto, considerando a normativa citada e demais normativa aplicable, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro
A aprobación do Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre en sesión plenaria ratificando así a aprobación levada a cabo polo consello da Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto "Parque Compostela Rupestre" celebrada o 2 de febreiro do 2022 no concello de Teo (A Coruña)"

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda aprobar o Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre en sesión plenaria ratificando así a aprobación levada a cabo polo consello da Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto "Parque Compostela Rupestre" celebrada o 2 de febreiro do 2022 no concello de Teo (A Coruña).

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE USO DA PARCELA DOTACIONAL P1 DO PLAN PARCIAL PARQUE MONTOUTO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a memoria xustificativa desta Alcaldía sobre o cambio de uso da parcela dotacional P1 do Plan Parcial Parque Montouto.

Considerando que, segundo a citada memoria, a parcela P1 do citado Plan Parcial ten asignado un uso de depuradora, porén esta parcela en ningún momento tivo dito uso xa que toda a urbanización esta conectada á rede de augas residuais do Concello de Teo, e polo tanto non ten depuradora autónoma.

Tendo en conta que, de acordo co exposto, o mantemento do uso que a parcela ten asignado no citado Plan Parcial carece de sentido, e que os veciños e veciñas desa zona carecen dun espazo que poida ser utilizado como local sociocultural, parece oportuno levar a cabo innovación do uso actual, cambiándoo e ampliándoo a todos os usos dotacionais para dar cabida, no seu caso, á situación descrita ou a calquera outra que se poida poñer de manifesto.

Considerando que segundo o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), na redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Vistos os informes do arquitecto municipal, de 17 de febreiro de 2022, e da secretaria municipal, de 18 de febreiro de 2022, incorporados ao expediente.

Considerando que, de acordo co artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a natureza do procedemento aconsellaba someter o expediente a información pública.

Considerando que, en virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2022, acordou iniciar expediente para cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global, e someter o expediente a información pública durante un prazo de vinte días, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e na web municipal para que, no prazo citado, as persoas interesadas puiderán formular as alegacións que tiveran por conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

Considerando que, dando cumprimento ao citado acordo plenario, o expediente foi sometido a información pública mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello (01/03/2022), na web municipal (02/03/2022) e no BOP (07/03/2022).

Considerando que, segundo o informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, de 6 de abril de 2022, durante o período de exposición pública non se presentou alegación ou reclamación algunha.

En virtude do exposto, e segundo o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

Segundo.- Dar publicidade ao presente acordo, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia a abstención do seu grupo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:
Primeiro.- Cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

Segundo.- Dar publicidade ao presente acordo, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS. SANTA BAIA DE OZA" DO POS+22.

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do proxecto modificado da obra de "Reurbanización del núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza".

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 2 de febreiro de 2022, acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022", acordo que, xunto coa restante documentación esixida ao efecto, foi debidamente remitido á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL.

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2022, recibiuse da Deputación unha comunicación en relación á obra de "Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza" sobre a necesidade de corrixir determinadas deficiencias detectadas no proxecto da citada obra relacionadas coa necesidade de xustificar os prezos descompostos e determinadas contías no tema de xestión de residuos.

Visto o informe do arquitecto técnico sobre emenda de deficiencias do proxecto de "Reurbanización del núcleo de Cachóns,Oza" lugar de Cachóns, parroquia Santa Baia de Oza, Teo, de 30 de marzo de 2022, asinado dixitalmente o 1 de abril de 2022.

Visto o proxecto modificado elaborado polo arquitecto técnico, de marzo de 2022, asinado o 1 de abril de 2022, no que se corrixen as deficiencias advertidas pola Deputación.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado da obra de "Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza", redactado polo arquitecto técnico municipal, de marzo de 2022.
Segundo.- Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que quere lembrar que se poñan os tubos para o futuro da telefonía e fenosa.

O sr. alcalde di que é certo que iso xa o comentara o sr. Guerra, e que non se poñen agora para non modificar o proxecto, porén hai o compromiso de facelo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:
Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado da obra de "Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza", redactado polo arquitecto técnico municipal, de marzo de 2022.
Segundo.- Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NO ACORDO PLENARIO DO 2 DE FEBREIRO DE 2022 DO POS+22.
O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Corrección de erro material no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022 de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 2 de febreiro de 2022, acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022", acordo que, xunto coa restante documentación esixida ao efecto, foi debidamente remitido á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL.

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2022, recibíronse da Deputación unhas comunicacións sobre a documentación presentada, en relación á solicitude xeral do POS +2022, e ás obras de "Actuacións de saneamento e pavimentación en Casalonga" e "Reurbanización do núcleo de Lamas, Santa María de Bamonde", sobre a necesidade de corrixir determinadas deficiencias detectadas no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022 relacionadas coa necesidade de engadir e encher o cadro relativo ao IVE soportado deducible por abastacemento de auga, segundo o esixido na base 5.A.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, concretamente en relación coa necesidade de incorporar o dato relativo ao IVE soportado deducible, tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:
PRIMEIRO.- Corrixir no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, relativo á aprobación do POS +2022, os erros materiais dos apartados "B) Financiamento de investimentos"

e “C Resumo”, do acordo primeiro, e o cadro incorporado no acordo segundo, quedando os mesmos redactados conforme se recolle a continuación:

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**Financiamento do investimento**				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
Subtotal investimentos achega provincial 2021	**452.343.22**	**111.452,57**	**3.891,00**	**115.343,57**	**567.686,79**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2022**	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2021**	452.343.22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	TOTAL	**776.032,78**	**111.425,57**	**3.891,00**	**115.343,57**	**891.376,35**

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93	-------	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49	-------	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
TOTAIS	**901.012,22**	**5.379,64**	**895.632,58**

SEGUNDO.- Corrixidos os erros citados, o acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, quedará redactado conforme se detalla a continuación:

"Primeiro.- *Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"*** *da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":*

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*323.689,56*
Subtotal gasto corrente	***323.689,56***

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	***Financiamento do investimento***				
Denominación da obra ou subministración	*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	*220.999,98*	*51.109,00*	*3.891,00*	*55.000*	*275.999,98*

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	*145.514,71*	*35.000*	*0,00*	*35.000*	*180.514,71*
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	*85.828,53*	*25.343,57*	*0,00*	*25.343,57*	*111.172,10*
Subtotal investimentos achega provincial 2021	***452.343.22***	***111.452,57***	***3.891,00***	***115.343,57***	***567.686,79***

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
			Concello	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2022***	*323.689,56*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*323.689,56*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2021***	*452.343.22*	*111.452,57*	*3.891,00*	*115.343,57*	*567.686,79*
	TOTAL	***776.032,78***	***111.425,57***	***3.891,00***	***115.343,57***	***891.376,35***

Segundo.- *Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	***Orzamento contrata***	***IVE soportado deducible***	***Orzamento subvencionable***
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	*92.855,93*	*-------*	*92.855,93*
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	*215.368,49*	*-------*	*215.368,49*
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	*198.262,71*	*2.280,44*	*195.982,27*
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	*394.525,09*	*3.099,20*	*391.425,89*
TOTAIS	***901.012,22***	***5.379,64***	***895.632,58***

Terceiro.- *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

Cuarto.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.*

Quinto.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

Sexto.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

Sétimo.- *Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Octavo.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.*

TERCEIRO.- Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL".

Aclara o sr. alcalde que se trata unicamente da necesidade de recoller o IVE soportado deducible naquelas obras que inclúan abastecemento de auga.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Corrixir no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, relativo á aprobación do POS +2022, os erros materiais dos apartados "B) Financiamento de investimentos" e "C Resumo", do acordo primeiro, e o cadro incorporado no acordo segundo, quedando os mesmos redactados conforme se recolle a continuación:

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
Subtotal investimentos achega provincial 2021	452.343.22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
B- INVESTIMENTOS	Achega 2021	452.343.22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	TOTAL	776.032,78	111.425,57	3.891,00	115.343,57	891.376,35

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93	-------	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49	-------	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
TOTAIS	901.012,22	5.379,64	895.632,58

SEGUNDO.- Corrixidos os erros citados, o acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, quedará redactado conforme se detalla a continuación:

"Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*323.689,56*
Subtotal gasto corrente	*323.689,56*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	*Financiamento do investimento*				
Denominación da obra ou subministración	*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	*220.999,98*	*51.109,00*	*3.891,00*	*55.000*	*275.999,98*

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	***145.514,71***	***35.000***	***0,00***	***35.000***	***180.514,71***
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	***85.828,53***	***25.343,57***	***0,00***	***25.343,57***	***111.172,10***
Subtotal investimentos achega provincial 2021	***452.343.22***	***111.452,57***	***3.891,00***	***115.343,57***	***567.686,79***

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
			Concello	***IVE soportado deducible***	***Total Concello***	
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2022***	***323.689,56***	***0,00***	***0,00***	***0,00***	***323.689,56***
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2021***	***452.343.22***	***111.452,57***	***3.891,00***	***115.343,57***	***567.686,79***
	TOTAL	***776.032,78***	***111.425,57***	***3.891,00***	***115.343,57***	***891.376,35***

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	***Orzamento contrata***	***IVE soportado deducible***	***Orzamento subvencionable***
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	***92.855,93***	***-------***	***92.855,93***
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	***215.368,49***	***-------***	***215.368,49***
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	***198.262,71***	***2.280,44***	***195.982,27***
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	***394.525,09***	***3.099,20***	***391.425,89***
TOTAIS	***901.012,22***	***5.379,64***	***895.632,58***

<u>Terceiro</u>.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

<u>Cuarto</u>.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

<u>Quinto</u>.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

<u>Sexto</u>.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

<u>Sétimo</u>.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

<u>Octavo</u>.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS, URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 8 de abril de 2022 (Rex. 999, nº entrada 808, de 08/04/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

"MOCION SOBRE SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN PARA A SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE DO CONCELLO DE TEO EN RELACIÓN COA NOVA LICITACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto o acordo plenario de 31 de marzo de 2021, no que se acordou a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2021 ata o 1 de agosto de 2022, do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO CESPA TEO, adxudicataria do contrato.

Tendo en conta que este contrato ten unha duración de 10 anos a partir do día da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo que tivo lugar o 2 de agosto de 2010, e que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non pode exceder dos 12 anos, polo que tras a prórroga acordada en marzo de 2021, resulta imposible unha nova prórroga do contrato.

Tendo en conta que este contrato resulta ser un dos máis relevantes (senón o máis relevante), en contía e duración da xestión municipal, así como un servizo municipal de enorme incidencia social, e que a 4 meses da finalización desta prórroga, e máis dun ano despois da última prorroga, non existen novas sobre a nova licitación deste contrato por parte da Alcaldía, como responsable desta área de goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a comparecencia do Alcalde de Teo, como responsable da área, para que explique e concrete a planificación da licitación do novo contrato da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria no Concello de Teo, así como importe e contido de dita licitación".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

O sr. alcalde explica que, tal e como se dixo na Comisión Informativa, non teñen ningún problema en comparecer e explicar a situación. Salienta que é certo que existiu un pequeno retraso e iso pode provocar que o contrato quede en precario algúns meses.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Solicitar a comparecencia do Alcalde de Teo, como responsable da área, para que explique e concrete a planificación da licitación do novo contrato da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria no Concello de Teo, así como importe e contido de dita licitación.

9.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADQUISICIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.

O sr. alcalde explica que aínda que o tema foi comunicado nas Comisións Informativas, non foi ditaminado, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día, engadindo que a necesidade de tratar este asunto resulta obvia.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía, de 22 de abril de 2022, sobre a adquisición do inmoble da antiga cámara agraria local, que se recolle a continuación:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A ADQUISICIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL

O concello de Teo leva moitos anos tentando facerse coa propiedade da antiga Cámara Agraria local, edificio moi próximo ao concello e cualificado no PXOM como Equipamento comunitario administrativo. As diferencias na súa valoración, as discrepancias sobre o mecanismo xurídico/administrativo para facerse con ela e o ríxido posicionamento da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio fixeron imposible que esta intención callase.

A finais do pasado mes esta Alcaldía recibiu un escrito da mencionada Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio que, en certa medida, supón un *ultimatum* nese empeño, no que se fixan unhas condicións definitivas: un prezo de 63.451,96 euros en pagamento aprazado a dez anos.

O concello de Teo síntese socialmente responsable do estado de abandono e ruína dende hai dúas décadas dun edificio enclavado a poucos metros da casa consistorial que, pola súa catalogación urbanística, posibilita unha futura localización de dependencias administrativas.

Consecuentemente, aínda sen compartir as condicións impostas para a compra, consideramos necesario dar fin a este proceso e asumir a compra do edificio nas condicións impostas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Tomando en consideración o arriba exposto, proponse ao Pleno Municipal a adopción so seguinte ACORDO:

Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo de proceder á compra inmoble da antiga Cámara Agraria Local nas condicións fixadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de acordo coa normativa vixente.

Teo, na data da sinatura dixital

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que este tema comezou xa polo ano 2010. Indica que vai facer referencia a algunhas consideracións que fixo a sra. Lemus por escrito, xa que sería ben clarificalas. Unha desas consideracións facía referencia a que pasara cunha cesión a título gratuíto que se produciu no ano 1998, e que na práctica non se chegou a facer efectiva, que si que se dispoñía das chaves pero nunca se levou adiante a utilización do local. Explica o sr. alcalde que iso foi porque, entre outras cousas, as condicións que naquel momento poñía a Consellería eran moi restritivas con respecto ao uso, só podía ser destinado a usos agrarios exclusivamente. Era unha cesión por 10 anos. Entón no 2008 non se modificaron as condicións e deuse por finalizada a cesión. A partir de aí houbo intentos do anterior alcalde coa Dirección xeral do patrimonio para facerse coa parcela, pero non houbo un acordo en canto ás cantidades e entón a Consellería fixo unha poxa, intentouna vender, aínda que dende os servizos técnicos municipais lle dicían que era un ben dotacional e que iso impedía que calquera o comprase e que se puidese obrar. Salienta que as tres poxas quedaron desertas porque parecía un prezo elevado, sobre todo en comparación con outras compras, como por exemplo no caso de Brión, no que un edificio en mellores condicións fora vendido por 37.000 € e en Teo o resultado da taxación que comunica agora a Secretaría xeral é de 63.451,96 €.

Sinala o sr. alcalde que a outra das consideracións que comentaba a sra. Lemus era o da mutación demanial. Explica que, logo de ser consultada coa Secretaría e tendo claro todo, a posición do goberno segue sendo a mesma, considérase que iso debería de ser obxecto dunha mutación demanial, pero o problema que hai é que a Secretaría xeral do

Patrimonio non o considera, polo que diante desa situación considérase que non hai moita marxe de actuación.

Sinala o sr. alcalde que á pregunta que no seu momento fixera a sra. Lemus de se existen intereses sobre ese pago aprazado a dez anos, a resposta é que si que existen, e son do 3%, igual que existiu na proposta que fixeran logo das poxas. Iso supón uns 6.000 € neses anos, é dicir que o prezo total en vez de 63.451,96 € serían 69.590,28 € ao cabo de dez anos, pero para a administración local é moito máis fácil e levadeira a compra en prazos. Salienta que unha cuestión que si é certa e que dentro deste proceso de compra xa se lle trasladara á Consellería que no ano 2015 e posteriores, despois de que se fixeran as tres poxas, ofreceuse ao Concello nun prezo de compra de 55.987,40 €. Tendo en conta esta situación e repasando toda a documentación existente enviouse unha comunicación ao Secretario Xeral. O sr. alcalde da lectura a dita comunicación, a través da cal se lle consulta esa dúbida referente ao prezo, e se lle pregunta cal era a razón de que non se puidera manter o prezo do 2015 cando obxectivamente as condicións do inmoble empeoraron significativamente nestes anos.

Sinala o sr. alcalde que se está á espera da resposta pero que en calquera caso para o goberno a valoración da situación non varía, que se darán as voltas que sexa necesario e plantexaranse dende o punto de vista administrativo as dúbidas que xurdan en canto ao modo de tramitación e demais, pero o que si é certo é que consideran necesaria a compra dese local. Pensa que o Concello ten que facerse cun sitio próximo no cal poder incrementar as súas oficinas e a base administrativa, e ese é un local que ademais no Plan xeral está destinado a ese fin, polo cal parece moi necesario. Indica que se intentará sacar polo menor prezo posible pero como é unha cuestión que afecta economicamente a dez anos vista, aínda que non era estritamente necesario, si que parece oportuno que as distintas forzas da Corporación expresen a súa opinión e se manifesten neste Pleno.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que dende o seu grupo non se van opoñer a que se realice a compra pero si que queren comentar que consideran que a relación entre dúas Administracións non debe de ser esa. Sinala que se trata dun edificio que está ruinoso, que haberá que mercar e investir uns cartos para restauralo, e a Xunta noutros casos actúa dunha forma ben

distinta, como por exemplo no caso do Centro de Saúde. O Concello ten que proporcionar o terreo, a Xunta esixe unhas prestacións, pero logo non colabora noutros temas. Entende a sra. Castelao que a Xunta debería de actuar, en consecuencia, dunha forma similar, en relación coas Administracións máis pequenas nas que os orzamentos son moito máis reducidos, xa que o Concello non ten os recursos que ten a Xunta, polo que non é equitativo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que este tema xa non é novo e xa se discutiu moito. Salienta que segue sen parecerlle normal, e chámalle a atención o último punto do escrito da Xunta onde se fala de que transcorreu un prazo prudencial, e se refire á posibilidade de expropialo, engadindo que lle parece que é un pouco ameazante. Sinala que non estivo directamente nesas reunións pero llas comentaron e polo que parece nunca foron agradables nin boas, aínda que en xeral con Patrimonio da Xunta é complicado falar. Considera a sra. Lemus que, chegados a este punto, parécelle que poñer un importe que non é nin o da poxa nin o que se estableceu no 2015 como proposta inicial é un pouco absurdo. Entende que fixeron unha taxación adaptada aos novos tempos, co cal máis cartos para o erario público autonómico, e menos para o municipal. Por outro lado no seu día chegouse a entrar no local e xa daquela case se podería pedir a declaración de ruína. Pensa que a Xunta non actúa ben coas cámaras agrarias e coa normativa que, é autonómica, non estatal, poderían actuar, pois non hai moita dificultade en cambiala. Salienta a sra. Lemus que así, por exemplo, a lei do Solo se cambia nos orzamentos cada ano como vinte veces, e se se queren cambiar as leis pódese, pero hai que querer. Parécelle que acaba sendo unha forma de financiamento un pouco absurda, cunha cámara agraria arruinada e que está vinculada a unhas leis nas que se marca o uso agrario imprescindible. Quere deixar constancia a sra. Lemus de que hai algún concello que na cesión esta que se fixo a finais dos anos 90 aceptouna e está dedicando o local a usos que non teñen nada que ver nin coa cámara agraria nin con usos agrarios nin con agroforestal nin nada parecido, o cal lle chama a atención, tratándose ademais dun concello no que goberna o PP.

Insiste a sra. Lemus en que hai mecanismos, de afectación e desafectación dun ben demanial, que son coñecidos, que poderían facer, pero que o están usando como unha

forma de financiamento, e que lle parece moi ben, pero que tal como dixo a compañeira do BNG, parece curioso que ao Concello lle obriguen a facer cesións e compras de parcelas para os seus bens e doutra banda o mesmo Concello se vexa impelido por esta carta que moi agradable non é.

Salienta a sra. Lemus que lle resulta un pouco “sangrante” este tema, primeiro porque se podía facer cun mecanismo normal de mutación demanial, cambiar a administración, desafectar, afectar, xa que hai moitos exemplos de todo iso, como por exemplo os CRA. Indica que cando os CRA deixaron de ser colexios acabaron por ser locais sociais e non houbo ningún problema, e ninguén entendería que de repente a Consellería de educación, unha vez desafecta un CRA, tentara vendelo ao Concello. Pois exactamente é o que está a acontecer coas cámaras agrarias, e enriba cun local que está abandonado e sen uso dende hai moitos anos, o que lle parece un pouco fóra de lugar. Sinala a sra. Lemus que ela non se sente socialmente responsable do estado de abandono e ruína do local, xa que cada Administración ten que ser consciente das propiedades que ten e a Xunta está xogando á recadación, pura e dura, pero non só co Concello de Teo senón con moitos outros, xa que incluso coñece concellos que están pagando barbaridades por cámaras agrarias abandonadas dende hai trinta ou corenta anos.

Pensa a sra. Lemus que a FEGAMP debería de tomar cartas no asunto e falar coa Xunta para tentar cambiar ese punto de afectación, que ese é o que vincula á Xunta á imposibilidade de mutación e de cesións sen necesidade da venta. Anuncia a sra. Lemus a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e di que o Concello non debe de perder a oportunidade de mercar ese local. Sinala que se se pode sacar gratis ou medio gratis mellor, engadindo que hai que relear o que se poida e facerse co local e co terreo.

A sra Calvo tamén intervén dicindo, en contestación ás compañeiras, que o propio alcalde acaba de dicir que no ano 1998 se puido facer con ela. Considera que o incremento do diñeiro ou do que fosen cobrar pola parcela é un baremo oficial para todo o mundo, non é que lle teñan manía ao Concello de Teo. Sinala que claro que as leis se poden cambiar, como de feito se ve nos xornais todos os días co Goberno

central, efectivamente se pode facer, engadindo que a lei de Patrimonio está aprobada por unanimidade nesta CCAA por todos os grupos parlamentarios. Remata a sra. Calvo que lle parece ben a compra para ingresar o patrimonio e para evitar problemas futuros.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por trece votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 2 BNG), e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo de proceder á compra inmoble da antiga Cámara Agraria Local nas condicións fixadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de acordo coa normativa vixente.

10.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

As concelleiras do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

A sra. Castelao expón que hai dous temas que xa dixeron varias veces e que o primeiro que quere sinalar é que xa lles aburre, polo que pide que por favor que sexa a última vez que o teñan que dicir.

1.- Sinala a sra. Castelao que no anterior Pleno falaba do das humidades do arquivo. Di que foi convidada a ir falar co arquitecto municipal e foi ao día seguinte, e que este lle

explicou que si, que son humidades e que falaría co alcalde, pois habería que facer unha intervención. Pide a sra. Castelao que se fale con el.

2.- Di a sra. Castelao que seguramente como ao BNG tamén lle chegou a algún outro grupo municipal, en referencia ás queixas do de Luou, que escorre a auga e entra no bar, que xa se sabe que é unha zona privada, pero pensa que se non se pode facer nada ou non se vai facer nada que polo menos se vaia a falar coa xente.

O sr. alcalde explica que en Luou vaise facer un proxecto de rehabilitación da Carballeira pero dende logo a intención ou o proxecto non se fai por ese tema, por unha cousa moi sinxela, porque se a calquera persoa lle entra auga na casa, na leira ou en calquera propiedade, o que fai e abrir un rego polo súa propiedade para evacuar a auga e alí estase falando dun espazo privado que ten a posibilidade de facer unha saída. Di que non é certo en absoluto que iso se producise desde que se recreceu a carreteira en gran medida, que a carreteira sempre estivo máis alta que a entrada do bar, e nunca a auga puido escapar para outro lado pois sempre foi para alí. Di que ten 59 anos e que foi 9 anos á escola alí e sabe como estaba aquilo, e que sempre estivo exactamente igual que agora, coa única diferenza de que a carreteira está máis alta pero a auga sempre foi para alí. Lembra o sr. alcalde que esa cantina estivo levándoa moitos anos a súa tía Encarnación, que sempre tivo ese problema e sempre foi consciente de que non era algo provocado polo Concello e que polo tanto tivera que amañalo este.

Sinala o sr. alcalde que os propietarios nunca lle dixeron nada, e que o bar está alugado e nunca reclamaron nada porque son conscientes desa situación.

Explica que un dos poucos propietarios cos que se falou antes de avanzar no anteproxecto foi o propietario do bar, polas consideracións que leva do permiso que teñen que dar para facer a actuación que se pretende.

Reitera o sr. alcalde que é unha actuación que se fai porque é necesario facela pero non necesariamente polas inundacións que se producen nese bar. Pensa que hai que facelo pero non porque sexa unha propiedade municipal sobre a que hai que actuar, nin porque o Concello fixese algo que prexudicase ao bar.

Explica que é certa unha das cousas das que se queixa, que é que no ano 2005, máis ou menos, meteuse o alcantarillado e a superficie non quedou ben restaurada, aínda que tampouco é esa a causa de que aquilo se encharque .

Reparo 03/2021.- Resolución da Alcaldía de data 27/04/2021. Sobre ausencia de expediente de contratacion ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:249.764,80€

Reparo 04/2021.-Resolución da Alcaldía de data 16/06/2021. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:217.878,76€

Reparo 05/2021.- Resolución da Alcaldía de data 27/07/2021. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:139.632,38€

Reparo 06/2021.- Resolución da Alcaldía de data 16/09/2021 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:231.681,07€

Reparo 07/2021.- Resolución da Alcaldía de data 22/10/2021-sobre ausencia de expediente de contratacion servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:41.740,72€

Reparo 08/2021.- Reslución da Alcaldía de data 03/11/2021.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:134.375,28€

Reparo 09/2021.-Resolución da Alcaldía de data 24/11/2021. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:107.303,45€

Reparo 10/2021.- Resolucion de Alcaldia de data 14/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo. IMPORTE REPARADO: 5.693,58€

Reparo 11/2021.Resolucion da Alcaldía de data 27/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:213.659,03€.

Reparo 12/2021.Resolucion da Alcaldía de data30/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:532.821,29€.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseandose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisiprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTRAS CUESTIONS:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

-informes desfavorables das gratificacions por festividade, nocturnidad, distorsion horaria e horas extraodinarias de policia e protecccion civil.

-Convocatoria de subvencions deportes.-fiscalizada desfavorablemente a fase de recoñecemento da obriga por xustificacions incorrectas.

-Subvencions directas.-fiscalizadas desfavorablemente por non estar debidamente xustificada a sua concesion.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

Non constan.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 2 de xuño de 2022.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Teo, 3 de xuño de 2022.
O alcalde
Rafael Sisto Edreira"

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Sendo as vinte horas e dous minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Mónica I. Lado Varela.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAR A PRAZA DO PARQUE DOS TILOS COMO PRAZA DO MERCADO LABREGO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.ª María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposta de 16 de xuño de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 22 de xuño de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nomear a praza do parque dos Tilos como *Praza do Mercado Labrego.*

Considerando que, no ano 2012, froito dun acordo co grupo promotor do Sindicato Labrego e outras persoas agricultoras de Teo, formalízase un mercado de venda de produtos labregos de tempada e de proximidade no contorno dos Tilos.

Considerando que, dende entón realízase cada sábado pola mañá con arredor dunha decena de postos de venda e de xeito continuo, só interrompido temporalmente polas restricións derivadas da pandemia da COVID 19 durante uns meses do 2019.

Considerando que, no ano 2016 ao abeiro dun convenio asinado no Plan Hurbe, dotouse este espazo público de equipamentos que serviron para poñer en servizo as redes de subministración eléctrica, alumeado público e abastecemento da praza, completando os traballos de urbanización e construción dunha cuberta circular executada con cargo ao Plan de Acción social da Deputación da Coruña.

Considerando que ao longo deste tempo a colaboración entre o Concello e os promotores púxose de manifesto de xeito continuo e explícito coa organización de eventos simultáneos ao mercado, mantemento da praza, colaboración na difusión de actividades, etc.

Considerando que os mercados de proximidade dan garantías de calidade dos produtos, xeran sinerxías positivas entre as persoas usuarias e produtoras, contribúen ao mantemento dos sistemas agrícolas tradicionais (sobradamente demostrados como os máis sustentables) e por tanto, son un motivo de orgullo colectivo

En recoñecemento ás persoas labregas e usuarias, que cada semana enchen de vida o espazo de venda directa na praza circular dos Tilos, contribuíndo así a un mundo rural vivo na comarca e a un modelo de mercado máis xusto e consciente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Nomear a praza dos Tilos, onde ten lugar semanalmente o mercado de produtos labregos, como "Praza do Mercado Labrego" "

A sra. López aclara que, como di no texto, foi o décimo aniversario, que xa se celebrou cunha pequena festa ali nos Tilos, porén agardouse ao Pleno de hoxe para facer esta proposta para nomear esta praza que, aínda que non tiña ningún nome oficial adxudicado, de facto vense chamando praza do mercado labrego ou praza circular.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia que o seu grupo vaise a abster, non por nada en concreto, senón por coherencia, porque no momento que viu esta infraestrutura, o grupo municipal do PP propuxo destinar todos eses cartos a outras infraestruturas. Sinala que o nome non está mal pensado, de feito chámase así coloquialmente, o mercado está moi ben e non teñan nada en contra diso, porén tamén saben que hai un montón de problemáticas, que ela mesmo elevou ao Pleno, con respecto por exemplo aos botellóns, de aí a abstención do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e once abstencións (7 PP e 4 PSdeG-PSOE), acorda nomear a praza dos Tilos, onde ten lugar semanalmente o mercado de produtos labregos, como "Praza do Mercado Labrego".

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS.

O sr. alcalde explica que o outro día na Comisión Informativa espuxéronse polas persoas afectadas, concretamente a través da responsable da Secretaría, unha serie de consideracións sobre o que implicaba a creación da Comisión que se propuña no Plan Antifraude. Lembra o sr. alcalde que se explicou que se trataba dunha Comisión que viña incorporada no modelo que distribuíu o Ministerio e que todos os concellos o viñeron facendo.

Explica que, aínda así, á vista da preocupación mostrada e con afán de non levar adiante algo que sexa irreversible, a petición das persoas afectadas vaise a retirar o punto da orde de día co compromiso de sometelo ao Pleno do vindeiro mes. Tratarase, neste intervalo de tempo, de ver se se pode buscar unha composición alternativa a esa Comisión, e verificar co Ministerio se esas posibles alternativas puideran ter ou non validez, dentro do marco que fixa o Ministerio, todo co fin de buscar, dentro do marco que fixa o Ministerio, unha solución que puidera ser de maior consenso coas persoas traballadoras.

Preguntado polo sr. alcalde se algún grupo quere facer algunha consideración, non se produce ningunha intervención ao efecto.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REIVINDICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Josefa Argibay Dasilva.

Explica a sra. Argibay que o seu grupo presenta esta moción como reivindicación de melloras urxentes no servizo de transporte escolar en Teo, co fin de que estas irregularidades no sexan reiterada no próximo curso.

A sra. Argibay da conta da moción do seu grupo de 13 de xuño de 2022 (Rex. 999, nº entrada 1449, de 13/06/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 22 de xuño de 2022.

"MOCION SOBRE REIVINDICACIÓN DE MELLORAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN PARA REIVINDICACIÓN DE MELLORAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecidas polo Grupo Municipal Socialista nas últimas semanas graves incidencias no transporte escolar de Teo, entre as que destacan:

- IES DE CACHEIRAS

Tanto a ANPA como os pais e nais remítennos queixas de reiterados incumprimentos nas rutas do transporte do IES de Cacheiras.

O máis grave é o atraso diario na ruta de Lampai, na cal, aos e ás mozas que saen de clase ás 14:10, o bus non os recolle para levalos ás súas casas ata as 15 horas. Incluso nalgúns casos por non poder chegar o correspondente bus escolar, nin con retraso, chegouse a enviar UBER para repartir a estes rapaces/rapazas polas súas paradas.

- CEIP de Calo

Tanto a ANPA como os pais/nais indican que dúas rutas (1 e 3), os luns adoitan chegar máis de 20 minutos tarde, e incluso non ter chegado a recoller aos nenos/nenas, o cal motiva que se sexan os pais/nais os que os teñen que recoller no CEIP.

Nalgúns casos, teñen deixado aos rapaces no CEIP, e noutros, indícannos que os repartiron en paradas distintas ás que lles correspondían (por exemplo, na N-550!).

Estes atrasos na recollida dos nenos e nenas tamén se produce pola mañá, o que provoca que incluso cheguen tarde, complicando as conciliacións laborais dos/das proxenitoras que debido a estes atrasos reiterados na recollida dos seus fillos/fillas chegan tarde aos seus postos de traballo.

Os incumprimentos son graves, en moitos casos debidos aos cambios constantes de condutores, con improvisacións varias e desorganización da empresa concesionaria.

- CEIP da Ramallosa

Neste caso, desde a propia dirección do CEIP indicannos que a empresa MONBUS ten asignados 3 contratos pero só manda 2 buses, e que dito incumprimento foi notificado xa á Consellería de Educaciń da Xunta de Galicia en xullo de 2021.

A maior parte das incidencias son referidas ao concesionario MONBUS, que monopolizou, en grande medida, os novos contratos do transporte escolar licitados desde a Xunta de Galicia, e que se puxeron en marcha en xaneiro deste ano (que lembremos supoñen máis do 40% do licitado, 37,5 millóns de euros para esa empresa).

A Xunta de Galicia como administración responsable destes contratos, debe revisar e solucionar as queixas, sancionar os incumprimentos, en suma: facer cumprir as condicións contratuais das concesions correspondentes.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Solicitar áao Goberno da Xunta de Galicia que exerza, de forma rotunda, as súas funcións como administración responsable do servizo público de transporte escolar de Galicia e que vixie, controle e sancione os incumprimentos das súas

condicións contratuais que tanto están a afectar á comunidade educativa de Teo, cunha mellora urxente das condicións de dito transporte escolar.

Segunda.- Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa teense, para a mellora do servizo do transporte escolar.

Terceiro.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, así como aos grupos existentes no Parlamento de Galicia".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que todos saben e puideron comprobar o mal funcionamento do transporte en toda a Comarca e en todo o país, aínda que o que máis lles importa é o dos nenos e nenas do Concello de Teo. Sinala que o BNG fai uns días denunciou isto no Parlamento de Galicia, a través da formulación de determinadas preguntas, como por exemplo, cales son as medidas que se teñen posto en marcha ante o mal funcionamento do servizo, e se se ten previsto algunha medida para o novo curso para evitar que se repita a situación. Anuncia a sra. Castelao o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que lles parece unha proposta razoable e anuncia o apoio do seu grupo. Salienta que o apoio do seu grupo non é de agora, senón que levan apoiando isto dende principios de ano, dende que entraron en vigor os novos contratos de transporte, nomeadamente no instituto e nos colexios. Explica que particularmente no instituto de Cacheiras, no Consello de escolar, cando chegou ao principio da lexislatura, había enriba da mesa dous problemas fundamentais, que se levaban alargando dende fai moito tempo, o primeiro era o tema das clases pola tarde e, relacionado con iso, o tema do transporte. Incluso había quen dicía que se trataba de dous problemas moi manidos e que non había forma de solucionalos. Explica que, aínda que non foi fácil, pouco a pouco conseguiuse que se librara tamén os martes pola tarde, de forma que o instituto pasara a ter xornada única, e isto solventaba unha parte do problema do transporte. Por outra parte había que aproveitar para facer os reaxustes que eran necesarios no servizo de transporte para solventar os problemas

que había dende hai moitos anos. Sinala o sr. Sánchez que, por sorte, coas novas contratacións, reaxustaronse os contratos, fixéronse uns contratos á medida das necesidades, existindo acordo entre todas as partes, porén o que acontece agora é que Monbus non cumpre, e o que hai que facer é que cumpra.

Explica o sr. Sánchez que os famosos desdobres están enriba da mesa, quitáronse, porén na realidade ten pasado de todo, mesmo a principios de ano, cando se fixo a reinvindación no instituto, nin sequera ese mesmo día Monbus cumpriu cos horarios marcados. Reitera que é un problema que hai que solventar e hai que obrigar a que a empresa de transporte cumpra co establecido.

Salienta o sr. Sánchez que todo isto non ten nada que ver con que el entrara no Consello escolar, xa que el puxo humildemente o seu granito de area, senón que foi grazas a proactividade da AMPA, nomeadamente á representante da AMPA no Consello escolar, e á propia dirección do centro educativo que estivo moi áxil tanto na xestión dunha cousa como de outra.

A sra. Álvarez sinala que todo o que se dixo é certo e polo tanto apoiarán a moción, porén quere dicir que como concelleira, no so de educación, senón tamén de mobilidade, percibe un certo desleixo por parte da Xunta, e así pasa exactamente igual coas reclamacións que se fan, quincenalmente, en relación co transporte en xeral.

Parece que non hai unha institución responsable especialmente preocupada. Explica que, especificamente tratándose do transporte do instituto, a inicios de febreiro remitiuse por parte da Alcaldía un correo electrónico solicitando unha xuntanza co Xefe territorial de Educación, tendo en conta os problemas que xurdían no transporte escolar, petición que foi reiterada posteriormente. Hoxe pola mañá recibiuse a contestación na que se di que entenden que a problemática transcende das competencias da Xefatura territorial e que a solicitude de reunión deberá facerse á Vicesecretaría Xeral. Explica a sra. López que están instados, e así o van a facer, a reunirse directamente co Conselleiro e trasladarlle estas queixas que afectan ao instituto, ao CEIP da Ramallosa e sobre todo tamén ao CEIP de Calo. Sinala a sra.

Álvarez que esta foi a secuencia dos feitos, engadindo que se trasladará tamén o acordo da moción, agardando ter máis interlocución.

A sra. Argibay agradece o apoio de todos os grupos porque se trata dun tema que considera de vital importancia para os nenos de Teo.

Aberta a segunda queda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

O sr. Sánchez di que xa que están de reinvindicacións el tamén reinvindica á sra. Álvarez xa que, á vista das peticións da AMPA do instituto de Cacheiras, sería bo, coa máxima urxencia, ter unha pequena reunión calquera día da semana que ven para ver se todas esa demandas poden subsanarse de cara ao curso que ven.

A sra. Álvarez explica que efectivamente hai unha reclamación por parte da AMPA que ten que ver coa seguridade vial, que é evidente que non existe neste momento. Explica que, con respecto a esta reclamación de seguridade vial, trabállase en tres actuacións que se concretan en:
1.- Poñer algún tipo de separación física no paso de peóns tan longo que hai.
2.- Ampliar a zona de aparcadoiro, que está costando moito, porque a compra é imposible e o aluguer non está sendo fácil, ao non chegarse acordo cos propietarios, aínda que existe un “plan b” para conseguir ampliar a zoa de aparcadoiro.
3.- Ampliar esa estrada que une Constenla a Casaldomiro, que piden o entubado, e que poida facerse una senda peonil separada dalgunha forma do tráfico. Aínda que é certo que ese camiño, despois, non ten moita saída, porque cara á esquerda, estreitase, pero non ten forma de ampliarse, porque existe un muro dunha vivenda particular.

Reitera a sra. Álvarez que estas eran as reclamacións e que por suposto non ten ningún problema en reunirse con eles e co sr. Sánchez.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que exerza, de forma rotunda, as súas funcións como administración responsable do servizo público de transporte escolar de Galicia e que vixie, controle e sancione os incumprimentos das súas condicións contratuais que tanto están a afectar á comunidade educativa de Teo, cunha mellora urxente das condicións de dito transporte escolar.

Segunda.- Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa teense, para a mellora do servizo do transporte escolar.

Terceiro.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, así como aos grupos existentes no Parlamento de Galicia.

8.- MOCIÓNS.

O sr. alcalde sinala que hai unha moción do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar no Concello de Teo e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial. O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.ª Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao expón que xa expuxeran o tema como rogo e agora o plantexan como moción.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar neste Concello e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial a defensa das reclamacións veciñais respecto da adopción urxente de medidas de seguridade cidadá no Concello de Teo.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo, de 22 de xuño de 2022 (rex. entrada nº 3525, de 23/06/2022), que se recolle a continuación.

"Moción do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar neste Concello e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial

Exposición de motivos:

O Servizo de Atención no Fogar (SAF), cumpre un papel esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, privatizado a través de empresas concesionarias, permite proporcionar no propio domicilio unha serie de atencións a aquelas persoas ou familias que o precisen por non serlles posible realizar as súas actividades habituais.

As traballadoras do SAF desenvolven un amplo abano de tarefas que van dende o apoio á socialización, o acompañamento a visitas terapéuticas, o apoio á hixiene persoal, o lavado e pasar ferro á roupa, a limpeza no fogar ou facer o xantar…

Este servizo esencial á comunidade é un dos traballos máis precarizados e feminizados que existen, e no que as profesionais do mesmo levan denunciando, dende hai anos, abusos das empresas concesionarias. É a propia administración a que ten a obriga de esixir ás empresas que licitan coa mesma o cumprimento dos dereitos das traballadoras, máis aínda cando estas, as empresas, receben fondos públicos.

Neste contexto, as traballadoras do SAF levan máis de 10 anos reclamando un Convenio digno que contén unha cláusula de revisión salarial do IPC real. Ano tras ano, as traballadoras foron incrementando os seus salarios con esta referencia, a de non perder poder adquisitivo, ate este ano 2022 no que as empresas estanse a negar a pagar o 6´5% do IPC real do pasado ano 2021.

As empresas non só incumpren o Convenio Colectivo de ámbito galego, senón que tamén incumpren os pregos das condición da concesión, onde se explica a obriga das empresas de cumprir en materia laboral.

É imprescindíbel que o goberno local supervise este contrato e que demande das empresas concesionarias o cumprimento da legalidade laboral vixente, garantindo os dereitos das traballadoras.

Do mesmo xeito, é necesario que a Xunta de Galiza, como responsable dos Servizos de Atención no Fogar se implique para garantir que se cumpran as condicións laborais das traballadoras**.**

Por isto, o grupo municipal do BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal de Teo adopte as seguintes

Resolucións:

- O pleno do Concello de Teo recoñece o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar.

- **O pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galiza,**

aboando o 6´5% pactado no mesmo e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras.

- **O pleno do Concello de Teo insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención no Fogar neste Concello a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindíbel para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo.**

Teo, 22 de xuño de 2022.
Asdo. Carmen Diéguez González "

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que o tema xurdiu xa fai uns meses, e o seu grupo tivo tamén unha reunión cos representantes sindicais das traballadoras e con parte das traballadoras, que comentaban temas tan fundamentais como o cobro da quilometraxe, que dada a suba actual do prezo do combustible é de difícil encaixe coas condicións económicas actuais, así coma outros problemas como as horas mortas, bolsas de horas, problemas de flexibilización e incluso que se lles avisaba o día anterior para traballar, incumprindo a reforma laboral.

Anuncia a sra. Lemus o apoio do seu grupo á moción, engadindo que queren mandar un saúdo ás traballadoras e aos seus representantes sindicais que están aquí fora no Concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que tamén o seu grupo reuniuse coas traballadoras e por suposto van a apoiar as demandas deste colectivo.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen anuncia o apoio do seu grupo. Explica que nos meses de marzo e abril instouse á empresa a cumprir co contido no convenio colectivo e tiveron unha contestación que, se ben non convence, deixa ao Concello á espera dunha sentenza do Xulgado do Social para poder determinar se hai un incumprimento ou non.

Aclara o sr. Igrexas que quen supervisa o convenio é o goberno pero o responsable do contrato é un técnico, polo tanto quen ten que apreciar o incumprimento ten que ser un técnico. Explica que fai mes e medio a técnica de contratación, a técnica responsable do contrato e el tiveron unha reunión coas traballadoras e co representante da central sindical e a cuestión que había era unha cuestión técnica.

Sendo as vinte horas e trinta minutos, ao activarse a alarma de incendios, fíxose un receso na sesión, que se reanudou pasados cinco minutos.

O sr. Igrexas explica que a única forma de que o Pleno e o Concello de Teo interveña no salario das traballadoras é coa municipalización do servizo, se non é así o Concello non é parte implicada na relación laboral das traballadoras e da empresa. No caso de que se demostre que hai un incumprimento das condicións e se impoña unha penalidade, dita penalidade non pode ir para ás traballadoras. Se as traballadores non gañan no Xulgado o seu dereito a que lles pague a empresa, non hai outra forma de que se cumpran as condicións do contrato. Sinala que as veces se pensa que coa penalización o Concello podería pagar eses salarios mal calculados, e non é así. A única posibilidade sería que o Xulgado incaute parte da fianza para aboar os salarios deixados de percibir, e para iso tería que existir unha sentenza.

Intervén a sra. Castelao, quen sinala que cando sonou o pitido o sr. Igrexas estaba comentando o da responsabilidade da técnica, e como dicía agora o sr. Igrexas se hai que demostrar esa legalidade, non será a técnica, senón que será o Concello. Remata sinalando que a moción é bastante clara e abarca varios puntos e sempre hai que facer o que se poida.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

- **O pleno do Concello de Teo recoñece o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar.**
- **O pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galiza, aboando o 6´5% pactado no mesmo e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras.**
- **O pleno do Concello de Teo insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención no Fogar neste Concello a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindíbel para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo.**

Preguntado polo sr. alcalde, non se presentan máis mocións polos grupos municipais.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

As concelleiras do BNG, formulan os seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Castelao di que, tratándose dos coches abandonados, os veciños preguntan cal é o sistema a seguir. Explica que chamaron por tres coches que están na zona de Montouto, onde está o tanatorio, nesa rúa, atrás de todo, onde hai varios coches abandonados e un camión e, a maiores, a estrada esa, cuxa titularidade non sabe de quen é , está chea de fochancas e está bastante mal.

O sr. alcalde sinala que se trata dun proceso complicado para podelos retirar como residuos, resultando que neste momento o punto do embudo está na falta dun espazo municipal para a acumulación, cuestión que espera que quede resolta antes do verán.

2.- Sinala a sra. Castelao que onde está o bar Che, a pista de deportes que hai enfronte, está chea de gravilla gorda e estaría ben que se fora a mirar.

3.- A sra. Castelao sinala que na Travesía da Ramallosa, fronte á casa número 37, retiraron como unha especie de alambrada e se se pasa por aí xa se ve que é moi perigoso, porque ao retirar a alambrada quedou como unha especie de caída libre.

4.- A sra. Castelao sinala que ao final, despois de dicilo varias vedes, quedaron aí os tirantes de Bamonde.

O sr. alcalde di que haberá que esperar a que acabe a obra, xa que aínda non está recepcionada.

5.- A sra. Castelao di que no peonil que vai de Cacheiras á Ramallosa había unha senda peonil que agora está chea de maleza. Dende a rotonda dos Verxeis ata o colexio da Ramallosa.

O sr. Igrexas di que non é do Concello e que se lle reclamou fai seis meses.

A sra. Castelao sinala que haberá que facelo outra vez mais.

6.- A sra. Diéguez di que baixando da pista que bordea a autovía, cara a Vedra, había unhas fochancas, que foron finalmente localizadas e cubertas, porén agora fixéronse outras.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, formula os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus di que lle preguntan se no parque de Penelas se se vai a colocar a rede.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, e di que parece ser que segundo lle dixo o sr. Igrexas os veciños decidiron colocar unha tirolina polo que entende que desaparecerán as porterías.

O sr. Igrexas di que as porterías se retiraron.

A sra. Lemus pide que se pense o tema.

2.- A sra. Lemus refírese ao contrato do lixo e dille ao sr. alcalde que se lles ia achegar o modelo o 8 de xuño.

O sr. alcalde di que que para non interferir co Pleno, esta semana non se mandou, pero antes da fin de semana será remitido.

3.- A sra. Lemus di que se está arranxando a pista que vai dende a estrada de Casalonga á estrada da Pedreira e estaban estes días limpando as cuneta e pregunta se será riego asfáltico ou aglomerado.

O sr. Igrexas di que é aglomerado.

A sra. Lemus di que tendo en conta a nova sinalización que fixo Fomento na nacional, agora case se utiliza moito como tránsito común, e lle piden os veciños a posibilidade de ampliar ou entubar nalgún sitio para que polo menos se poidan facer os cruces.

O sr. Igrexas di que non se vai a entubar, se vai a dar prioridade aos peóns co mesmo sistema que no campo de fútbol de Penelas, cunha limitación a trinta.

A sra. Lemus di que non estaría moi de acordo con este tipo de pintados, sobre todo porque non sinalizas de ningunha das formas, e resulta moito máis fácil un trazado mixto, como se fixo nos camiños escolares seguros en Calo, e saber que entras en zona mixta que non marcar zonas como en Pontevea, onde as veces que foi estaba sempre cheo de coches aparcados, polo tanto o peón ten que ir por outro lado porque o condutor asume que non hai ningunha norma que lle prohiba aparcar nesa senda e demais se segue sen cumprir a accesibilidade por moito que se pinte.

O sr. Igrexas di que fora do concerto que organizou unha empresa de eventos alí, as veces que foi e o que lle comentan dende o Praiña é que se respecta medianamente. Explica que foi falado cos veciños, que sabían o que había, e no caso de Río Tinto nesa pista hai que baixar a velocidade como sexa e darlle prioridade aos peóns. Explica que os técnicos de urbanismo lle indican que é unha fórmula viable e oportuna

para construír sendas ao mesmo nivel, e non a distintos niveis, e seguiuse o criterio dos técnicos.

4.- A sra. Lemus di que nas Resolucións da Alcaldía que se lle remiten aparece unha por medio da cal se solicitou unha subvención para un parque multixogo no CEIP da Ramallosa, dentro do recinto escolar.

O sr. alcalde di que existe unha convocatoria específica da Consellería de educación para a instalación de pistas multideportes nos centros escolares. A partir de aí a condición imprescindible é que poida ser de uso compartido, de uso escolar pola maña e que poidan acceder os veciños en horas non lectivas.

A sra. Álvarez di que polo tanto se tivo que chegar a un acordo cos directores de centros de espazos e de usos, porque ao final é un equipamento municipal que está no seu patio e se tivo que chegar a acordos de uso fora de horario lectivo. Acordouse facer na Ramallosa, entendendo que non vai a haber problemas de uso, porén o acordo se asina unha vez que se conceda a subvención, e de momento so está solicitada. Explica que, de ser o caso, estaría pegada ao polideportivo e en principio non vai pechada, estaría aberta ao resto do patio, pero se houbera problemas tamén se falou da posibilidade de poñer un valado, por iso se pegou ao pavillón, aínda que de momento está todo no aire.

O sr. alcalde explica que era unha convocatoria específica para iso e o mellor de todo é que a Consellería pide que se certifique a titularidade e a dispoñibilidade.

5.- A sra. Lemus interésase por unha Resolución da Alcaldía referida ao inicio de resolución do contrato de aparcabicis. Pregunta a sra. Lemus a que se refire.
O sr. alcalde di que refírese á resolución do contrato.

A sra. Lemus pregunta cales son as razóns.

O sr. alcalde di que ese contrato de aparcabicis era o que levaba o aparcadoiro de Pontevea, e a alteración da localización do aparcadoiro se consideraba dende os servizos técnicos e xurídicos, fundamentalmente dende estes últimos, que era unha modificación total do contrato. Aínda que sospeitaban que dende o IDAE sería aceptable o cambio na localización do aparcadoiro, dende os servizos xurídicos se considerou que era unha modificación total do proxecto e que non se podía facer sen esa modificación.

A sra. Lemus pregunta sobre a posibilidade de executar o resto do contrato sen executar esta parte.

O sr. alcalde sinala que en si xa eran tres apartados distintos, no mesmo proxecto, os outros dous se executan, e considerouse que esa era un gasto perfectamente asumible dende o propio Concello, polo que se van a poñer.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Sánchez sinala que o tema da municipalización do lixo xa está resolto, por xa ter falado diso. Con respecto á pista de Quintás, pola que tamén ía preguntar xa está resolto tamén, así que o seguinte tema que ten era saber da pista que está xusto diante da escola de Tras do Eixo, que hai uns meses o sr. Guerra solicitara que se tapara un bache que había alí, bastante fondo, e agora xa todo o que rodea o bache é un bache en si, polo cal convida ao goberno a que o arranxe.

2.- O sr. Guerra sinala que se alegra moito de que por parte do PSOE se preocupen de anchear as pistas, que é algo que eles sempre defenderon, e precisamente o tempo que o PSOE estivo no goberno o que fixo foi estreitalas, e quere deixalo ben claro.

Dito isto diríxese ó sr alcalde para dicirlle que lle informan uns veciños que na pista que vai do campo da Festa de Lucí, o número 28, hai dúas casas que queren que se lles repare a pista e tamén poñer dúas farolas. Pensa o sr. Guerra que xa se lle dixo.

3.- O sr. Guerra pregunta polo camiño que vai dende onde están as chaves de paso, na estrada que vai para Luou e que sae a Caxade, din os veciños que a ver se se pode recoller, porque seica hai pinos no propio camiño. Aclara que se trata dun camiño de monte, un camiño antigo.

4.- Sinala o sr. Guerra que uns veciños lle falan dun bache, e precisamente un deles escachou unha roda alí, onda a marquesina que se puxo en Ribas, no número 58, que se lle fixo unha soleira para diante, para a estrada, e esa soleira confunde e estanse metendo os coches nela. Di que ao parecer xa non quedou moi ben ubicada, pois quedou enriba da acera, e logo para adiante metéuselle un voladizo ata a raia branca do arcén e aí métense os coches.

O sr. alcalde di que esa obra tampouco está recepcionada así que se pode mirar.

O sr. Guerra di que habería que quitarlle parte desa soleira.

5.- O sr. Guerra refírese ao camiño francés, que está moi estropeado. Sinala que tamén lle chamou a Vedra para saber se teñen unha parte, que todavía está máis estropeada que a de Teo e quedaron de ir mirar.

Sinala o sr. Guerra que é un camiño que hai que tender a anchear pois ten moitísimo tránsito, pero tamén entende que os recursos son os que son.

6.- O sr. Guerra pregunta pola zona de Cabovila, detrás de Madeiras Amazonas, e di que lle chamaron os veciños demandando que se repare o asfaltado, engadindo que as luminarias aínda non se cambiaron. Pregunta o sr. Guerra cando se van cambiar as luminarias non só dende o número 60 para atrás senón toda a zona, xa que están todas sen cambiar.

O sr. alcalde di que o que pasa é que pretenden cambiar todas as que quedaron nun único proxecto, con financiamento, serían todas as que daquela non se puideron cambiar porque levaban postas menos de 5 anos, entón a ver agora se se deixa lista e encamiñada esa renovación.

7.- O sr. Guerra di que algún veciño se queixa porque unhas cantas casas, por non baixar 40 cms na canalización para poñer o alcantarillado, quedaron sen tal subministro.

8.- Sinala o sr. Guerra que en Cabovila, detrás do edificio Sanjor, do número 26 ao 45, hai un camiño que será de 90 ou 100 metros, que está totalmente destrozado. Sinala que xa falou máis dunha vez deste tema.

O sr. Igrexas pregunta se se refire a un que baixa para a casa de Mercedes.

O sr. Guerra explica que se bifurca e vai dar á cancela desa señora.

O sr. Igrexas di que ese camiño vaise arranxar e está pendente dun levantamento topográfico para definir que parte é pública e que parte é privada. Di que ao mellor xa está feito, que estes 3 días non traballou e non o sabe, pois dende o xoves non estivo, engadindo que de todas formas antes de facer calquera cousa hai que saber que se vai facer.

O sr. Guerra sinala que el pensaba que era público.

O sr. Igrexas responde que non, que hai unha parte que hai que ter moito coidado porque unha casa entra por riba do terreo doutra privada, entón o señor di que o collamos, pero non se pode facer así, e hai que miralo.

O sr. Guerra reitera que aquilo atópase nun estado lamentable.

9.- O sr. refírese á pista que vai de Procelas a Tras do Eixo e sinala que está desfeita de todo.

10.- O sr. Guerra sinala que o luns enterrouse Gervasio, que foi fundador e compoñente da Banda de Vilariño e profesor de moitos rapaces entre eles os seus fillos. Pregunta se se pensa facerlle algún tipo de homenaxe ou o nome a algunha rúa, pois pensa que o ten ben merecido. Sinala que haberá máis persoas que o merezan pero el tamén.

O sr. alcalde di que en todo caso igual era ben que as entidades nas que participou, que son moitas, propuxeran algún tipo de acto no que o Concello puidera intervir e colaborar. Sinala que o Concello está disposto a colaborar nesa homenaxe.

O sr. Guerra sinala que lle parece ben.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2023.01.20 12:41:04 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2023.01.20 12:38:27 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

A C T A 8/2022

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE XULLO DE 2022 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de xullo de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Patricia Castelao Ferreiro

Non asiste, previa escusa:

Dª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

Secretaria acctal.:
M. Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 812/2022 DO 23/06/2022 Á 958/2022 do 20/07/2022)

2.- DITAME DA PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

3.- MOCIÓNS

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da portavoz do PSdeG, dona Uxía Lemus así como a do concelleiro do PP D. Antonio Reyes.

Antes de comezar coa orde do día o sr Alcalde comenta que nestas pasadas semanas, dende o último pleno, teñen acontecido feitos de distinta índole pero que tiveron en común un grave risco para vidas de persoas do concello, e cunha actuación exemplar e xenerosa de traballadores e traballadoras municipais. Fala do corpo da Policía local de Teo e do Servizo Municipal de emerxencias (Protección Civil) e tamén nalgún caso de persoas que traballan no CIM municipal. Aproveita para felicitar a todos conxuntamente porque nesta ocasión lograron evitar a perda de vidas humanas, pero ben entendido tamén aclara que aínda que así non fose, deberíaselle de dar tamén este recoñecemento. Por iso, no nome de toda a Corporación municipal fai este recoñecemento colectivo pola súa profesionalidade, exercida ademais de xeito eficaz. Cree tamén que debe de salientar de forma especial a actuación daqueles membros da

Policía local que non dubidaron en arriscar a súa propia vida para intentar evitar que outras se perdesen. A todos eles e elas no nome da Corporación dálles o recoñecemento público e expreso e as grazas no nome da cidadanía teense.
Solicita que conste en acta.

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 812/2022 DO 23/06/2022 Á 958/2022 do 20/07/2022)

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de xuño de 2022 ata o 20 de xullo de 2022, que comprenden os números 812 a 958, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

O sr alcalde explica que tal como xa se tratou nas comisións informativas do anterior pleno, fixéronse unhas consideracións debido ás cales se retirou o punto da orde do día de dito pleno. Informa tamén do feito de que se mantiveron os contactos para buscar unha saída que fose dentro das obrigas e das consideracións que o Ministerio impón, e algo se avanzou nesas reunións. A parte que se concreta na modificación do que se trae a Pleno hai dúas cousas, dun lado a incorporación da persoa que se encarga da Tesourería a esa Comisión de Control e doutra a atribución da presidencia desa Comisión á persoa que detenta a Intervención. Sinala que é certo que isto non satisfai as demandas que limitaban, pero é unha cuestión sobre a que o Concello non pode actuar doutra forma, pois tanto a formación deste plan Antifraude como moitas das concrecións que nel se expresan son as recomendacións e en moitos casos incluso as consideracións impostas polo Ministerio.
Por iso se volve a presentar este Plan, con esas dúas pequenas modificacións.

O sr alcalde da conta do ditame da Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade Cidadá, Participación Veciñal e Deportes de data 20 de xullo de 2022:

"*PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia para a xestión dos fondos europeos*

O concello de Teo ten solicitado axudas reguladas na Orde TMA/178/2022, pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia.

Esta Orde, no seu artigo 4.11 establece que as entidades beneficiarias cumprirán as obrigas establecidas no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, e na súa normativa de desenvolvemento en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión, polo que toda entidade decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dispoña dun "Plan de Medidas Anti-fraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables e disponse, por tanto, de medidas concretas para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Esta proposta de Plan de Medidas Antifraude do Concello de Teo, cumprindo cos principios de transparencia e bo goberno, pretende garantir a correcta e adecuada xestión e o acertado desempeño na execución de indicacións e obrigas que se prevén no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado con Fondos Next Generation.

A estratexia e sistema de xestión permitirán que o concello, na súa natureza de entidade local e condición de órgano xestor, actúe en concordancia cos principios de boa regulación: proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención a necesidades da cidadanía, a transparencia e integridade son principios vertebradores da actividade desta entidade local, e por iso, esta administración asume o pleno compromiso de loita contra a fraude e os conflitos de intereses como principio transversal de actuación dos seus órganos colexiados, empregados públicos e beneficiarios dos procesos de contratación que sexan celebrados nos subproxectos xestionados polo concello de Teo como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar o Plan de Medidas Antifraude no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos que figura como Anexo.

2. Publicar o Plan na sede electrónica do concello para xeral coñecemento

3. Dar traslado do presente acordo a Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para o seu coñecemento e efectos oportunos, xunto ao Anexo que na presente sesión se aproba.

Teo, na data da sinatura dixital.

O alcalde. Rafael C. Sisto Edreira"

Non producíndose ningunha intervención por parte de ningún partido, pásase á votación do Ditame.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar o Plan de Medidas Antifraude no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos que figura como Anexo.

2. Publicar o Plan na sede electrónica do concello para xeral coñecemento

3. Dar traslado do presente acordo a *Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda*, do *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*, para o seu coñecemento e efectos oportunos, xunto ao Anexo que na presente sesión se aproba.

Plan de Medidas Antifraude no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos

CONCELLO
DE TEO

PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE

CONTIDO

1. CONTEXTO E OBXECTIVO DO PLAN 5

2. NORMATIVA DE APLICACIÓN 7

3. CONCEPTOS E TERMINOLOXÍA

3.1 Conflito de intereses 10

3.2 Fraude e corrupción 11

4. ÁMBITO OBXECTIVO E ALCANCE SUBXECTIVO DE APLICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE (PMA).

4.1 Ámbito obxectivo e requirimentos mínimos do Plan de Medidas Antifraude 13

4.2 Ámbito subxectivo de aplicación, descrición, competencias e funcións do Concello de Teo como entidade local 13

4.3 Órganos responsables. Comisión Antifraude 14

4.4 Medidas para afrontar o conflito de intereses 16

4.5 Medidas para previr, detectar e corrixir a fraude e a corrupción: o ciclo antifraude 17

5. SEGUIMENTO E CONTROL PERIÓDICO DO PLAN

5.1 Seguimento 21

5.2 Revisión e actualización do Plan 21

5.3 Comunicación e difusión 22

6. ANEXOS

6.1 Declaración de ausencia de conflito de intereses 23

6.2 Declaración institucional do Concello de Teo 25

6.3 Mapa de riscos 27

6.4 Catálogo orientador de bandeiras vermellas clasificadas por tipoloxías 31

1 CONTEXTO E OBXECTIVO DO PLAN

O Concello de Teo ten solicitadas axudas reguladas na Orde TMA/178/2022 pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco de l Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Antes de entrar no punto cuarto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A Concelleira dona Patricia Castelao formula os seguintes rogos e preguntas:

1.-Sinala que pasou o 8 de xuño e non se presentou, ou polo menos a ela non lle chegou nada, do tema de lixo, que xa se recordara no anterior pleno e dixera que ía chegar nese fin de semana. Pensa que houbo tempo de abondo como para presentar as cousas. Ó mellor, pensa, é mellor dicir que non se vai presentar nada. É un tema serio para todos os veciños, continúa dicindo, e pensa que non se pode demorar máis, e ademais o mes seguinte non hai pleno.

O sr alcalde responde que hai un compromiso de facer un pleno extraordinario a principios de setembro, o cal xa anuncia, porque hai algunha outra cousa que tratar, non especificamente por iso pero si para outra cousa. Sinala que ó rematar o pleno do día de hoxe remitiráselles toda a documentación para que a estuden con calma durante todo o mes, e que incluso se poden establecer as reunións previas que queiran.
Explica que se presenta un plan económico de xestión que pode valer tanto para a xestión directa como para unha licitación, porque se parte de que a xestión directa é o método máis eficaz. Plantéxanse os custos que tería esa xestión directa, e se a maioría considera que se debe de facer unha licitación sacaríase a mesma, pero partindo de

que ese é o tope máximo, pois sería absurdo sacar unha licitación pública na que se puxese un prezo superior ao que se considera para a xestión directa.
Nesa medida, sinala que xa o indicará no correo electrónico que remitirá ós portavoces, o que se trata é de que entre todos se corrixa a proposta económica, no sentido de que se se considera algunha modificación por necesidade e por ben do servizo que se incorpore, porque se se fai por unha licitación pública despois hai que trasladarse ás características técnicas da licitación e se se considera incluso que hai algún dato económico que pode ser contestable, debatido, non habería ningún problema para facelo. Tanto a nivel de discusión por correo electrónico, ou como consideren. Sinala que a súa intención sería facer incluso antes da comisión de preparación do Pleno unha xunta de portavoces preparatoria.

2.- A sra Castelao explica que noutros plenos comentara tamén que unha asociación presentara por rexistro a solicitude dun local. Sinala que xa falou moito no anterior ou hai dous plenos sobre isto e non vai volver a comentar todo, pero parécelle incrible non por esta asociación senón por calquera que non teña polo menos unha resposta, porque isto presentouse o 19 de abril, e comentouse que se estaba a mirar, pero pensa que nin o Colectivo a Rula, do que está falando agora mesmo, nin ningunha asociación deste concello merece esta falta de respecto xa non que se conceda ou non o local, xa non se mete nese tema, porque é cousa do equipo de goberno, pero que polo menos se dignen a contestarlle, pensa que polo menos meréceno como veciños.

O sr Alcalde di que en todo caso non se debe a unha falta de respecto. Sinala que xa comentara no seu día a complexidade de dar unha solución, entón tamén lle costa dar unha resposta que non dea unha vía alternativa ou unha solución alternativa. Comprométese a que se fará en breve, antes de que remate este mes. Repite que non é por deixadez nin por falta de respecto. A sra Castelao lembra que este mes remata esta semana, aclarando entón o sr alcalde que entón contestarase no mes de agosto.

O sr Iglesias toma a palabra para indicar que se están buscado alternativas e eso leva o seu tempo porque é un tema complexo.

3.- A sra Castelao continúa coa súa intervención e di que a semana pasada outra asociación de veciños presentou un documento por rexistro, e como ten medo de que tarden tanto, informa do contido. Di que é da asociación de veciños dos Tilos, que fan varias peticións, e ela pensa que moitas se poden contestar en breve. Pide que se conteste e non se demore.
O sr. Iglesias di que o presentaron o día 20 e que algunha contestación se remitiu no día de hoxe. Di tamén que haberá outras que non será tan rápida, pero que a esta asociación sempre se lles contestou, que outra cousa é que o que se pide tarde en facerse ou que non se poida conceder, ou haxa que estudalo. As cousas non son dun día para outro, sinala.
A sra Castelao di que ela xa comezou dicindo que o comunica para que non se demore tanto como a outra asociación, e porque así llo pediron tamén.

4.- Segue sinalando que algunhas veciñas maiores lle comentaron que estes días de moitísima calor notaron en falta bancos á sombra, di que moitos están postos ó sol, e xa llo comentaron de varios lados. Ó mellor igual se debería de facer unha revisión. O que está claro é que non se pode poñer un árbore ó lado de cada banco, e é certo que ela nunca se decatou diso.

5.- Comunica que en Cesar á altura da casa número 70 hai un sinal pero non sabe que pon, nin ela nin os veciños porque está tapada completamente coa maleza, non se ve.

6.-Sinala que nesa mesma pista que pasa por diante desa casa precisa un arranxo, pois está bastante cativa.

7.- A pista de Gandomil, de Texexe, manifesta que está peor que a anterior, da que acaba de falar.

8.- Segue lembrando a pista da que xa falara co alcalde de que ía mirar antes de final de ano, a que vai da Insua, en Luou. Di que o outro día pasando por alí un señor case cae da bicicleta, polos pedrolos que ten.

9.- Na aldea de Caxade, di que non sabe que lle pasou ós cables pero están todos mal, empatados, medio colgados, pide que se revise o medio da aldea.
A sra Castelao rectifica e di que non é en Caxade, senón en Sestelo.
O sr Igrexas di que medio concello ten os cables de telefónica caídos, tirados, e aínda que se lles chame e avise pouco fan, porque é unha propiedade deles e non se lles pode tocar.
A sra Castelao pide que se faga a solicitude de arranxo nesa aldea. O sr Igrexas di que a solicitude que ten o concello é chamar ó 1006, que non hai outra moito máis efectiva.

Toma a palabra a sra Diéguez, que formula os seguintes rogos e preguntas:
1.- O outro día falou duns baches e fochancas que había no camiño da batalla de Cacheiras, di que a pista que pasa polo medio do monte dende Ribas ata a casa do Ferreiro, en Agoso, xunta ao cemiterio, botáraselle algo de asfalto e quedara bastante ben, pero que xa se estaba desfacendo, e iso que durou bastante tempo. Pide que se lle dea outro repasiño, polo menos se non se ten pensado asfaltar, para que non remate por desfacerse de todo.

2.- En Cepeda tamén fala da pista que vai dende a residencia Victoria ata o Piro, na cal tamén hai un cacho que se bacheara algo e tamén volve a estropearse, aínda que está mellor que a anterior, sen embargo nalgúns cachos comeza a desfacerse de novo. Sinálao por se algún día cadra de ir parcheando por aquela zona, que se lembren desa.

3.- En referencia á reunión informativa polo tema da pirotecnia que o Concello fixo preguntou se pasou algo dende aquela, pois recoñece que estivo desconectada e non sabe como quedou o tema.
O sr Alcalde di que dende aquela mantívose unha entrevista coa Subdelegada do Goberno na Coruña na que se compartiron preocupacións, a principal é limitación legal que o concello ten para denegar a actividade, e tanto dende o concello como dende a Subdelegación, fundamentalmente pola lei do Solo que posibilita o establecemento dunha pirotecnia en calquera zona rústica sen establecer ningún tipo de distancia, e doutra banda polo regulamento estatal de pirotecnia que establece unhas distancias

pero non establece mínimos. Entón neste caso, como xa se comentou na reunión, parece que o que está é deseñado a cantidade de almacenaxe en función da distancia, non ó revés.

Explicaron, dende a Subdelegación, que xa teñen o informe favorable da Garda civil, un no que o Concello tiña as máximas esperanzas para evitar a colocación. Plantexáronselle unha serie de cuestións que se consideraba que podían ser un bo punto de enganche nas alegacións e entón dende o concello decidiuse atrasar ata o último día a presentación das alegacións, que están elaborando os servizos técnicos e por outra parte eles comprometéronse a que cando lles chegase a eles remitirían, a ver se esas alegacións poderían facer variar o informe da Garda Civil.

Indica que é, a grandes trazos, o que se tratou. Dende o Goberno municipal trasladáronselle as impresións dende o punto de vista técnico, pois o arquitecto municipal tamén estivo na reunión, e por parte da Subdelegación tamén había persoal técnico e xurídico, contrastáronse os puntos nos que podería haber máis trabas e quedouse en seguir colaborando e en contacto para calquera cousa que puidera xurdir.

En principio vaise esperar a presentar as alegacións no límite do prazo e ó que pase un tempo prudencial falar con eles para ver como vai o proceso. Alí dixeron que en calquera caso que en agosto non ía haber contestación, entón falaríase o máis probable a principios de setembro.

4.- Por último, a sra Diéguez comenta que hai unha farola fundida en Texexe, á altura da casa número 20.

O Sr Igrexas di que o que teñen que facer é chamar directamente o concello. A sra Castelao pensa que xa o fixeron. O sr alcalde pensa que probablemente é que estes días como está a telefonista de vacacións non se pasen os avisos, sen embargo aclara o sr Igrexas que si, que aínda onte se pasaron avisos.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdG-PSOE.

O PSdG-PSOE non presenta ningún pregunta nin rogo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O sr Guerra formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Lembra que se repare a pista que vai á Área recreativa de Mouromorto, e que tamén se lle poñan unhas farolas.

2.- Tamén pide que se revise a que vai a Guldrís, das Laxes.

3.- Outra pista, a que vai de Procelas a tras do Eixo.

4.- Sinala o sr Guerra que a limpeza de cunetas en Vaamonde está pendente, e que en 15 días van estar en festas.

O Sr Igrexas di que Vaamonde queda por rozar cos tractores, e tamén Oza. Para Vaamonde en principio van mañá á mañá porque hoxe remataron en Luou. Na parroquia de Teo están a facelo á man. Sinala que as rozas de tractores van bastante ben de tempo pero o problema é que o que se fixo ata hai un mes hai que volver a facelo, como lle pasou á Deputación, na estrada da Ramallosa á Casalonga, que limparon o 7 de xuño e teñen que volver a vir porque xa está toda a herba medrada.

Repite que o presidente da asociación de veciños xa lle mandou un aviso e xa lle aclarou que se comezaba mañá.

5.- O sr Guerra tamén pide que se mire pola pista de Agoso a Vilanova. Sinala que pasou por alí el e a verdade é que está moi mal.

Toma a palabra a sra Nariño que formula o seguinte:

1.- En relación ás piscinas municipais, tanto a dos Tilos como a de Luou e en concreto cousas puntuais de deficiencias e carencias de condicións óptimas de mantemento, como por exemplo que as escaleiras de baixada e entrada ou saída da piscina cando se vai a saír o adoquín levántase, tanto na dos Tilos coma na de Luou. Non están anclados, está feito un parche con cemento e as baldas seguen subíndose. En concreto en Luou, sinala, fala a día de hoxe, hai arredor de media hora, está levantado o borde da piscina nun lateral, que é como unha chapa, o que implica nunha esquina que os nenos poidan bater. Pensa que hai unha falta de mantemento xeral, por

exemplo pensa que as madeiras deberan de estar pintadas. As barandillas de acceso de entrada e saída da piscina deberían de estar acondicionadas.

O sr Igrexas di que ese problema apareceu despois de estar abertas as piscinas e se hai que facer unha obra significa baleirar as piscinas e anclar de novo a escaleira, entón hai que tirar o que queda de temporada así e senón hai que pechalas. O que significa baleirar a piscina é que son 15 días, porque logo ten que vir Sanidade a facer as probas necesarias de cloro e demais.

Con respecto ao mantemento, di que a piscina de Luou este ano leva 12.000 € en reparacións de madeira. Pensa que non é falta de mantemento o que pasa é que é unha madeira que leva 20 anos á choiva, quen deseñou a obra deseñouna así e agora está nunha situación na que cada ano hai que meterlle 10.000 ou 15.000 € pero non é por falta de mantemento. Volve incidir nos 12.000 € só da factura do carpinteiro.

A sra Nariño di que lle parece impresionante e bastante deficiente que se abran unhas piscinas municipais cando sabemos que non están en condicións.

O sr Igrexas sinala que el non dixo que estivera iso así antes. A sra María López di que el o dixo ben. O sr Igrexas volve insistir, en que dixo que apareceron as deficiencias unha vez abertas as piscinas.

Explica que en febreiro fáiselle unha revisión, dende a empresa concesionaria, que pasa os servizos técnicos. Por iso se fixeron obras, e ademais vese, se se vai a Luou vese cales son as vigas novas e cales as vellas. Claro que se lle fai mantemento todos os anos, pero é unha estrutura que non se cambia así dun día para outro porque o orzamento é o que é e o custo é alto. É unha piscina que nos próximos anos terá que recibir máis diñeiro.

A sra Nariño di que con respecto ás madeiras non di que as cousas se poidan reparar dun día para outro, é consciente diso, pero o mantemento, estando en Galicia, poñer madeira fóra, non hai que ser moi listos para saber que iso vai requirir un mantemento importante, entón se é o que temos, ou se mantén así ou hai que tomar outras decisións.

Continúa a sra. Nariño indicando que con respecto ao acceso ás piscinas as familias pregúntanlle moitas dúbidas, porque están a detectar que hai moitas familias non empadroadas no concello, de fóra, que acceden con bono familiar como accede a

xente empadroada. A pregunta é se iso é correcto, que calquera pode acceder, sen requisito de empadroamento para poder acceder.

O sr Igrexas di que iso é un tema que xuridicamente ten moito debate. En principio non se poden establecer condicións distintas de acceso para empadroados e para non empadroados. É certo que Teo ten as piscinas moi baratas, concretamente pensa que á metade das de Compostela. Entón a xente incluso con días soltos vén a Teo. Pensa que é complicado limitar iso, porque hai determinados principios xurídicos que non se poden romper e non se pode establecer, non se pode obrigar a ninguén a traer un certificado de empadroamento a unha piscina pública.

A sra Nariño di que a pregunta non é esa, que ela entende que pode acceder calquera persoa aboando a súa cota, pero estase a falar dun bono, que supón un custo moito menor e que se supón que se tramita nalgún lado. Pide que se lle dea un pouco de prioridade á xente empadroada no concello.

O sr alcalde di que con respecto a ese tema hai que ter en conta unha cousa: que todo o que se refire ó prezo das piscinas está estipulado na ordenanza. Aí non se pode poñer un prezo nin un bono empadroados en Teo e outro para non empadroados en Teo. Falouse moitas veces porque ao equipo de Goberno tamén lles parece un problema, pero dende os servizos xurídicos informan de que non se pode establecer un privilexio de acceso a persoas empadroadas, só no caso por exemplo de igualdade nun acceso a unha convocatoria, en caso de igualdade de puntos primar aos empadroados no concello, pero non como un criterio excluínte ou diferenciador nos prezos de acceso. Pide que se alguén considera que hai outras outras opcións que fale coa Secretaria xeral cando se reincorpore, porque se atopan a forma de facelo estarían dispostos, pois a eles tampouco lles gusta financiar as piscinas aos de outros concellos.

Toma a palabra a sra Castro que formula o seguinte: .

1.- Sinala que a súa intervención é referida á estrada que vai dende Ameneiro, onde estaba supermercado, cara a escola da Casalonga. Ao parecer xa está asfaltada pero polo cacho onde teñen que ir os peóns está en tramos toda aberta e o asfalto está todo botado para as fincas. Non sabe se é que non botaron nada para suxeitar o asfalto ou se foi pola calor ou polo que.

O sr Igrexas di que de feito levantou acta a Policía Local, foi por unha máquina agrícola de excesivo peso que saíu da finca, pensa que despois de facer unha recollida de millo, na finca de Isabel e levouse por diante todo. Teñen seguro e váiselles facer unha reclamación. Indica que ademais foi ós tres días de arranxala.

Toma a palabra a sra Lucía Calvo, que formula os seguintes rogos:

1.- Di que con respecto ao que dicía a compañeira do BNG da asociación de veciños dos Tilos, ela tamén traía esas peticións. Di que non é cuestión agora de repetir o mesmo pero simplemente quere incidir na sinalización da zona do colexio que pensa que leva a equívoco, e é unha das solicitudes, e que lle parece a máis prioritaria.
O sr Igrexas di a Policía local xa concretou a placa e agora hai que encargala, mandala fabricar e logo colocala. É unha cousa que xa se lles dixo no seu momento tanto por parte do concelleiro como por parte da Policía, pois tamén xa chamaron eles, e xa lles explicou que non hai ningún problema, pero maxia non se pode facer.
A sra Calvo o que quería saber é se está en vías de solución.
O sr Igrexas di que unha cousa é que non che respondan, pero se están chamando e se lles está dicindo o que hai, non entende a insistencia. Tamén hai un paso de peóns pedido, e tamén se lle dixo que si, pero pintarase cando se pinten máis, non se pode ir a pintar ese concretamente. As cousas son aceptadas pero logo hai que levalas á práctica e nun tema como ese do colexio quería que a Policía local puxera claramente que é o que hai que poñer na placa, porque esa sinalización pensa que é a terceira vez que se toca.
A sra Calvo di que lle parece ben, pero ten que entender que falan cos concelleiros da oposición e eles teñen que traer as demandas dos veciños ao pleno.

2.- A sra Calvo expón que o alcalde comezou hoxe cun recoñecemento á Policía local, co que por suposto están de acordo, e moi merecido. Precisamente para evitar o uso de determinados servizos pensa que habería que intentar solucionar antes cuestións evitables, como a que vai a expoñer.
Sabe que non é fácil, que se leva traballando moitos anos con iso, pero a finca de urbanización San Sadurniño, a finca Peleteiro, é un problema gordo. Porque ademais

xa as árbores, as ramas, invaden incluso a vía pública, o camiño polo que se pasa, hai moitas vidas e moitos bens materiais en xogo, sabe que está iniciado un expediente e tamén sabe que se iniciou hai un ano outro e por non resolvelo houbo que iniciar este segundo, entón tendo en conta a seriedade do tema espera que esta vez non se deixe sen resolver.

O sr alcalde di que el tamén o espera. Di que non se paraliza ningún expediente, máis ben ao contrario, estase sempre traballando nos distintos departamentos para que vaian adiante, de todos os xeitos pensa que tamén en determinado momento os propietarios teñen que prantexarse por outra vía, é que é a vía xudicial. Indica que os propietarios da finca denunciada teñen unha habilidade especial para no último momento facer algunha acción que desvirtúe todo.

A sra Calvo di que de feito coñece esas habilidades bastante, e agora mesmo limparon un pouquiño pero deixaron todas as árbores. Con respecto a ir pola vía civil está de acordo e estase valorando, pero ela o que pide, o que roga é que o Consistorio empregue os mecanismos que ten para intentar solucionar este tema.

O Sr Guerra toma a palabra de novo para comentar o tema das tullas da gasoliñeira de Montouto, que invaden o edificio do lado. Pregunta se se fixo algo. O sr Alcalde di que aí o problema é que se non hai propiedade pública intermedia non se pode facer nada. Se as ramas invaden a carreteira é unha propiedade pública, hai uns mecanismos de actuación. O problema é cando se da un conflito entre particulares. Porque aí unha de dúas, ou entras pola vía da lei de incendios, que hai que recoñecer que da unhas capacidades de actuación aos concellos na posibilidade de corta e con repercusión posterior sobre os particulares, pero se non entra pola lei de incendios non existen eses mecanismos. Aínda que sexa solo urbanizable non se pode entrar sen unha orde xudicial a arranxar, hai que abrir expediente, tramitalo, e despois sempre hai a picaresca esa da que se falaba. De calquera xeito seguirase intentando pero pasa un caso evidente no que se falaba antes, que non é o mesmo ter tres pinos desmadrados e absolutamente asalvaxados nun recinto que non se pode considerar extensión forestal e argumentan como os seus avogados como árbores de adorno, ornamentais, e resulta que legalmente teñen a súa cobertura. Refírese a que a ese nivel a picaresca é moi activa.

A sra Calvo di que tamén a lei é interpretable, onde acaban os dereitos dese señor comezan os nosos como veciños. O único que pide é que os mecanismos se utilicen e que se resolvan os expedientes, este concretamente que é do que estou falando e se poida facer algo.

3.- Continúa a sra Calvo e pide se se pode colocar en San Sadurniño algún punto de vidro.
O sr Alcalde di que unha das consideracións que leva a proposta de actuación con respecto a iso é que en cada núcleo se sitúe un contedor de cada estilo, e máis nas urbanizacións. Non podemos ou non deberíamos de solucionalo agora en un mes, porque é moito máis caro cando dun xeito ou outro en xaneiro ten que estar o novo servizo do vidro. Vai na proposta, que non haxa ningún núcleo ou urbanización que non teña todos os contedores.

A sra Castelao do BNG pide a palabra, pois esqueceuse de dicir que na zona dos Tilos se están vendo moitos roedores grandes.
O sr Igrexas di que estiveron desratizando, pero como non choveu é máis difícil.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cuarenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.09.13 14:08:26 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2022.09.13 13:56:05 +02'00'

M. Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 9/2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 9 DE SETEMBRO DE 2022 –

Na Casa do Concello, a nove de setembro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

Dª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.ª Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª Patricia Castelao Ferreiro

Secretaria acctal.:

M. Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2023

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DO TSXG, DE 8 DE XULLO DE 2022, P.O. 7724/2021, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DO 17 DE AGOSTO DE 2021.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da portavoz do BNG D.ª Patricia Castelao Ferreiro así como a da concelleira D.ª Iria Otero Romero.

1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2023

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día. A razón fundamental deste pleno extraordinario é que non hai pleno en agosto, pero os prazos administrativos seguen correndo.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía de 6 de setembro de 2022, que se recolle a continuación:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2023

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2023.

Vista a tradición deste Concello, que vén fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño, e tendo en conta que no vindeiro ano 2023 este último día coincide nun sábado.

Considerando a necesidade de remitir de forma inmediata á Xunta de Galicia o acordo referido aos Festivos Locais para anualidade 2023, e tendo en conta que no mes de agosto non houbo Pleno ordinario, e que o vindeiro Pleno desta natureza non terá lugar ata o 28 de setembro de 2022, formúlase a presente proposición, ao abeiro dos artigos 82.3 e 97.2 do ROF, e 31.2 do ROM.

En consecuencia co anteriormente exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2023 os seguintes días:

- 21 de febreiro (Martes de Entroido)

- 18 de maio (A Ascensión)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.”.

Como xa indicou na Xunta de Portavoces, o Sr. Alcalde sinala que os días tradicionais son o día da Ascensión e o San Martiño. Como no 2023 o San Martiño cae en sábado o tradicional é recorrer ao San Xoan, que tamén cae en sábado, por iso se recorre ao Martes de Entroido.

Non se suscita debate.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (3 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2023 os seguintes días:

- 21 de febreiro (Martes de Entroido)

- 18 de maio (A Ascensión)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DO TSXG, DE 8 DE XULLO DE 2022, P.O. 7724/2021, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DO 17 DE AGOSTO DE 2021.

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día. O sr. Alcalde expón o contido da proposición e os motivos polos que se inclúe na orde do día sen ditaminar. Na Comisón informativa de seguimento da canteira todos estaban de acordo en interpor este recurso de casación que se trae neste punto.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía de 6 de setembro de 2022, que se recolle a continuación:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO.- Recurso de casación contra a sentenza do TSXG, de 8 de xullo de 2022, PO 7724/2021, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de planificación enerxética e recursos naturais do 17 de agosto de 2021.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 27 de outubro de 2021, acordou interpor, perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021, pola que se declara a necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación "Casalonga" núm. 6996, no termo municipal de Teo da Provincia da Coruña (Rex. Sir nº entrada 1398).

Vista a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sección 3ª), ditada no procedemento ordinario 7724/2021, de 8 de xullo de 2022, que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto (rex. entrada nº 4466).

Visto o informe do servizo de asistencia xurídica, do 1 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación.

"INFORME XURÍDICO

En cumprimento do interesado polo Sr. alcalde do Concello de Teo, emitimos este informe en relación coa posibilidade de recorrer en casación contra a sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG (Sección 3ª) no procedemento odinario nº 7724/2021, con data 8.7.2022, notificada a esta parte o 13.7.2022. O prazo para interpoñer o recurso conclúe o vindeiro día 13 de setembro de 2022.

ANTECEDENTES

1. A sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Teo contra a resolución da Dirección xeral de planificación enerxética e recursos naturais do 17 de agosto de 2021 que declara a necesidade de ocupación do terreo correspondente a un camiño de uso público xeral polo que se pretende acceder á explotación mineira

Casalonga, da que na actualidade é titular a sociedade mercantil "Toysal, SL". Por razóns de brevidade, en canto á fundamentación da decisión desestimatoria, remitímonos ao contido da sentenza.

2. A fundamentación xurídica que, ao noso ver, posibilitaría o escrito de preparación de interposición do recurso, é a seguinte, en cumprimento do artigo 89 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

Primeiro. Cumprimento dos requisitos relativos ao prazo, lexitimación e recurribilidade da resolución

A antedita sentenza é recurrible en casación consonte o artigo 86.1 LXCA, escrito de preparación preséntase dentro do prazo de trinta días e o Concello de Teo, como parte actora, está lexitimado para interpoñer o recurso (artigo 89.1 LXCA).

Segundo. Identificación das normas ou xurisprudencia alegadas no proceso que se consideran infrinxidas

Aa noso xuízo, a sentenza que impugnamos infrinxe as seguintes normas e doutrina xurisprudencial que alegamos nos nosos escritos de demanda e conclusións:

1º. O artigo 34 da Lei 39/2015, do 1º de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), xa que o órgano administrativo autor do acto impugnado -a Dirección xeral de Planificación enerxética da Consellería de Economía- carecía de competencia para dictar a resolución de necesidade de ocupación dos bens interesados, competencia que lle corresponde á persoa titular da antedita consellería segundo o artigo 16 da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia (en diante, LMG). A sentenza non analiza o motivo por nós invocado de insuficiencia do acto de delegación e por conseguinte, de que a resolución impugnada foi ditada por órgano manifestamente incompetente, nin razoa sequera minimamente como chega á conclusión contraria.

2º. O devandito artigo 34 LPAC en relación co 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (en diante, LEF) e co 21 LMG, por incumprimento do trámite de información pública ao omitirse a publicación do anuncio no Boletín oficial do Estado; e da doutrina xurisprudencial recaída sobre esta cuestión da que son exemplo as sentenzas da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 12 de xuño de 2012 (rec. nº 4179/2009) e 4 de xullo de 2019 (rec. nº 220/2018). A primeira delas di:

"*En efecto, ya declaró esta misma Sala y Sección, entre otras, en las sentencias de 28 de marzo de 2012, dictada en el recurso 1679/2009 y en la sentencia de 13 de abril de 2011, dictada en el recurso 6096/2007, que, como criterio general, la omisión del trámite de información pública comporta la nulidad del procedimiento expropiatorio, por aplicación del artículo 62.1.e) de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común; lo que comporta, en pura técnica jurídica, calificar el procedimiento expropiatorio en tales supuestos como auténtica vía de hecho [pues] cuando se omite un trámite esencial…".*

3º. O devandito artigo 34 LPAC en relación co 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (en diante, LM), e 21 LMG xa que o ben do que se declarou a necesidade de ocupación non figuraba incluído no proxecto que lle serviu de base ao otorgamento da concesión mineira nin nos plans inicial ou anuais aos que se refire o antedito artigo 105.dous LM.

Terceiro. Relevancia das infraccións invocadas

As infraccións por nós invocadas son relevantes xa que determinan o sentido da sentenza impugnada e a argumentación que esta contén –dito sexa cos debidos respectos- é insuficiente e errónea xa que:

a) Non parece admisible que o pé de recurso administrativo ofrecido pola resolución xustifique a competencia do órgano que a dicta

b) Nin a publicación do anuncio de información pública no DOG é apropiada *"…dado el ámbito territorial que interesaba…"*. Como sostén a sentenza, `porque non é ese o criterio sinalado polas disposicións legais aplicables.

c) Afirmar simplemente que *"… la resolución de 17.8.21 declaró la necesidad de ocupar los terrenos requeridos, tras examinar su ubicación y procedencia a los fines perseguidos, que era lo que formalmente procedía"* tampouco é correcto, cando do artigo 105 LM en relación cos 18 e 21 LMG conclúese que os bens cuxa necesidade de ocupación se solicite deben estar incluídos no proxecto inicialmente aprobado que serviu de base á concesión ou nos plans anuais previstos nos artigos 68 e 70 LM, presuposto que non concorre no noso caso.

Cuarto. As normas infrinxidas forman parte do dereito estatal

Tanto o artigo 34 LPAC como o 18 LEF e 105 LM son normas que forman parte do dereito estatal.

Quinto. Interese casacional obxectivo (artigo 88.2.c e 88.3.a LXCA)

1º. A doutrina recollida na sentenza e por nós combatida é susceptible de afectar a un gran número de situacións (artigo 88.2.c LXCA) e trascende do caso concreto debatido no proceso:

a) Por unha banda interpreta de xeito tan laxo o acordo de delegación de competencias nun órgano administrativo inferior, que vulnera o requisito básico da competencia como presuposto de todo acto administrativo.

b) Por outra, desnaturaliza a esencia do trámite de exposición ao público da declaración de necesidade de ocupación ao prescindir do requisito legal de publicación do anuncio no Boletín oficial do Estado, invocando un argumento que non está respaldado por ningunha norma legal.

c) Finalmente, facilita a posibilidade de ampliar a necesidade de ocupación de bens derivada da explotación dun dereito mineiro sen esixir que concurran os requisitos esixidos imperativamente pola normativa legal.

2º. Ao noso xuízo non existe doutrina xurisprudencial establecida sobre a aplicación do artigo 105.3 en relación cos 60 a 70 LM (artigo 88.3.a LXCA), isto é, en concreto, sobre o requisito de que a ampliación posterior da

relación de benes de necesaria ocupación como consecuencia da concesión mineira esixe a aplicación do plan anual correspondente.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, aconsellamos interpoñer recurso de casación contra a sentenza devandita.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1º de setembro de 2022".

Considerando que, de acordo co establecido no artigo 9 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e artigo 220 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos, debendo adoptarse os citados acordos previo ditame do Secretario ou, no seu caso, da Asesoría Xurídica.

Considerando a necesidade de axustarse aos prazos para a interposición do recurso, e tendo en conta que no mes de agosto non houbo Pleno ordinario e que vindeiro Pleno desta natureza non ten lugar ata o 28 de setembro de 2022, a presente proposición formúlase ao abeiro dos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 22. 2 j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Interpor recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de xullo de 2022 (PO 7724/2021), que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 4466).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao servizo de asesoría xurídica, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”.

Aberta a quenda de intervencións o sr. Alcalde concede a palabra á sra. Diéguez, concelleira do BNG, que indica que haberá que intentar por tódolos medios reverter esta sentencia, e que a pista ten que ser municipal.

A sra. Lemus, voceira do PSdG-PSOE, expón o seu total apoio a este recurso, e indica que o único que os diferencia é a diferente consideración da importancia da pista municipal, máis importante para uns e menos para outros. Quere facer dúas preguntas, a primeira si se estudou a idea do recurso civil pola propiedade da pista da canteira, e segundo, si se vai presentar contencioso contra o Plan de restauración, que era o outro aspecto que quedaba pendente. O sr. Alcalde resposta que para os avogados todo o mes de agosto é inhábil e están de vacacións, polo que non se avanzou no recurso contra o Plan de Restauración por falta de tempo. Continúa sinalando que consideraban máis urxente estudar a viabilidade do recurso civil e que os avogados quedaron en contestar a semana que ven.

O sr. Alcalde concede a palabra ao PP, expoñendo a sra. Calvo que despois de analizar a situación, e por coherencia, que cando o sr. Alcalde plantexou aquí o tema do contencioso administrativo, que ía ser unha fuxida adiante e unha perda de recursos, ao non ter a pista da canteira e ser os argumentos moi frouxos. Hai que ser realistas. Ao seu grupo xa lle gustaría que a pista fose municipal, pero desgraciadamente a situación é outra. Recórdalle ao sr. alcalde que el mesmo en sesión plenaria recoñeceu que non tiña o título. Consideran que para recorrer hai que ter algo, xa que non fixo caso a última vez, hai que ter polo menos a esperanza ou algo que sosteña o recurso. Indica que o sr. Alcalde comezou dicindo que non sabía si o ían admitir a trámite, e que desde logo o seu grupo non quere entorpecer, e por eso van votar abstención, porque ata o gabinete xurídico lles dixo que non hai moita posibilidade.

O sr. Alcalde quere facer un par de aclaracións. Expón que está seguro de que todos teñen o absoluto convencemento de que o proceso de expropiación, independentemente da titularidade, estivo mal feito administrativamente, esa foi a razón pola que se puxo o contencioso no seu momento. É certo que o TSXG non nos deu a razón, pero seguen a pensar que o proceso de expropiación estivo mal feito, e pos iso se presenta o recurso de casación, aínda sabendo que o recurso de casación non entra no fondo da situación si non se admite, e hai tres ou catro causas polas que o recurso de casación se pode admitir a trámite, polo que poden non admitilo. Pero é algo que deberiamos facer por coherencia co que sempre defendemos, nunca dixemos que tiveramos o título de propiedade, igual que non temos o título de propiedade en ningunha estrada, pero seguimos pensando que esa é unha estrada pública, e o imos a defender si encontramos un argumento xurídico convincente que nos permita ter posibilidades de ganar nun tribunal civil, que é o outro tipo de procedemento que preguntaba a sra. Lemus si se ía facer, e que é o que aínda están valorando os avogados.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Interpor recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de xullo de 2022 (PO 7724/2021), que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 4466).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao servizo de asesoría xurídica, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.11.10 10:46:56 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2022.11.10 10:14:23 +01'00'

M. Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 10/2022

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 28 DE SETEMBRO DE 2022 –

Na Casa do Concello, a vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D.ª Patricia Castelao Ferreiro

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 959/2022 DO 21/07/2022 Á 1221/2022 DO 22/09/2022)

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

4.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2021

5.- DITAME DA APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN ERROS ANEXO DE PERSOAL ORZAMENTO 22

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECLAMACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DP-0205 E DE SEGURIDADE VIARIA NO NÚCLEO DA IGREXA (LUOU)

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DA PARTICIPACIÓN NO POS + ADICIONAL 2022. 2ª FASE

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL DA CONVIVENCIA VECIÑAL

10.- MOCIÓNS

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e tres minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 959/2022 DO 21/07/2022 Á 1221/2022 DO 22/09/2022).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de xullo ata o 22 de setembro de 2022, que comprenden os número 959 ao 1221.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dase conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con

un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital da presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira "

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

O sr. alcalde refírese á proposición do 23 de setembro de 2022, sobre a Prórroga do Convenio do Servizo de Atención Temperá, e explica que, aínda que xa se comentou nas Comisións Informativas, non foi ditaminada nas mesmas, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposición da Alcaldía, de 23 de setembro de 2022, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO. PRORROGA DO CONVENIO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 29 de setembro de 2021, acordou aceptar a encomenda de xestión do Concello de Ames para a prestación

do servizo de atención temperá e aprobar o "CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá)", facultando ao alcalde do Concello de Teo para a sinatura do Convenio e demais actuacións precisas para a execución do acordado.

O citado Convenio foi asinado o 11 de outubro de 2021 polo alcalde do Concello de Ames e polo alcalde do Concello de Teo, en representación dos respectivos Concellos.

Mediante Decreto da Alcaldía de 8 de marzo de 2022 (res. 319/2022), corrixiuse un erro material no anexo do Convenio, "modificando o recollido no apartado denominado "*Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social*", de tal forma que onde se establece "*Berta Conde López, con DNI:77407883A*", se estableza *"Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI: 33252651X".* O citado Decreto foi ratificado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30 de marzo de 2022.

Tendo en conta a valoración positiva efectuada pola Comisión Mixta de seguimento deste convenio respecto da posibilidade de dar continuidade a esta forma de xestión do servizo de atención temperá.

En base á previsión de continuidade de financiamento deste servizo social pola administración autonómica e atendendo aos requisitos establecidos na última orde de convocatoria das axudas para este fin, que se concreta na Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo P. O. FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS700A), publicada no DOG núm. 27 do 9 de febreiro de 2022.

Visto o informe técnico da coordinadora de servizos sociais do Concello de Teo sobre o servizo de atención temperá conveniado co Concello de Ames, do 19 de setembro de 2022, o informe de Secretaría, de 20 de setembro de 2022, e o informe de intervención, de 23 de setembro de 2022.

En virtude do exposto, e de acordo co artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023.

Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a realización das actuacións precisas para a execución do presente.

Terceiro.- Facer publico a prórroga do Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarto.- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023.

Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a realización das actuacións precisas para a execución do presente.

Terceiro.- Facer publico a prórroga do Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarto.- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2021.

O sr. alcalde da conta da proposta de 2 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 8 de xuño de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión celebrada en data 08/06/2022.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 112, de data 14/06/2022, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2021, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro".

O sr. alcalde explica que a conta se debateu na Comisión especial de contas e foi exposta debidamente, non tendo ningunha reclamación no prazo legalmente establecido, polo que procede aprobala e rendela diante do Tribunal de Contas, ao tratarse dun requisito básico para poder seguir percibindo subvencións e outro tipo de trámites.

O sr. alcalde aclara que a rendición de contas, moito máis alá da opinión da xestión que cada un teña, son números obxectivos, que o equipo de goberno non saca, senón

que o fai o departamento de intervención e que neste caso deixan un resultado orzamentario axustado do ano 2021, de 196.558 €, é dicir, que se recupera, despois de ter un déficit importante no ano 2020. Explica que o remanente de Tesourería para gastos xerais está en 168.667,00 €, e aí hai que ter en conta cuestións que empezan a pesar moito, como a débeda de Aquagest, que aínda está en vía xudicial, xa que é a estratexia que ten neste momento a compañía, engadindo que o feito de levalo incorporado durante tantos anos no orzamento e non efectivizalo penaliza dunha forma importante nese concepto.

Sinala o sr. alcalde que o aforro neto é positivo, de aproximadamente un millón de euros, e o nivel de endebedamento está no 30,38 %, igual que o ano anterior. Reitera que, máis alá da crítica que se poida facer, son datos obxectivos das contas do ano pasado e é a obriga do Concello aprobalas para transmitilas ao Consello de Contas.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra, Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra Lemus, quen manifesta o apoio do seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra Calvo anuncia a abstención do seu grupo. Manifesta que a conta é unha foto fixa da xestión, e é un documento técnico de obrigado cumprimento. Sinala que no orzamento 2021 xa dixera que non había moita planificación. Di que iso se corrobora neste documento porque por exemplo para a paga extra de decembro de 2021 e pago de facturas a provedores, houbo que realizar dúas transferencias de crédito, concretamente a 02/21 e a 03/21, segundo consta no informe de Intervención.

Di que eses gastos son ineludibles por parte do Concello, e deben de existir, loxicamente, créditos adecuados e suficientes nas previsións iniciais. Salienta a sra. Calvo que repite o que dixera con motivo da Conta do 2020, que hai que ter previsión e que non se ve que exista.

Refírese a sra. Calvo á execución do capítulo 6 de investimento e gastos, que ascende a un 38%. Di que só foron capaces de executar 4 millóns dos 10 que hai nese capítulo, e que a este paso non se fai, engadindo que hai que axilizar un pouco para aplicalos.

Sinala a sra. Calvo que, no que se refire ao capítulo 6 de ingresos, un ano mais, como di a Interventora no seu informe na páxina 8, están inflando os orzamentos de ingresos para dar lugar a maior gasto de inversión, con supostas ventas de solares que non se materializan. Salienta a sra. Calvo que dos solares fálase todos os anos e xa son un clásico e que agora o sr. alcalde di que os van vender todos en catro meses. A sra. Calvo deséxalle boa sorte. Sinala que isto provoca unha alteración no anexo de inversións, posto que se describen inversións que se van realizar pero parece que non se respecta xa que eses gastos estás afectados pola venda dos terreos, que non se chega a executar, polo que sempre se está a falar do mesmo.

Refírese a sra. Calvo ao informe de intervención e di que hai algo que quere reseñar, que se concreta na páxina 11 do mesmo na que se indica que existen 1.191.547,62 € de dereitos pendentes de cobro, de orzamentos pechados.

Deduce a sra. Calvo que se está a gastar máis do que se ingresa e iso é porque o orzamento de ingresos non é real, pois está baseado en estimacións que non se cumplen como os capítulos 3, 4, 5, 6 e 7. Aclara a sra. Calvo que todo o que está a falar, non é que o diga o seu grupo, senón que está sacado do informe de Intervención.

Con respecto ao capítulo 3 só se recadan ingresos por apenas 84% do total do orzamentado, que son case 500.000 €. Manifesta a sra. Calvo que o sr. alcalde xustificou no informe económico que acompaña o expediente un incremento dos ingresos da taxa de auga polos novos usuarios, logo de regularizacións e ampliación da rede, engadindo que non sabe onde está ese diñeiro.

Di a sra. Calvo que outra cousa que lle preocupa é a evolución do remanente de Tesourería. Di que nos últimos catro anos pasou de 2,3 millóns de positivo a 168.000 €, o que supón unha baixado dun 93%. Pensa que hai que tomar medidas correctivas, que non se poden inflar así os orzamentos de ingresos e gastar sen control e que, á larga, o que vai haber é un problema de liquidez no Concello.

Di a sra. Clavo que parece que se repite todos os anos pero é porque hai unha xestión, que non vai pór en entredito, pero que non se axusta ao que precisa o Concello de Teo. Di que se precisan medidas correctoras, engadindo que o que está dicindo o avalan os números e o informe dos técnicos do departamento de Intervención. Pensa que hai que facer orzamentos realistas porque é bastante importante, como xa se está vendo, saber xestionar o diñeiro de todos os veciños.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que en todo caso non queren entorpecer a xestión administrativa, polo que se van a abster.

O sr. alcalde responde que sen querer entrar en debate, como ben di a sra. Calvo, hai cuestións que son obxectivas e que expresan os números. Di que, en todo caso, os orzamentos son sempre unha previsión de gastos, é dicir, que necesariamente é unha previsión do que vai acontecer. Hai que ter certa capacidade de manobra sobre o orzamento, precisamente porque moitas veces o que se prevé tanto en gastos coma en ingresos non chega a producirse. Sinala que a responsabilidade é o resultado dunha boa xestión é, a pesar de que se contabilicen por exemplo 500.000 € en ingresos por venta de solares e non se faga, non hai un déficit de 500.000 € porque se se prevera ingresalos e se gastaran coma se se tivesen cobrado claro que o resultado final sería un déficit. Por iso di que asumen a responsabilidade de non ter vendido as fincas en tempo pero tamén a responsabilidade de ter manobrado a tempo co orzamento, con transferencias ou con outros recursos, para que ao final de todo o balance do resultado sexa que se gastou 196.000 menos do que se ingresou, sendo ese o resultado orzamentario. Pensa o sr. alcalde que é unha xestión bastante responsable, sen obviar algunhas críticas, que sempre é unha situación difícil, porque moitas veces cabalgan en varios exercicios cuestións coma os investimos do IDAE, que se prevé por exemplo gastar 400.000 € e non se fai porque non se completaron as obras que están dentro de prazo e hai que orzamentalas antes de iniciar a execución, etc. É dicir, que non é fácil unha xestión económica, e en todo caso asumen as críticas. Sinala que máis alá diso tamén fan fincapé en que ao final non están empobrecendo ao Concello, en todo caso hai 196.000 € máis de ingresos que de gastos.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2021, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

5.- DITAME DA APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 22 de setembro de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA
TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

Considerando o deficiente estado que presentaban algunhas escolas infantís do CRA de Teo e a necesidade de facer fronte a reformas inaprazables aproveitando a tempada de vacacións escolares

Considerando o incremento brutal da tarifa eléctrica que triplicou algúns dos custos estimados, especialmente o gasto enerxético vinculado a ETAP e as EDARes

Considerando que hai partidas económicas previstas para este exercicio pero que poden ser aprazadas para exercicios vindeiros ou minoradas nos seus obxectivos

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:

Procedencia	Destino	Importe
241/22199	320/62200	75.000€
430/61900	340/62200	25.000€
933/68100	161/22100	180.000€

Segundo.- Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia".

O sr. alcalde di que esta é, como se dicía antes, unha desas necesidades de capacidade de manobra que hai que ter. Hai competencias que son plenarias entre os distintos capítulos e por iso veñen a Pleno e hai que levalo a cabo agora, cando outros anos non se fixo, igual por non ser tan previsores en principio, pois é unha tramitación complexa, que require a publicación, un prazo de exposición e demais.

Sinala que esas transferencias van vinculadas a un gasto importante nas escolas infantís, que houbo que facer para poder aproveitar algún edificio con plena potencialidade, como foi o da escola da Casalonga, e pola imprevisión, que isto si que é unha imprevisión, do incremento brutal da tarifa enerxética.

Lembra que sinalaba o outro día na Comisión, como exemplo, o feito de que un custo que xa de por si é excesivo e condiciona moito o servizo de abastecemento que é por exemplo ter un gasto mensual duns 28 ou 29 mil euros polo bombeo da ETAP e mandar toda a auga ao depósito de Rialdomato para a distribución, pois este ano chegáronse a pagar recibos de 90.000 €, o cal é unha auténtica salvaxada. Pensa que haberá que incidir en medidas de autoproducción pero que requiren o seu tempo.

Salienta que por iso se propoñen esas transferencias que se sinalan no ditame, entre outras cousas sacando da compra de parcelas que estaba prevista. Explica que se

mercou a parcela do Centro de saúde, engadindo que esa previsión era para facerse coa Carballeira de Francos que non se puido executar porque ese investimento vai vinculado á venta das parcelas. En poucos días sairá o anuncio da venta das parcelas, esperando ter completado o proceso antes de final de ano, e como se conta con prorrogar os orzamentos iniciarase ese proceso tan pronto estea completado o da venta de parcelas, para que a Carballeira de Francos, xa que este ano non vai a poder ser, para o próximo sexa propiedade municipal.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, sobre todo polo tema da desaparición do crédito para a expropiación das parcelas, porque por segundo ano non hai esta expropiación. Di que o sr. alcalde o vencella á venta de parcelas pero pensa que é moito vencellar.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, porque efectivamente isto si que é unha cousa sobrevida, o da luz e demais gastos, porén a paga extra dos funcionarios non é un gasto sobrevido. Sinala que de acordo con isto o sr. alcalde sabe perfectamente que o que ela di é certo, que non hai unha previsión, que entende que tería un mal día cando o fixo, que non entra aí, pero que este tema é outra cuestión que ninguén podía prever, que a luz alcanzaría eses récords históricos e entón pola súa parte van apoiar o ditame.

O sr. alcalde sinala que en todo caso os funcionarios cobraron a paga extra grazas á transferencia. Sinala que o capítulo de persoal é un capítulo no que normalmente hai que facer transferencias e ademais nin sequera son de acordo plenario as transferencias nese capítulo. Obviamente pode haber pequenos desaxustes coma ese, xa que a paga extra de cada persoa vai no seu capítulo, por exemplo, as de educación en educación, etc.., e sempre se poden producir pequenas distorsións entre un servizo e outro e a iso responde a transferencia.

A sra. Calvo di que o problema é que sempre chega algo, que se pode facer substancialmente mellor e que, de todas formas, eles non din que a xente non cobre e se se vai ao histórico de votación se verá que eles sempre se abstiveron nas votacións de transferencias de crédito.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 2 BNG), e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:

Procedencia	Destino	Importe
241/22199	320/62200	75.000€
430/61900	340/62200	25.000€
933/68100	161/22100	180.000€

Segundo.- Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN ERROS ANEXO DE PERSOAL ORZAMENTO 22.

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 22 de setembro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA
CORRECCIÓN ERROS NO ANEXO DE PERSOAL
DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2022

Detectados erros no cadro de Anexo de Persoal dos Orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022

Considerando que as retribucións reais que perciben as persoas traballadoras do concello correspóndense co salario que realmente lles corresponde, a fin de evitar interpretacións erradas que poidan trasladarse a futuros exercicios, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Realizar a corrección de erros no Anexo de Persoal dos Orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022 no cadro que recolle as retribucións do persoal funcionario da Administración Xeral e de Política Económica e Fiscal, que quedaría do seguinte xeito:

Nº	GRUPO PROG	ESCALA	SUBESCALA	CATEG.	GRUPO	NIVEL	RETRIBUC. BÁSICAS EX. TRIENIOS	CD*14	CE *14	RET. TOT.	SITUACIÓN
20	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,87	15.147,86	23.272,90	54.813,63 €	P
21	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,87	13.015,94	23.272,90	52.681,71 €	P
22	920	ADMÓN. XERAL	TÉCNICA RRHH		A2	26	14.415,03	10.917,63	17.005,24	42.337,90 €	V-O.I.
23	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA(XSA)		C1	22	11.040,40	7.972,24	17.005,24	36.017,88 €	P
24	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,40	7.972,24	16.235,80	35.248,44 €	P
25	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,40	7.972,24	16.235,80	35.248,44 €	P
Lb 50	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
Lb 51	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
26	920	ADMÓN. XERAL	SUBALTERNA		AP	14	8.576,26	4.769,80	10.743,74	24.089,80 €	V-O.I.
ADMINISTRACIÓN XERAL											
27	931	HABILITACION EST.	INTERVENCIÓN-TESOURERÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,90	15.147,86	23.272,90	54.813,66 €	P
28	931	HABILITACION EST.	TESOURERÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,90	15.147,86	23.272,90	54.813,66 €	P
29	931	ADMÓN. XERAL	TECN. XEST ECONÓMICA		A2	26	14.415,03	10.917,63	17.005,24	42.337,90 €	P
30	931	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,38	7.972,24	16.235,79	35.248,41 €	P
Lb 55	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL											

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a citada corrección de erros a efectos informativos”.

O sr alcalde di que se detectou dentro deses capítulos que aparecen na proposta unha disfunción no complemento de destino e algún no complemento específico dalgúns funcionarios, de 2 ou 3 persoas. No orzamento estaba ben orzamentado en cada apartado pero ao transcribir o capítulo do anexo de persoal colleuse algún dato do ano pasado e deu lugar a ese erro. Sinala que, previsiblemente vaise funcionar con

orzamentos prorrogados, e se hai unha nova Corporación considérase necesario corrixir ese erro para que non se traslade ao futuro, tendo en conta ademais que todo o persoal estaba a percibir as cantidades correctas, xa que o que está mal é so o cadro.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio do seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Realizar a corrección de erros no Anexo de Persoal dos Orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022 no cadro que recolle as retribucións do persoal funcionario da Administración Xeral e de Política Económica e Fiscal, que quedaría do seguinte xeito:

Nº	GRUPO PROG	ESCALA	SUBESCALA	CATEG.	GRUPO	NIVEL	RETRIBUC. BÁSICAS EX. TRIENIOS	CD*14	CE *14	RET. TOT.	SITUACIÓN
20	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,87	15.147,86	23.272,90	54.813,63 €	P
21	920	HABILITACION EST.	SECRETARÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,87	13.015,94	23.272,90	52.681,71 €	P
22	920	ADMÓN. XERAL	TÉCNICA RRHH		A2	26	14.415,03	10.917,63	17.005,24	42.337,90 €	V-O.I.
23	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA(XSA)		C1	22	11.040,40	7.972,24	17.005,24	36.017,88 €	P
24	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,40	7.972,24	16.235,80	35.248,44 €	P
25	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,40	7.972,24	16.235,80	35.248,44 €	P
Lb 50	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
Lb 51	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
26	920	ADMÓN. XERAL	SUBALTERNA		AP	14	8.576,26	4.769,80	10.743,74	24.089,80 €	V-O.I.
ADMINISTRACIÓN XERAL											
27	931	HABILITACION EST.	INTERVENCIÓN-TESOURERÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,90	15.147,86	23.272,90	54.813,66 €	P
28	931	HABILITACION EST.	TESOURERÍA	ENTRADA	A1	30	16.392,90	15.147,86	23.272,90	54.813,66 €	P
29	931	ADMÓN. XERAL	TECN. XEST ECONÓMICA		A2	26	14.415,03	10.917,63	17.005,24	42.337,90 €	P
30	931	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.040,38	7.972,24	16.235,79	35.248,41 €	P
Lb 55	920	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	22	11.211,84	0,00	0,00	11.211,84 €	V-PI Cruzada
POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL											

<u>Segundo</u>.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a citada corrección de erros a efectos informativos.

Sendo as vinte horas e vinte e catro minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.ª Mónica I. Lado Varela.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECLAMACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DP-0205 E DE SEGURIDADE VIARIA NO NÚCLEO DA IGREXA (LUOU).

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de setembro de 2022.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA
Reclamación de ampliación da DP-0205 e de seguridade viaria do núcleo da Igrexa (Luou)

A estrada DP 0205 ten un trazado de 13.010m que une Bertamiráns (Ames) coa Ramallosa (Teo) e soporta un tráfico moi intenso como vía de conexión da AG 59 e da AC-841 coa AG 56 e a N-550. Esta vía foi ampliada na súa totalidade hai máis dunha década, incluso con variantes de varios quilómetros para retirala dos núcleos tradicionais polos que pasaba. Incomprensiblemente, un tramo de algo máis de tres quilómetros comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), quedou fóra do proxecto e nun estado de lamentable abandono en canto á seguridade viaria.

O 27 de xuño de 2008 a Deputación provincial aprobou un proxecto técnico de ampliación e mellora deste tramo, chegando incluso a anunciar a urxente expropiación (BOP do 1 de febreiro de 2010). A realidade é que catorce anos despois o único que se fixo foi dilapidar aglomerado recrecendo innecesariamente a plataforma, o que incrementou os problemas de seguridade viaria e orixinou outros co estancamento das pluviais.

As continuas reclamacións dos gobernos municipais foron desatendidas pola Deputación provincial, con boas palabras pero absoluta falta de compromiso real. O 1 de decembro do 2015 D. José Manuel Pequeño, deputado provincial responsable de Vías e Obras, visita co Alcalde e a concelleira de Urbanismo as curvas do Aido, comprometéndose a redactar un novo proxecto ao longo do 2016. O 18 de maio de 2017 é o propio Presidente da Deputación o que ven a Teo a presentar o proxecto da variante da DP8202 (por certo, obra sen iniciar máis de 5 anos despois), e visita no TeoBus a ponte e as curvas do Aido, comprometéndose unha vez máis a redactar o proxecto con urxencia (ante a evidencia de que non fixeran nada ao respecto). Outra volta, o 19 de febreiro de 2019, na reunión mantida na Coruña pola concelleira de Urbanismo e o Arquitecto municipal co Presidente da Deputación, ponse enriba da mesa o tema da ampliación da DP 0205, cun novo compromiso de redacción do proxecto dunha variante.

O último episodio do desleixamento da Deputación constátase na reunión entre o Presidente da Deputación e o Alcalde de Teo celebrada na Coruña o 14 de xaneiro de 2021, na que se manifesta expresamente a non existencia de ningún proxecto sobre este tramo nin, tan sequera, a contratación da redacción do mesmo, comprometida repetidamente. Diante desta situación insostible, o Alcalde e o Presidente da Deputación, despois de facerlle ver o insostible e discriminatorio da situación, chegan a un acordo expreso: A Deputación comprométese a licitar ese mesmo ano a redacción do proxecto dunha primeira fase da ampliación da estrada entre A Igrexa de Luou e a ponte do Aido (que inclúe a construción dunha nova ponte e unha variante nas curvas do Aido) e o concello á redacción dun proxecto de seguridade viaria no tramo da carballeira e o cruce de Luou co obxecto de evitar a grave inseguridade viaria que se recoñece nese punto e na que, o propio Presidente recoñece o absurdo que resulta que a Deputación non autorice pasos de peóns mentres a estrada sega a ser de titularidade provincial. O compromiso conleva que o concello redacte o proxecto e tramite os permisos de Patrimonio para acto seguido asinar un convenio no que a Deputación cede ao concello ese tramo da estrada e financia entre o 50 e o 70% do custe da obra.

Cumprido o compromiso municipal co proxecto básico de “Recuperación do espazo urbano e paisaxístico na carballeira de Luou” asinado por Crecente y Fuertes SLP cun orzamento de 1.100.662€, e tramitado o permiso diante de Patrimonio (que require algunhas modificacións de escasa entidade), solicítase en maio de 2022 unha nova entrevista co Presidente da Deputación. A pesar da reiteración da solicitude de entrevista o 6 de xuño, ou de volver a facelo o 27 de xuño, o Presidente da Deputación non ten tempo para recibir ao Alcalde de Teo.

Despois de mostrar a indignación desta Alcaldía, telefonicamente ofértase dende a Deputación a posibilidade de ser recibidos por José Manuel Pequeño, deputado provincial responsable de Vías e Obras, cita a que asiste o Alcalde acompañado do Arquitecto municipal o 15 de xullo deste ano. Unha vez máis recoñécese que a Deputación non iniciou a redacción do proxecto de ampliación da DP 0205 no tramo comprometido e, ademais, indícase que o proxecto redactado polo concello non poderá realizarse se non existe unha vía alternativa ao tramo de Luou, cuestión que nunca se puxera enriba da mesa, obviamente, pois imposibilitaría esa alternativa e o concello non tería gastado os cartos en redactar o proxecto.

Neste período de continuos compromisos incumpridos co concello de Teo, constátase ademais o trato discriminatorio da Deputación con respecto a outros concellos: así, sobre esta mesma estrada DP 0205, constrúese no concello de Ames, un carril bici dende Bertamiráns ata Agro do Muíño, cunha achega da Deputación de máis de medio millón de euros. Mentres, nas curvas Aido seguen a envorcar camións que se cruzan con autobuses sobre unha ponte de 3 m de ancho.

Consecuentemente, tomando en consideración o arriba exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Esixir á Deputación que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.

Segundo.- Reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.

Terceiro.- Trasladar ao Presidente da Deputación a indignación desta Corporación pola falta de cumprimento dos compromisos asumidos reiteradamente".

O sr. alcalde di que foi unha experiencia totalmente frustrante e que ademais non aconteceu nun día nin en dous senón ao largo de toda a lexislatura, incluso pode remontarse á anterior lexislatura.

Sinala que no último momento se lles pediu que se fixeran unha serie de trámites, que se fixeron, e cal foi a sorpresa cando os compromisos se quedaron en nada.

Explica que se gastou diñeiro na redacción dun proxecto, colaborouse no posible, e ao final o que se di é que a estrada é da Deputación así que a arranxen. Considera que non ten explicación que se estean gastando cartos en Ames en carril bicis na mesma estrada e en Teo sigan 3 quilómetros nunha situación absolutamente lamentable.

Explica que o que se pide no acordo é esixirlle á Deputación que solucione de forma inmediata os graves problemas de seguridade viaria no tramo da DP-0205, que é da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na carballeira de Luou ou nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide, que son as que corresponden a ese tramo que non está ampliado, e reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación dese tramo, que vai do punto quilométrico 7850 ao punto

quilométrico 11200.

Sinala tamén que ao igual que o concello ten limitacións a Deputación tamén as ten. Por exemplo, pensa que é unha limitación asumible o criterio técnico que se segue na Deputación da Coruña por exemplo con respecto tanto a redutores da velocidade como a semáforos como a pasos de cebra e demais. A constatación evidente é que a Deputación de Pontevedra, gobernada ademais polo mesmo partido, ten un criterio técnico absolutamente distinto e as estradas provinciais están cheas de lombas, de semáforos e de pasos de cebra. Aínda recoñecendo esas limitacións, que son as que impiden por exemplo poñer un paso de cebra en Luou, a conclusión é que iso obriga máis a ir a unha solución definitiva.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da súa quenda.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que o seu grupo vai a apoiar a proposta, engadindo que non vai a entrar nas formas. Considera que para ser unha moción institucional é un pouco curiosa, aínda que non vai entrar nese tema.

Explica a sra. Lemus que chamou á Deputación para preguntar exactamente que pasaba, porque non entendía que acontecía. Di que co técnico que falou entendía que o que había que facer neste caso, tendo en conta as obras que se pretendían levar a cabo, era unha cesión dese tramo da estrada da Deputación ao Concello, e como tal tramo intermedio e como o artigo 18 da lei de estradas de Galicia di que é necesario que haxa unha variante, a eles coa variante planificada ou existente lles valía.

A sra. Lemus di que para que se vexa a similitude está pensando na estrada de Cacheiras, na Igrexa, hai unha variante marcada no PXOM que é por onde van facer o proxecto e a idea é que eles fan a variante e despois a outra parte da estrada quedaría para titularidade municipal.

No caso do outro tramo que se pretendía facer, que era do Aido ata despois da ponte, no momento en que xa amplía o viario, xusto na entrada do punto limpo, era o mesmo, é dicir, hai unha especie de variante marcada pero si que eles farían unha variante e permitiríase a cesión do Concello. Sinala que isto mesmo falouse hai uns anos co tema

da travesía de Cacheiras, é dicir, podíase permitir a cesión da Xunta ao Concello no tramo mentres existira unha variante do mesmo titular, porque senón non é posible unha cesión. De aí que, por exemplo, Ames agora teña a estrada de Bertamiráns, porque ten unha variante.

Sinala a sra. Lemus que, aínda que ela ten as súas dúbidas técnicas, os técnicos da Deputación argumentan que o proxecto presentado excede das competencias viarias da Deputación, ao afectar a fincas estremeiras privadas e implicar determinadas obras que non serían as do propio viario e que entón sería necesario facer esa planificación alternativa por parte do Concello, é dicir, unha modificación do Plan xeral cunha variante planificada, non executada, e que con iso permitirían o financiamento e despois a permuta, inexistente, porque non habería permuta pero habería cesión. Sería unha cesión con permuta posterior. Sinala a sra. Lemus que ela o proxecto non o veu, que non foi a que o tramitou, por moito que se lle bote a bronca polo proxecto da Deputación, entón non sabe que tipo de elementos levan aos técnicos da Deputación a dicir que é necesaria unha variante do PXOM.

Di a sra. Lemus que o da variante do PXOM, na zona de Luou, vén de lonxe, había un trazado viario alternativo, do ano 2005-2006, que naquel momento se paralizou coa oposición do sr. Sisto. Sinala a sra. Lemus que ante a pregunta de cal é o problema hai que ter en conta que agora mesmo hai unha situación na que moitas veces hai problemas coas inversións da Deputación, e por moito que sexan do seu mesmo partido iso non significa que non o poida dicir, pero si que hai un problema técnico agora mesmo. Sinala que hai dúas versións técnicas do que se pode facer nese proxecto ou non.

Di a sra. Lemus que non sabe, e iso tamén se lle escapa, cal foi a conversa do Presidente da Deputación co sr. alcalde sobre ata onde podía chegar o proxecto, non o sabe e non se vai meter nese tema porque non estaba nesa reunión, pero si que é verdade que o único que se lle ocorre é intentar dar un pasiño adiante, xa que todos son conscientes de que a estrada da Deputación, a DP-0205, como o resto das estradas da Deputación do Concello, teñen que ser melloradas, e iso non é discutible, as que permiten variante e as que non a permiten terán que ser ampliadas con canalización ou como sexa. Sinala que entón o único que se lle ocorre, dado o conflito,

e intentar facer o que se fixo noutros casos, é dicir, intentar configurar que vaian os portavoces, coma outras veces, para que vexan que o Concello está unido, que vaia o técnico municipal, a unha reunión cos deputados correspondentes, e que se intente chegar a un acordo. Pensa que igual que funcionou dunha forma correctísima co conselleiro de Sanidade, xa que esa reunión sobre o centro de saúde, como reunión de coordinación, foi das mellores que viviu, e así llo dixo a el, hai que buscar unha saída. Considera a sra. Lemus que o non xa está pero o problema segue existindo, hai un problema de humanización, de seguridade viaria, de un bar ao que lle entra auga e miles de problemas nesa zona que hai que solucionar e ademais estanse metendo infraestruturas municipais a maiores nesa zona co cal a carga de inseguridade viaria vese aumentada, entón como posible solución é o único que se lle ocorre, e polo menos haberá que intentalo igual que outras veces se intentou con outras Administracións.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez anuncia o apoio do seu grupo. Salienta que non vai a repetir todas e cantas veces trouxeron este asunto por parte do grupo do PP ao Pleno, e nomeadamente a problemática que hai no núcleo da Igrexa en Luou, ademais de todos os puntos que se especifican na propia proposta da Alcaldía, e non só na DP-0205 senón na DP-8201 entre o Piro e Teo e non só aí tampouco senón con outros compromisos que se teñen adquirido.

Sinala o sr. Sánchez que da a sensación de que hai unha intención clara de obstaculizar calquera proxecto que sexa para Teo por parte da Deputación. Pensa que non é entendible que pasen anos e anos con algúns dos proxectos dende que se anuncie que se vai facer algo e que todo parece que está definitivamente decidido ata que finalmente se fai, ou mellor dito non se fai. Considera que é incrible que veña isto coleando dende, polo menos, o ano 2015.

Di o sr. Sánchez que a proposta da sra. Lemus lle parece estupenda pero pensa que todos os grupos políticos, particularmente o PP, trouxeron o tema ao Pleno, polo tanto fixéronse as xestións a nivel municipal, foron á Deputación, recolleron sinaturas por

parte da veciñanza, o propio Deputado provincial presentouno en Pleno dúas ou tres veces, tanto o que afecta á DP-0205 desta moción como o que afecta á DP-8201 e nada, coma quen oe zoar o vento. Porén, para outros concellos da contorna, como acaba de dicir o sr. alcalde, parece que ocorre exactamente o contrario.

O sr. Sánchez di que non lle cabe dúbida de que parece haber un estancamento intencionado claramente por parte da Deputación para non levar a cabo os proxectos de Teo. Considera que é rotundamente necesario o que se expón nesta proposición da Alcaldía e en tantas outras que teñen citado.

O sr. alcalde di que comparte, e ademais así llo trasladou ao Presidente da Deputación, a absoluta discriminación do Concello de Teo. Sinala que o POS é o que é, pero realmente o que prima e o que da cartos extras son os convenios, e se se miran os convenios nos últimos 10 anos e o investimento por habitante en base a convenios, o Concello de Teo está entre os 10 últimos da provincia claramente e sen dúbida ningunha. O que acontece é que como o Concello é tan dependente da Deputación para certas cousas tamén se mide o nivel de confrontación, pero chega un punto en que non hai máis remedio.

Sinala que, por aclarar ben o tema, sen ánimo de polémica, había un problema, e así se plantexou, que vai dende Cornide ata o Aido, engadindo que ese era o problema, tres quilómetros nunha estrada de 11 quilómetros e pico. Houbo compromisos expresos e continuados de arranxar iso, de afrontar esa ampliación, nunca para ese tramo se pediu nin viario alternativo nin nada. Lembra que no ano 2015 cando veu Pequeño, no 2017 cando veu o presidente da Deputación, en febreiro do 2019 na reunión mantida, na que el non estaba, pero así llo transmitiu o arquitecto e a concelleira, e sempre se falou de que eles ían a redactar o proxecto. Explica que o cambio e esta inclusión e esta novidade pasa en xaneiro do 2021 cando el chega á Deputación co Presidente e lle volve a dicir que non hai proxecto ningún, e que se plantexan facer unha variante para todo o Aido, non polas curvas do Aido senón saíndo polo Aido e dando a volta por fóra de todo. Di o sr. alcalde que quedou cunha cara de alucine, porque despois de todo o que levaban falado aparecer con esa solución, aínda que lle pareceu moi ben, pero xa lle dixo ao Presidente é que fora partindo de que ia ter que meter 10 ou 15 millóns só en expropiacións, porque se isto se fixera hai 10 anos ou

cando se fixo a variante das canteiras igual era moito máis barato pero naquel momento, no ano 2021, poñerse a facer unha variante....O sr. alcalde sinala que tamén lle dixo ao Presidente que estarían encantados e que esa solución valía perfectamente. Visto o visto e empezando a mirar os planos dixeron que bueno, que a ver como se facía, porque teoricamente lle tiñan moito medo á ponte do Aido. O sr. alcalde di que non entende que medo teñen porque seguen sen sacar a licitación e sen facer ese proxecto, pero que eles se comprometían de verdade a facer o proxecto.

Despois, tal como lle expuxera de todas as promesas incumpridas, do déficit histórico do Concello de Teo en canto a investimentos, foi cando lle dixo que se non fan o proxecto para o ano que vén completo e só o fan unha parte que se busque unha solución para ese tramo, que é máis complicado, o de Luou, e aí o Concello está disposto a colaborar.

Explica o sr. alcalde que, nesa colaboración, é onde ven a necesidade dun vial alternativo que tiña que estar proxectado no PXOM. Sinala que, se tiveran dito iso no seu día ao Concello, non se poñían a redactar ningún proxecto.

Explica que, con respecto ao proxecto, só fai referencia ao tramo xusto da Carballeira, dende Chaves ata o outro lado, que era o único cacho que se barallaba a posibilidade de ceder. Ademais esa cesión, esa colaboración, viña no recoñecemento que o presidente facía da súa propia incapacidade cos técnicos para poñer alí un paso de cebra. É dicir, que era unha cuestión compartida. Dende maio se intentou manter unha reunión co presidente da Deputación e nin sequera recibe ao Concello, e aínda entendendo que teña moitas ocupacións, recibir a un alcalde debería de estar tamén entre as ocupacións importantes, sobre todo cando hai compromisos adquiridos. Salienta o sr. alcalde que polo tanto o Concello continúa sen que ningún compromiso se efectivice, por iso, el e o arquitecto saíron da reunión dicindo que habían ido para colaborar e, se esa colaboración non interesaba, a estrada é da Deputación polo tanto son eles os que teñen que solucionar o problema.

Salienta o sr. alcalde que niso se está, e iso é que se lle di na proposta, que solucionen o problema, e ata darán por ben investidos os proxectos, que se van a remitir, posto que nin tan sequera llos recolleron, polo que non sabe como o van a valorar se non o

recolleron, pois despois de non ser recibidos polo presidente acabounos recibindo o responsable de obras, e se lle levou o proxecto, pero non o recolleu. Remata o sr. alcalde sinalando que, chegado a este punto, a estrada é da Deputación, que fagan o que teñan que facer e se ocorre algo ou deixa de ocorrer cada un asumirá as súas responsabilidades.

Aberta unha segunda quenda de intervencións, tanto a sra. Castelao como a sra. Lemus non fan uso da mesma.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e di que non é por meterse con ninguén, pero, dirixíndose á sra. Lemus, dille que vir a estas alturas con que hai problemas técnicos ou que os técnicos poñen trabas e demais, cando este asunto leva enriba da mesa anos e anos e anos non é entendible. Dille á sra. Lemus que ela, que foi concelleira de urbanismo, sabe que problemas técnicos hainos todos os días a todas as horas en todas as obras e en todos os momentos. Di que, dende o respecto, lle parece unha escusa de mal pagador. Sinala que a día de hoxe ben se ve que é máis unha cuestión de vontade política que doutra cousa. Salienta que, aínda que probablemente estea equivocado, porén é o que pensa, e esa é dende logo a súa impresión. Sinala que, de acordo co exposto, apoian a proposta ao cen por cen, e calquera outra que se fixera respecto dos investimentos anunciados pola Deputación e que a día de hoxe, anos e anos despois, seguen estando no tinteiro. Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que quere que quede clara a idea do partido PP de que se albisca unha clara intención de obstrución ás execucións e investimentos no Concello de Teo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Esixir á Deputación que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.

<u>Segundo</u>.- Reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.

<u>Terceiro</u>.- Trasladar ao Presidente da Deputación a indignación desta Corporación pola falta de cumprimento dos compromisos asumidos reiteradamente.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DA PARTICIPACIÓN NO POS + ADICIONAL 2022. 2ª FASE.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de setembro de 2022.

O sr alcalde informa de que na Xunta de portavoces xa deron o balance da situación e de como fora o compromiso, quedando os investimentos tal como se reflicte na proposta, repartidos en función de todos os grupos, e nesas circunstancias quedan por aprobar dous proxectos das obras do acondicionamento da vía que vai de Insua a Espasande, que quedou terrible despois da construción da senda, e o afirmado e acondicionamento do viario municipal en Tribaldes, que fora unha das peticións feitas polos distintos grupos.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 2/2022”

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2022, acordou participar no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ”POS +2022”” e aprobar o Plan

Complementario, incluíndo neste último os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09
TOTAIS	**901.012,22**

Vista a “Circular da Deputación Provincial sobre a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” para a regulación do POS+Adicional 2/2022 para gasto corrente / investimentos financeiramente sostibles / revisión excepcional de prezos”, de maio de 2022, e considerando que segundo a mesma a cantidade que definitivamente lle corresponde ao Concello de Teo no POS +ADICIONAL 2/2022 ascende a 679.748,08 €.

Vista a aprobación definitiva das bases reguladoras modificadas do POS+ 2022 para a regulación do POS+ADICIONAL 2/2022, publicadas no BOP nº 139, de 22 de xullo de 2022.

Tendo en conta que, de acordo coas bases referidas e en base á facultade conferida a esta Alcaldía polo Pleno da Corporación, na sesión do 2 de febreiro de 2022, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario adoptado nesa data e do correspondente expediente, mediante Decreto da Alcaldía de 28 de xuño de 2022 (834/2022), resolveuse participar na 1ª fase do Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS +Adicional 2/2022, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles, xa incluídos no Plan Complementario 2022, que se detallan a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA-CALO (CONCELLO DE TEO)	92.855,93 €	0,00	0,00	0,00	92.855,93 €
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49 €	0,00	0,00	0,00	215.368,49 €
TOTAL	**308.224,42 €**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**308.224,42 €**

Considerando que, de acordo co exposto, a cantidade pendente de aplicar no Concello de Teo, na 2ª fase do POS Adicional 2/2022, en relación coa maior achega provincial, ascendería a 371.523,66 €, e que o prazo para participar na citada fase remata o 5 de outubro de 2022.

De acordo co exposto, tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxestións veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Na memoria fálase das zonas urbanas coa frecuencia que se propón. Explica o sr. alcalde que todo isto é unha proposta e están abertos a calquera tipo de suxestión e a definir as características, igual que o estiveron dende que se presentou aos distintos grupos. Sinala que se fala do varrido mecánico, de mantemento, limpeza e baleirado de papeleiras, limpeza de marquesiñas, limpeza e retirada de excrementos animais, da limpeza da vía pública, da limpeza das áreas naturais e recreativas, a limpeza en época de festas e a roza e limpeza en sendas peonís, que é unha das últimas cousas que se incorporaron porque se considerou que é unha das novas necesidades que resultan apremiantes.

Explica o sr. alcalde que, canto aos medios que se propoñen no estudo, están por unha parte os medios persoais, que quedarían formados por un encargado do servizo, catro persoas condutoras, dous camións, capataz de RSU, peón de recollida RSU, dous oficiais de limpeza viaria e cinco peóns de limpeza viaria, co cal o incremento sobre a plantilla actual sería nesas tres persoas das que se falaba antes.

En canto aos medios materiais sería un camión de recollida de RSU de carga lateral do

ano 2010 e un de recollida de carga traseira do ano 2010. Son elementos contractuais que ao fin da concesión pasarían á disposición do Concello, e polos datos que hai contrastados coa xente do servizo os camións están nun período que lles quedaría tres ou catro anos de vida, co cal da a posibilidade de facer un progresivo traslado, pero que tampouco hai que obviar que son camións vellos e por iso na proposta se recolle un camión de recollida de RSU de carga superior de 23 m^3 novos, un de recollida de RSU de carga traseira de 23 m^3 novo, un de recollida de voluminosos novo, un lavacontedores novo, un de brigada mixto con hidrolimpadora novo, o dirixido á limpeza no medio rural, un vehículo de baldeo novo e unha furgoneta de cinco prazas para os traslados.

Refírese o sr. alcalde aos custes do servizo e explica que se parte de que hai uns custos básicos dende as sopradoras, carros de limpeza, rotulación, material accesorio, material de oficina, creación de páxina web, etc., que se estiman en 37.000 €, e o custo importante da concesión que sería o establecemento dos contedores semisoterrados e a renovación dos contedores de carga traseira, é dicir os de medio rural, que teñen un custe estimado de 1.725.000 €, ademais dos 150.000 € dos compostoiros das vivendas unifamiliares.

Explica o sr. alcalde que na memoria se fala da importancia da recollida do servizo e da implantación da recollida da fracción orgánica, que require fundamentalmente unha progresiva implantación, porque require un proceso de concienciación que ten que ser de acompañamento, que non se pode limitar a facer unha campaña puntual para ese tipo de situacións senón que ten que ser de acompañamento ao longo dun período dun ano ou dous, con contacto e reunións nos sitios nos que se vaia implantando progresivamente. Sinala que se falaba de iniciar este proceso tras campañas de concienciación e seguimento nas zonas de Augas Mansas, Campos de Mirabel, Os Verxeis, Parque Montouto, San Sadurniño e os Tilos, que podería ser ampliable en función das opinións do resto dos grupos, tamén da compostaxe individual, co reparto de contedores ás persoas comprometidas coa campaña nas vivendas unifamiliares, e na recollida en orixe en supermercados, cociñas de colexios, residencias, ou grandes produtores de orgánicos.

Polo que respecta á situación económica, aos custos, sinala o sr. alcalde que,

tratándose dos gastos ordinarios falábase antes dos gastos de implantación porén hai unha serie de gastos ordinarios de carácter anual que se elevan a un total de 1.104.647 €. Sinala que aí unha parte moi importante deses custes son os de financiamento para a posta en marcha do servizo, que loxicamente sería un crédito para facer fronte á substitución dos contedores fundamentalmente, que é a parte importante, porque os camións de recollida e demais establécense mediante un mecanismo de renting.

Lembra o sr. alcalde que se falaba de que na situación actual que vai máis alá do sistema de xestión que se decida adoptar polo Pleno, os importes que se estaban pagando á concesionaria están en torno aos 620.000 € ou 630.000 € ao ano, que é o gasto de licitación do ano 2010 actualizado nos seus respectivos anos, e pasaría nesta situación a 1.100.00 €/ano, cos gastos contemplados anualmente, como se dixo antes, custos de financiamento, persoal, mantemento, enerxético, publicidade, seguros, etc...

Lembra o sr. alcalde que a análise de mercado que se fixo fai que os prezos de licitación que se están sacando en concellos de similares características estean en 1.100.00m €/ano sen substitución de contedores e 1.300.00 €/ano coa substitución dos contedores clásicos, sen ir a opcións como poderían ser a modular, que se formula na proposta que se presenta.

En canto aos ingresos hai que considerar, e reivindican, que o Concello leva coas tarifas conxeladas dende o ano 2010 e a intención é manter esa conxelación, se ben o único que se considera que se debe de facer é equiparar entre a recollida no medio rural e a recollida no medio urbano. Sinala que resulta absurdo e incluso discriminatorio que dúas casas separadas por unha vía pública que botan os residuos no mesmo contedor teñan prezos distintos porque unha está en solo urbano e a outra en solo núcleo ou en rústico. Iso é algo que debe de desaparecer e ademais a posible diferenciación que ata agora existía que é da recollida diaria ou non diaria co novo sistema de modular de contedores desaparece porque non requiren a recollida diaria senón en días alternos.

Considera o sr. alcalde que, así mesmo, non se pode obviar que ao igual que se falou noutras ocasións do servizo da auga ou doutros servizos básicos, son servizos claramente deficitarios, ao igual que as escolas infantís, con independencia de cal sexa o modelo de xestión.

Sinala o sr. alcalde que a proposta do seu grupo, que é a que se achega para que se valore, é que son ferventes partidarios de asumir unha xestión directa porque consideran que ten moitas vantaxes, e para non falar nun plano teórico, que está ben falalo pero que non deixa de ser un plano teórico, o quere falar dende o punto de vista da experiencia. Indica que teñen experiencia en procesos de municipalización ou de xestión directa que pensan que son modelo de servizo, incluso coas deficiencias en momentos determinados se poidan producir en canto á capacidade de xestión que ten o Concello para poder reconducir esas situacións. Di o sr. alcalde que fala ao servizo de abastecemento e saneamento, ao servizo de limpeza dos edificios municipais, tamén ás escolas infantís municipais, o servizo de mantemento eléctrico, que considera que son experiencias moi positivas, tanto a nivel da calidade do servizo como a nivel dos custes dos mesmos, ou a nivel da situación dos traballadores. Sinala que acaba de falar a sra. Castelao do anuncio de folga das traballadoras do SAF, dunha empresa privada, concesionaria do SAF, porque obviamente as empresas privadas actúan cos traballadores do xeito que lles permita que as empresas sexan máis rendibles e niso o Concello ten outra capacidade de xestión, pois non hai tanto tempo aprobouse un acordo transitorio para o persoal subrogado que, pensa, é un exemplo de pacificación e bo clima social e de respecto dos dereitos dos traballadores, e ademais o que é máis importante, para calquera que teña que asumir a alcaldía despois do 25 de maio do ano que vén, dende logo un dos aspectos máis positivos destes servizos con xestión directa é a capacidade de decisión e de toma de control e de ser capaz de decidir en cada momento de distribuír servizos, corrixir deficiencias, etc... dunha forma directa.

Explica o sr. alcalde que, polo anteriormente dito e que xa comentara, esta xestión directa posibilitaría modular o grao de implantación no sentido de que tendo camións, que aínda que sexan vellos están en funcionamento, poderíase ir a unha aplicación gradual en función das necesidades, e non faría falla realizar un investimento dun día para o outro. Salienta o sr. alcalde que por todo o exposto é polo que presentan a proposta de xestión directa.

Pide o sr. alcalde que se posibilite o inicio deste proceso, engadindo que o seu compromiso é a creación dunha comisión político-técnica conxunta que permita todos os cambios que se consideren oportunos tanto nas características do servizo como en calquera outra cousa. Incide en que a comisión estaría formada por técnicos e por

aquelas forzas políticas que posibiliten que isto saia adiante, incluso coa súa abstención, e ademais cunha capacidade que quere manter de que, ao ser un inicio de proceso e facelo en base á memoria que se presenta, no caso de que se vexa por algunha das forzas políticas unha disparidade grande, que non se axusta ás previsións mantidas, que teña o dereito de veto e volver ó Pleno para retomar a decisión. Pensa que é unha proposta xenerosa e que permite facer unha reflexión fonda. Sinala que se iso vai aí a súa previsión é, no prazo de dous ou tres meses, fixar a asunción directa, e permitiría facer unha renovación gradual da flota e definir perfectamente cales serían as características deste servizo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que son conscientes da necesidade de mellorar, e entenden que este plan contempla melloras como a diminución de número de veces que hai que recoller os residuos, por seren os contedores máis grandes e modernos, e reposición dos vellos, aumentando servizos de limpeza e por fin a inclusión da compostaxe e campaña de concienciación.

Di que, en todo caso, teñen moitas dúbidas, consideran que esas medidas son escasas e sobre todo chegan un pouco tarde, aínda que nas conclusións se fale, e cita textualmente, de "*.....incrementar o nivel de reciclaxe é unha obriga que como administración responsable nos impomos*....". Di a sra. Castelao que ten que lembrar que é unha obriga da normativa europea do ano 2018 que establece novos obxectivos no reciclado de residuos municipais, tendo que reciclarse en 2025 un mínimo do 55% dos mesmos, en peso, e quedan pouco máis de dous anos, despois o 60% no 2030, o 62% no 2035, etc.

A sra. Castelao sinala que vai citar algunha das dúbidas que lle suscita o estudo e así o fai nos termos seguintes:

.- Por un lado o mantemento e limpeza de contedores parece insuficiente por ese modelo, con recollida alterna e a capacidades tan elevada no caso do orgánico e resto, pero non se di nada dos lixiviados.

.- A limpeza de calzadas e paseos, con auga a presión, non se fará, na medida do posible, con auga da rede, pero non indica con cal se vai facer.

.- No propio estudo, na páxina 4, textualmente di "...*de entrada a alternativa de xestión*

directa enténdese asumida pola propia administración local, sen organismos autónomos, incluída a xestión de cobros, e previndo a externalización de servizos que requiran de venta continua de materiais pola complexidade administrativa dos procesos a realizar coas debidas garantías de libre concorrencia. Consecuentemente exclúense deste estudo a xestión do punto limpo, a recollida de papel e cartón, aceite, pilas e outros elementos valorizables, que deberán ser obxecto dunha licitación diferenciada para a súa xestión privada". Sinala que ao seu grupo non lles queda nada claro que co servizo externalizado pague 1.100.000 € anualmente, deixando fóra estes servizos, e que logo prestando o servizo de maneira directa e sumando eses servizos que o gasto sexa o mesmo, e polo tanto habería un aforro aí, ou iso é o que supoñen.

.- Doutra banda, na páxina 6 parece que a nova dotación de contedores que aparece nesta páxina non é a que se explica nas páxinas seguintes, polo que da a entender que na zona urbana se mantén un sistema dobre coas novas sillas e contedores de carga traseira.

.- Na páxina 18, no punto de evolución histórica dos custos de servizo, recóllese que *"para que a xestión directa polo concello sexa o custo de xestión de servizo debería ser inferior a 1.100.00 € ó ano sempre que se mantiveran as mesmas frecuencias de recollida, o mesmo persoal, as mesmas zonas de limpeza viaria, aspectos que se modifican substancialmente nesta proposta".* Semella algo contraditorio, e ademais non se avalían os resultados da xestión nin se relacionan os custos.

.- Fálase tamén das penalizacións de SOGAMA pero non se cuantifican e non se desagregan custos de eliminación de residuos e ingresos por reciclaxe.

.- Na análise dos custos iniciais para a posta en marcha do servizo, na páxina 26, en canto aos composteiros nas vivendas familiares, recóllese que "...*non se realizará no primeiro ano da xestión por necesidade de ter completado campañas de información, convencemento, compromiso e acompañamento para a compostaxe individual nas vivendas unifamiliares do rural. Considérase que este é un custo puntual de investimento polo que se inclúe nos custos iniciais*". Con respecto a isto dálle que pensar que o enfoque é errado, xa que as campañas deben ir parellas ó inicio da compostaxe individual, comezando coa instalación co compostoiro.

.- Polo que se refire aos custos de persoal atopan que se incrementan en dúas persoas adicadas a limpeza viaria, pero non están estimados os salarios para educación ambiental e compostaxe doméstica e comunitaria.

.- No apartado custos de publicidade e dinamización social parécelles completamente insuficientes, con respecto ao que pon na páxina 30, 15.000 € ó ano en campañas de publicidade, e 30.000 € ó ano na contratación de dinamización social que deberá desenvolverse de forma continuada ó longo do ano polo menos nos primeiros exercicios.

.- Tratándose dos camións e o resto, o concello asume o renting, xa que fai unha prestación directa do servizo, habería que preguntarse por que o estudo non avalía a posibilidade da súa externalización, sendo a empresa concesionaria quen se encarga de subministrar a propia flota de camións. Di que non se trata de estar a favor dun modelo de prestación ou outro, senón de que as contas estean claras para poder tomar mellor unha decisión para a veciñanza, o mellor servizo ao menor custo e sempre garantindo a calidade co posto de traballo.

Sinala a sra. Castelao que, valorando todo o exposto e tendo claro que non van a ser elas quen estean en contra da municipalización, vanse a abster por responsabilidade, xa que entenden que hai partes que suporán unha mellora para o Concello e a veciñanza. Sinala que tentan chegar á carreira de compostaxe, polo tanto non van ser elas quen vaian poñer paus nas rodas, pero non poden apoiar tampouco unha medida que adoece un pouco de escurantismo e improvisación e que impide tomar a mellor decisión seguindo criterios de eficacia, eficiencia e economía.

Considera a sra. Castelao que cando ía rematar o contrato era cando se tiña que ter comezado a traballar na nova forma de xestión ou licitación, non esgotar as prórrogas e agora facelo en precario e obrigando a tomar unha decisión a contrareloxo.

Á sra. Castelao parécelle un pouco irresponsable por parte do equipo de goberno traer este tema así, sen información e en precario, e pode haber consecuencias negativas na veciñanza, como sobrecustes, ou que se deixe de prestar o servizo ou que se preste de xeito ineficiente.

O sr. alcalde di que, se todos están de acordo e para evitar un desbaraxuste, vai a

facer unha contestación a cada grupo, por separado, e logo unha vez contestado a todos os grupos faise o segundo turno, para non perder o fío do tema.

Sinala o sr. alcalde que, con respecto ás medidas de reciclaxe, está totalmente de acordo, que é unha cuestión na que hai que facer necesariamente un esforzo moi importante nos próximos tempos, aínda que tamén é certo que, dentro dos niveis de reciclaxe, Teo non está mal situado, segundo os últimos balances, pero é verdade que para alcanzar eses niveis que se esixen vai haber que facer un esforzo moi importante.

En canto á limpeza de contedores sinala que é importante que se definan entre todos as características do servizo porque na mellora destas características todos van a estar de acordo, outra cousa é que mellorar esas características significa que hai que pagalos e que entón hai que xogar nese equilibrio de ver que se pode ofertar e canto se quere pagar. Considera que por iso di que nesa comisión pódense definir perfectamente pois iso, canto debe de ser a limpeza dos contedores. Tal como vai a memoria faise un investimento de ter en exclusiva un camión limpacontedores e fíxanse unha serie de frecuencias. É certo que iso utiliza capital humano, pero tamén é certo que é algo que, sendo do Concello, está a disposición, porque neste momento o que aporta GESECO, que foi a anterior concesionaria, é un camión compartido con outros concellos e unha limpeza trimestral de todos os contedores. Con isto mellórase significativamente, e pódese mellorar aínda máis pero é certo que sexa cal sexa o sistema de xestión hai que pagalo.

O sr. alcalde sinala que se fala dunha substitución progresiva, é dicir, os contedores subterráneos requiren obra, polo cal non se vai poder dicir por exemplo “mañá están colocados todos”, significa por exemplo que se vai poder manter en uso o camión de recollida lateral mentres no prazo de 1 ou 2 anos se vai facendo a substitución dos contedores da zona urbana.

Con respecto ao que comenta a sra. Castelao de que con 1.100.000 € non se manteñen as condicións, sinala o sr. alcalde que cando se fala de que un servizo eficaz mantendo as condicións estaría nesa contía, hai que ver, por exemplo, na páxina 18, os custes do servizo e do pago a SOGAMA, de todo incluído, e os custes de recadación, en torno a 1.100.000 €. Se se formula facer un servizo tal como vén desenvolvendo agora GESECO habería que tomar eses datos como referencia, porén se se poñen tres

persoas máis, se renovan os contedores e demais, iso non se pode tomar como referencia, é dicir, o gasto dos últimos anos só permite tomar unha referencia en igualdade de condicións, que son as que non se dan.

De calquera xeito os estudos plurianuais, que hai na páxina 33, tanto en ingresos como en custes, van facendo a evolución dos gastos de persoal ao longo deses dez anos que se mantén, tamén a evolución do custo enerxético, do financiamento, etc, polo que aí hai un estudo de evolución.

Con respecto ós custo de SOGAMA explica o sr. alcalde que se fala deles no que custou, na páxina 18, enviar o lixo a SOGAMA todos eses anos e na páxina 33 da evolución dos previsibles custos de SOGAMA coas reducións que se plantexan. Por exemplo plantéxase un 5% de redución anual do peso de fracción resto para incrementos da fracción orgánica durante os tres primeiros anos.

Indica que hai algunha noticia que atopou estes días, do Concello de Pontevedra, na que se fala de que tiveron un dato récord, que provocou un descenso de máis dun 5% da cantidade de lixo enviada a SOGAMA. Polo que se está falando desas cifras, ás que se propoñen chegar.

Con respecto aos 150.000 € para os composteiros individuais e as campañas sinala que no primeiro ano non se van poñer todos, pois as campañas poderanse iniciar en cinco ou dez lugares, e seguramente a eses lugares si que haberá que darlles os composteiros e aos que van a ser dentro de tres meses non ten sentido darlle eses composteiros.

Salienta o sr. alcalde que á hora de falar de se unha cousa é moito ou é pouco todo depende, por exemplo, fálase de publicidade e dinamización social, que serían os 40.000 €, e iso significa, por exemplo, ter a unha persoa dedicada se non toda a semana case toda a semana, máis as campañas publicitarias. Sinala que igual non é necesario que ese traballador, que loxicamente será externo porque ten que ser unha campaña feita por profesionais, como se están a facer noutros concello, estea todo o ano no mesmo concello, co cal seguramente pode estar dous días en Teo, porque tampouco o ten que facer diariamente, entón estaríase falando en soldos duns 20.000 € e de outros 20.000 € en todo tipo de campañas que se consideren. Salienta o sr.

alcalde que, de calquera xeito, todas esas cifras son unha decisión política que se podería tratar sen problema.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o voto en contra do seu grupo.

Explica que farán iso en coherencia co dito nos últimos meses, que xa hai meses que pediron a comparecencia, en maio, na que pedían que deixara o tema á seguinte corporación, e mais agora, aínda, pois iso pedírono en maio e xa estamos en outubro.

Sinala a sra. Lemus que hoxe lle chamou a atención este momento regateo do sr. alcalde no que ofrece o *pack* de municipalización, comisión mixta políticos técnicos, etc.., na que ademais un partido político pode ter decisión de veto, levalo outra vez a Pleno, e volver a votar, e pensa que o sr. alcalde está intentando vender unha cousa que ten que ser consciente de que non vai xestionar, pois xa dixo que non se ía presentar ás seguintes eleccións, aínda que ó mellor cambia de opinión, pero en principio xestionarao outra persoa e con unha corporación que nin sequera se sabe quen vai a estar na mesma.

Di a sra. Lemus que lle parece un pouco “mesiánico” por parte do sr. alcalde pretender que con este traballo de 40 folios, que pensa que a sra. Castelao xa lle deixou ben claro algunhas ou bastantes déficits que ten de argumentario, que se tome a decisión sobre unha xestión directa dun servizo cuxo contrato neste caso é o que máis custo ten para o concello, e é o máis deficitario.

Di que non está en contra da municipalización, pero si que é certo que esa municipalización necesita outros tempos, ou polo menos a do lixo. Resúltalle imposible ver unha comisión mixta a sete meses das eleccións, pois están todos xa en campaña e de repente van facer todos unhas florituras bárbaras para facer un veto ou a saber o que.

A sra. Lemus salienta que o sr. alcalde dicía nun principio e el entendía que era unha decisión de gran transcendencia e inaprazable administrativamente, engadindo que non é discutible que poda ser, porque o sr. alcalde a tivo aprazada durante máis de 2 anos e medio, e estase en precario dende agosto, pero xa van alá 2 prórrogas de 2 anos.

Explica a sra. Lemus que cando fixeron a primeira prórroga había un goberno de oito e agora é de catro, co cal non tiñan daquela a maioría absoluta pero si unha bastante forte para poder levar a cabo este tema. Pregúntase a sra. Lemus porque non se levou a cabo no bipartito e sinala que había unha diferenza clara nun tema que se tiña discutido, que é o das taxas. Estase falando dun cálculo inicial de taxas, do ano 2011, que lembra que se aprobou soamente naquel momento o BNG, antes da escisión, foi un dos primeiros plenos nos que ela estivo como concelleira, acordándose a suba de taxas de 47 euros no rural e 68 euros no urbano, baseándose na diferenza de que no rural se recollía en días alternos ou con menor frecuencia e no urbano se recollía a diario.

De repente se pasa a que o rural vai pasar ao nivel do urbano, entendendo que para o sr. alcalde non significa unha subida de taxas, cando si o é para un determinado número de xente importante no Concello e ademais implica, segundo a memoria, que cada ano se vai subir o IPC. Un IPC que calcula o sr. alcalde, supón que sería porque en xuño non tería en conta a inflación, no 2%, e o de este ano xa estamos no 9%, co cal se temos que subir o IPC cada ano para ter en conta os gastos que se teñan a maiores, por exemplo podería acontecer que aparte da subida a 68 € habería unha de máis para todos, polo IPC, neste caso de case un 9%, que é unha suba considerable se se vai sumando ano tras ano.

Sinala a sra. Lemus que doutra banda esperaba desta proposta da Alcaldía algo máis da súa defensa, algunha referencia máis a algunha experiencia non tanto nas municipalizacións que se fixeron, que as houbo de todo os estilos, e aínda que o sr. alcalde considera que todas foron un éxito, na súa opinión algunhas son francamente mellorables, engadindo que tamén ten a súa responsabilidade nas mesmas. Salienta que neste caso que se trata non é da experiencia das antigas senón da experiencia dos pros e contras dunha xestión directa, indirecta, dun servizo tan importante coma o do lixo e onde hai varios problemas, principalmente reposición de baixas de persoal e de maquinaria. As de persoal sabe que o sr. alcalde lle vai dicir que se fai cunha bolsa, porén con respecto á maquinaria non ten claro que conseguir un camión do lixo vaia ser posible en dous ou tres días.

Sinala que tendo en conta ademais un concepto que introduciu o sr. alcalde que é a

recollida en días alternos no urbano, podería acontecer que o día que toca a recollida de lixo haxa un camión avariado e que o lixo non se recollera en varios días, cos problemas que iso implica.

Considera a sra. Lemus que o servizo actualmente en Teo é mellorable e que iso non se discute e hai consenso, pero si que é certo que se pode mellorar de moitas formas e non facelo ás carreiras e no último momento e con este momento de improvisación no mes de outubro.

Di a sra. Lemus que hai un aspecto do que lle chama a atención, que non se dixo no argumentario inicial, que é o famoso préstamo de custos iniciais. Sinala que estivo escoitando a ver se comentaba algo do préstamo e non comentou nada de que para por en marcha este servizo vai vinculado a un préstamo de 1.912.000 euros, onde se calcula un interese máis ou menos dun 3%. Sinala que descoñece como está actualmente o interese, pero ese é o que o sr. alcalde considera que lle vai dar o banco, pero non sabe se agora mesmo llo darán, e con intereses sería 2.449.560 € a pagar en 10 anos, é dicir, 245.000 € cada ano. Polo tanto, todo o modelo do sr. alcalde baséase en suplir a parte importantísima da licitación, que sería que o empresario aportase maquinaria e subministro de material, polo material pagado por todos os veciños a través dun préstamo de 1.912.000 € a 10 anos. Descoñece a sra. Lemus se é o momento de tomar esta decisión nin sequera en comisión, se é necesario, chegados este momento, vir ao concello e dicirlle á seguinte Corporación na que pode ser que non ninguén dos presentes, ou poucos, que vai ter un préstamo de 1.912.000 € porque incluso o próximo alcalde ou alcaldesa pode entender que o modelo tiña que ser outro.

Sinala a sra. Lemus que é verdade en todo caso modelos de municipalización e xestión directa hai moitos e non só é unha cuestión de dereitas e esquerdas, pois está o modelo de Arteixo, que está municipalizando un montón de servizos a través dunha empresa pública, que pensa que é un modelo que se debería de estudar. Porque si que é certo que laboralmente habería unhas condicións diferentes, pois é certo que no persoal subrogado neste caso hai un acordo pero a ela, que é funcionaria, gústalle moito que a xente entre por mérito e capacidade nun concello, e en calquera Administración Pública.

Di a sra. Lemus que entende que o sr. alcalde quería facer isto hai moito tempo, entende que cando eran bipartito non se deron as circunstancias, entende que hai un ano que non son bipartito e puido levar o tema hai moito tempo, entende que dende xaneiro lévase discutindo isto en Xunta de Portavoces, o cálculo de taxas en comparación con outros concellos, Ames, Narón, Porriño e Lugo, que menos no caso de Narón son todos gobernados polo PSOE. Sinala que lle chamou a atención, porque aínda que gobernan en moitos concellos, pensa que pode haber algún outro concello que sacara licitacións que non sexa da súa cor, e en todos lles saen as contas. Sinala que comenta o sr. alcalde tamén que a través duns cálculos moi difíciles e complicados de entender, que ela nunca viu diante e non existen na proposta, polo que supón que son os do sr. alcalde, entende que a memoria é asinada polo sr. alcalde, que non é ningún técnico, e sempre di que cada persoa debe dedicarse ao que sabe facer, e pensa que facer memorias de municipalización non é traballo de ningún alcalde, pero en todo caso o sr. alcalde decidiu facer isto, non fixo tanteo de mercado, non fixo ningún tipo doutras propostas, non está contando en ningún momento cales son os pros e os contras dunha xestión directa e dunha xestión indirecta. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que lle chama a atención que ás veces a cabeza é así de mala, que o sr. alcalde acaba de dicir que ten a Pontevedra como modelo a seguir e Pontevedra ten un contrato de xestión indirecta.

O sr. alcalde sinala que, en relación o tema de aprazar a decisión, di que se queren disolven a Corporación, pois faltan oito meses e non sabe que ten de diferente agora que faltan oito meses, que aos oito meses de iniciar, xa que para el é exactamente igual. Ademais a propia lexislación establece uns períodos con respecto á toma de decisións, que non teñen nada que ver co momento actual.

Sinala o sr. alcalde que xa sabe que a sra. Lemus parece que ten moita impaciencia por non se sabe o que, pero o resto non se sente arrastrado por esa percepción psicolóxica súa, entón van seguir os prazos exercendo a labor para a que foron escollidos.

Explica o sr. alcalde que cando se fala dun aprazamento quere dicir que non é unha cuestión urxente porque non pasa nada porque se dilate dous ou tres meses pero calquera alternativa que pase por que se reinicie o proceso tras unha nova Corporación

sitúa a calquera das solucións a principios do ano 2024, sendo moi xenerosos, porque dubida que ninguén antes de setembro poida tomar calquera decisión como a que hoxe se está tomando. Se se toma antes de final de ano sería unha situación dende logo moi eficaz, e as limitacións administrativas son as que son.

Explica o sr. alcalde que a alternativa é deixarlle á próxima Corporación un servizo concesionado, polo que é igual de hipoteca, porque se lle vai dicir que teñen que pagarlle á concesionaria 1.300.000 € ó ano, polo tanto é tanta hipoteca como a xestión do servizo directo, só que con esta vai ter moita máis capacidade de decisión quen estea aquí para decidir onde se fai a limpeza e como se fai, porque vai actuar sobre os propios traballadores.

Considera o sr. alcalde que a idea esa de que todos están en campaña tamén responde bastante a unha percepción persoal da sra. Lemus, que ten todo o dereito do mundo a tela.

Con respecto ás taxas o sr. alcalde di que non é unha discrepancia fundamental, ó mellor no caso da sra Lemus si, pero no caso del non o é, pois o feito de manter as taxas, de telas conxeladas durante máis de 10 anos, é unha práctica que debe de ser boa. E se se miran aos outros concellos, ós da comarca, en Ames goberna o PSOE e ten equiparadas as tarifas, en Brión goberna o PSOE e ten equiparadas as tarifas, ao igual que acontece en Santiago de Compostela, exactamente o mesmo, e en Vedra goberna o PP e ten equiparadas as tarifas e o único concello na comarca que mantén esa diferenciación, que é certo que foi dun compromiso comarcal do ano 2008, é Padrón. Considera o sr. alcalde que iso é así porque o resto resulta terriblemente inxusto, engadindo que é certo que aínda así equiparando as taxas Teo seguirá sendo dos concellos que teñen as tarifas máis baixas, e con diferenza. Ames está por riba de Teo, Brión está moito por riba, Padrón está lixeiramente máis baixo, é o único concello que ten esa diferenciación, Santiago de Compostela está por riba e Vedra está practicamente equiparado pero coa diferenza de que, como se pretende aquí, o rural e o urbano pagan o mesmo porque no fondo teñen o mesmo servizo. Sinala o sr. alcalde que para el as taxas non son un problema. Sinala que ademais hai unha cuestión que é clave nesta discusión, parece que se di que se hai xestión directa vai haber que pagar non sabe o que, pero a sra. Lemus cree que se hai unha xestión indirecta non vai haber

que pagar ese “non sei que”. É dicir, se a suba do IPC é como está sendo, pregúntalle á sra Lemus se pensa que hai algún contrato que resista sen unha revisión económica. Obviamente hai que facer os cálculos cunha previsión razoable que se pode errar, e seguro que se errará, en que o IPC en vez de subir un 3% vai subir un 7%, pero iso vai pasar tanto se hai unha xestión privada como se hai unha xestión pública, e se se dispón unha pública haberá que amarrar o cinto noutras cousas e se hai unha xestión privada haberá que amarrar o cinto noutras cousas para pagarlle á concesionaria. A concesionaria non está aquí como “*hermanita de la caridad”*. Evidentemente pagar, se as cousas van mal dadas, haberá que pagar, sexa cal sexa o modelo de xestión.

Sinala o sr. alcalde que, con respecto á reposición do persoal e a capacitación técnica para un condutor de camión, hai bolsas de substitución dos tractoristas que desbrozan as cunetas. Pensa que a labor dificultosa lle gana á dos tractoristas manexando os brazos laterais, entón evidentemente claro que é unha dificultade técnica ter unha bolsa de substitución de condutores de camión, pero similar á dos tractoristas.

Entende o sr. alcalde que o PSOE defende un modelo baseado en suplir o préstamo, en cambio se é unha empresa privada é ela a que pon o camión. Di o sr. alcalde que habería que preguntarse que mais lle da economicamente ao Concello. Explica que se o Concello non fai ese préstamo vai ter que facelo a empresa privada e habería que preguntarse por que a empresa privada non quere un contrato de catro anos. Explica que os camións, ao igual que os concellos, teñen que mercalos e teñen que financialos e ese financiamento está calculado que queda compensado ao cabo de oito anos, como mínimo, sendo dez anos o correcto ou o ideal. Entón, da igual, obviamente o Concello ten que empeñarse para mercar o camión e senón o concesionario no seu estudo de custes pasa os gastos financiamento e en vez de ser os 600.000 ou 700.000 € anuais, serán 900.000 € anuais dos cales 200.000 van para financiar a maquinaria. É exactamente igual que se o fai o Concello, só que facéndoo directamente o Concello ten o control da situación e pode tomar decisións ao respecto.

Sinala o sr. alcalde que, tratándose do persoal, hai que ter en conta que é un servizo que por sorte conta cunha persoa dedicada en exclusiva, de forma diaria e permanente, á xestión do servizo e á dirección, polo tanto non se vai a sobrecargar a ningún servizo municipal con ter que levar unha xestión, que é certo que noutras

municipalizacións si que se sobrecargou dunha forma maior aos servizos municipais porque certamente non existía esa persoa. No tema de augas, por exemplo, levou dous anos contratar e mentres padecéronse esas consecuencias, noutros non a había e noutros había e o servizo está funcionando en condicións.

Explica o sr. alcalde que a memoria foi feita por el, con moitas consultas técnicas, porque pensa que primeiro os políticos teñen que tomar decisións políticas, e despois iso teñen que valoralo tecnicamente. Por iso cando fala da constitución desa comisión político-técnica fala para iso, e por iso estaba propiciando ese dereito de veto. Se isto é unha memoria que se cualifica de política e resulta que nunha comisión técnica os técnicos din que non é así, se iso pasa, é polo que os políticos teñen a capacidade de dicir que iso non vale e que queren reverter a situación e volver a valorar en Pleno a posibilidade de facelo cunha licitación externa. Salienta o sr. alcalde que primeiro tómanse decisións orientativas e logo comézase a discusión técnica deses conceptos deses servizos e de todo o que faga falta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Reyes sinala que, co ánimo de que o debate sexa o máis axilizado posible, despois de que haxa unha boa parte dos argumentos xa postos enriba da mesa, vaise limitar exclusivamente a unha serie de cuestións, restándolle xa ás que foron formuladas tanto polo PSOE como polo BNG, cuestión que pasa a expoñer nos termos seguintes:

1.- O sr. Sánchez di que comparte totalmente, respecto do informe, o que comentaba o BNG no que atinxe á exclusión do estudo da xestión do punto limpo, recollida papel cartón, aceite, pilas e outros elementos valorizables. Pregunta o sr. Sánchez por que se exclúe e canto é o custe actual deste servizo, para incrementarllo ó custe final.

2.- Sinala o sr. Sánchez que o custo do persoal establécese a partir de datos da empresa, como se indica no estudo, pero precisamente ese foi o motivo que lles levou a problemas serios con anteriores municipalizacións e que finalmente o custo definitivo da municipalización non está a ser o que estaba previsto nos informes previos iniciais. Pregunta o sr. Sánchez se se falou cos traballadores.

3.- Di o sr. Sánchez que simplemente quere dar un dato que lle parece ás veces contraditorio ou problema de comprensión lectora, ponse por un lado que o cambio de contedores faríase no período dun ano sen embargo noutras partes do informe pon que se faría paulatinamente, entón gustaríalle saber como se faría, porque a partida orzamentaria é realmente alta.

4.- Refírese o sr. Sánchez ao mantemento e limpeza de contedores. Pregunta se a frecuencia é maior ou é menor da actual. Pregunta polos problemas reiterados que xa teñen comentado algunha vez no Pleno pola suciedade de boa parte deles.

5.- Pregunta o sr. Sánchez polas frecuencias de recollida. Di que pon no estudo que non se distinguen entre urbano e rural, polo que se entende que vai ser idéntica. Pregunta se agora non se fai e despois se vai facer, ou ben agora non se está a facer sendo necesaria ou ben despois vaise facer sendo innecesaria. Pensa que estaría ben aclarar esta cuestión.

6.- Tratándose das frecuencias de varrido actuais, que se contemplan no punto 3.3.1, indicando cando se fai en cada zona, pregunta o sr. Sánchez se son as mesmas que as que se propoñen no estudo.

7.- Se nun futuro a frecuencia de recollida do rural vai ser idéntica á do urbano, pregunta se isto quere dicir que polo tanto estase pagando agora de menos ou que despois se vai pagar de máis. Sinala que, a colación disto, quere dar un dato, aínda que antes fixo a conta por riba, xa que vanlle subir á xente do rural o 45%, isto sen incluír as subidas de IPC que se contempla no documento, co cal se cadra no ano 22 ou 23 están pagando corenta e sete euros e no ano 24 van pagar de repente setenta e pico euros, nun período de tempo moi breve case se lle pode suplicar o recibo á xente do rural.

8.- Pregunta o sr. Sánchez que vai pasar co servizo se esta proposta de hoxe non sae adiante, pregunta se se seguiría en precario, engadindo que a empresa xa leva moito tempo dicindo que non está disposta a continuar. Pregunta se hai algún *ultimátum* por algunha das partes.

9.- Pregunta o sr. Sánchez se se solicitaron orzamentos a entidades privadas para poder facer unha análise comparativa entre un modelo de xestión directa e un de

xestión indirecta.

O sr. alcalde sinala que a exclusión do papel e do punto limpo responde a unha causa, e é que aí se xeran elementos valorizables. Eses elementos fan que na práctica eses servizos agora xa non están contemplados, é dicir GESECO non xestiona o punto limpo, nin a recollida de papel e cartón, xa son servizos que van con outro custe por outro lado, que neste caso leva outra empresa, cuxo nome non lembra agora. Pensa o sr. alcalde que nos papeis que pasou ían os datos, incluso os custes de recollida deses elementos. O Concello se saca cuestións que necesariamente pode vender ten que facer un proceso administrativo moi complicado para a venta deses materiais, tanto na xestión do punto limpo como na recollida do papel e cartón. É certo que o papel e cartón agora non ten un prezo moi aproveitable, pero houbo momentos en que o servizo se mantiña perfectamente na recollida de papel e cartón. Por exemplo, hai uns anos foi a propia empresa que recolle o papel e o cartón a que lle ofreceu ao Concello un servizo porta a porta de recollida de papel e cartón polos comercios, porque era un servizo moi rendible, e era sen custe algún para o Concello.

Tratándose dos traballadores, sinala o sr. alcalde que, de forma oficial, sindicalmente, non se falou. Pero si que se falou con algúns, testaron dalgunha forma, individualmente, a algúns traballadores como verían a situación e con todos os que se testou todos din que a situación é posible. É máis, houbo algún caso en que se testou expresamente porque se consideraba que o feito da subrogación é unha decisión voluntaria, e considerábase que se non había esa dispoñibilidade de subrogación por parte dalgunha persoa o servizo podía resentirse.

Explica o sr. alcalde que, polo que respecta aos cambios de contedores, a idea é facelos nas zonas que aí se detallan, que son as zonas urbanas, porque é certo que este cambio de contedores supón un cambio de modelo, polo que se trataría de saír á contratación desa substitución neses sitios, ver tamén con esa experiencia como vai e así que se remate esa instalación e se poña en marcha, facela progresivamente ata completar as zonas urbanas. A idea é que nos primeiros catro anos de servizo todos os contedores da zona urbana estean cambiados. Pero tamén é certo que, se se considera que esa cronoloxía ou distribución temporal non é adecuada, tamén se pode modificar. Sinala que nese sentido todas as cuestións que se considere que se deben

de facer á vez, non vai haber ningún problema por parte do goberno municipal.

Tratándose da limpeza de contedores sinala o sr. alcalde que neste momento é unha limpeza trimestral. No estudo se pon que os contedores orgánicos se limpen cada dous meses e nos de fracción resto marzo, maio, xuño, setembro e decembro, na de envases lixeiros mantense cada tres meses, e na de colectores de vidros cada tres meses. Salienta o sr. alcalde que é unha frecuencia maior e que habería un camión que sería do Concello, que se podería dispoñer del, xa que ao mellor hai contedores que cheiran nun sitio, porque a xente a educación ás veces non a aplica e se se bota peixe sen unha bolsa, e nese caso da igual que se limpe cada mes o contedor, ao día seguinte ou aos dous días cheira porque se botou o peixe. Na medida na que haxa un camión enteiramente á disposición do Concello e se poida actuar con el vai ser moito máis eficaz e as frecuencias son maiores.

Explica o sr. alcalde que partindo de que non hai constancia de que fose mala a xestión da empresa concesionaria actual, facer o seguimento da limpeza dos contedores, de cantas veces se limpan, é moi difícil, porque ás veces din que empezan a campaña por un lugar e faise un seguimento, pero a limpeza de todos os do Concello eses tres meses ou se está detrás deles vixiándoos ou non é posible, non hai forma de controlar por moito empeño que se poña niso. Considera que nestes anos a media foi de dúas veces ao ano e a base de traballar moito con eles, de estar moi enriba deles, e de denuncias, reclamacións, etc.

Con respecto á frecuencia de recollida, se é diaria ou non, sinala por que se partía do suposto dunha parte da capacidade dos contedores e doutra de que se encheran ou non se encheran. Partíase de que no urbano había contedores cheos todos os días e nos outros non e na práctica non é así tampouco, pero é certo que nas zonas urbanas hai, ou ten que haber, moita maior frecuencia de recollida, ou máis que frecuencia hai maior acumulo de materiais. Esa é unha base fundamental dos cambios de contedores. Por exemplo, sinala, hai varios sitios en que están situados estes contedores, por exemplo un deles é Sanxenxo, e estes contedores teñen un sistema de recollida de lixiviados propio, é dicir, que non é de mestura, que se autolavan cada vez que se recolle o lixo e propician que non sexa necesario recollelo todos os días, ademais da capacidade. Tamén é certo que teñen a desvantaxe de que a instalación deses

contedores, habería que sacar a licitación todo no seu conxunto, a instalación de contedores e a recollida, loxicamente as empresas van xogar co tema de que non teñen que recoller todos os días, pero que a costa diso teñen que facer un investimento en contedores que é moito máis que se simplemente se renovan os que hai agora, xa que saen moito máis baratos.

En relación á pregunta do urbano e do rural, a diferenza, e sobre todo as taxas. Sinala o sr. alcalde sinala que se ás veces quedou sen poder responder á xente porque non tiña argumentos máis que o argumento de que "*tés a desgraza de ter a casa no solo urbano e outros a vantaxe de telo no solo rústico*", porque é o único argumento que se lle podía dar para que un estivera pagando unha cantidade e outro outra, o único, porque por exemplo se se vai polo rural e polo urbano a única diferenza que se ve neste momento, e nalgúns sitios, é o tipo de contedor, o único. Entón, si é certo que hai que facer un esforzo no rural en poñer dunha forma que sexa atractiva e integrada na paisaxe os contedores, pero non ten sentido diferenciar as taxas. Coincide o sr. alcalde co sr. Sánchez en que igual pode ser moi bruto o incremento dunha persoa que agora paga 48 euros, porén hai que ter en conta que en ningún sitio da redonda pagan 48 euros pola recollida do lixo, en ningún outro concello, aínda que para cada un individualmente pode ser un impacto. Sinala o sr. alcalde que quizais se poida establecer unha medida de gradación, por exemplo, modificar a tarifa un 10% ou un 20%, cada ano para que se vaian equiparando, engadindo que son cousas que se poden discutir xa o golpe é importante.

Sinala o sr. alcalde que se a proposta non vaia adiante no próximo Pleno levarase a proposta de licitación pública. Prepararanse os pregos técnicos e dependendo un pouco da situación igual se fai un Pleno extraordinario e se saca unha proposta similar á que se sacou para o SAF, para inicio do proceso para despois aprobar os pregos técnicos e administrativos o antes posible.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.398, de 17/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de novembro de 2022.

“Moción de apoio ás traballadoras do SAF

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 xunto coa escalada actual dos prezos fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro do Servizo de Axuda no Fogar.

A deixadez da Xunta infrafinanciando unha competencia que non asume e deixandoa nas mans dos concellos non fixo máis que agravar dita situación. Na actualidade esta

infrafinanciación esta repercutindo dun xeito moi grave nas xa mermadas economías municipais, así como, na situación laboral das traballadoras e na calidade asistencial.

Coidar de quen nos coida ten que ser algo máis que un eslogan publicitario, non podemos permitir que en función da capacidade orzamentaria do concello a situación laboral das traballadoras mude e a prestación dun servizo tan necesario como básico sexa dunha ou outra calidade.

As traballadoras do SAF están en folga para defender os seus dereitos laborais pero tamén os das persoas usuarias que son quen sofre, colateralmente, as consecuencias dun servizo sostido na precariedade laboral. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que utilizar o seu propio vehículo para acudir dun domicilio a outro e facer un traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en domicilios que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender ás persoas dependentes

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Teo mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reinvindicacións laborais por un convenio digno.

2.- O Pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que en todo caso parece ser que se desconvocou a folga.

A sra. Diéguez sinala que ao parecer conseguiron que non se asine o convenio, que van a negociar algo, así que coa convocatoria da folga polo menos conseguiron algo.

A sra. Lemus reitera o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que tamén esperan que poidan renegociar e que poidan chegar ás melloras que as traballadoras necesitan, pois estase a falar dun servizo que a nivel municipal quen mais ou quen menos coñece que hai moita demanda, e pensan que é un dos temas fortes que calquera concello pode ter.

A sra. Vázquez di que ao seu grupo lle gustaría saber porque no se lle esixe tamén ao goberno do Estao que asuma a parte do compromiso. Sinala que é un acordo que o goberno central non está cumprindo, por iso lles gustaría saber por que non inclúen a maiores esa demanda e se estarían dispostas a incluila como un punto máis.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen anuncia o apoio do seu grupo. Entende que o que di a concelleira do PP, sra. Vázquez, é polo do famoso “Plan Concertado da financiación dos servizos sociais e da lei de dependencia”. Sinala que é certo que hai uns desacordos das Administracións en canto ás achegas dos fondos que se fan, pero tamén é certo que a responsabilidade da prestación do SAF é da Xunta de Galicia.

Explica o sr. Igrexas que nestes intres coa subida van pagar ao Concello a partir do 2023 unha contía de 11,00 € á hora e o Concello de Teo está a sacar a contratación por 21,00 e 24,00 €. Entón si que resulta que as facendas municipais están soportando un custo inmenso, porque estase arredor de 5.000 horas mensuais, e é un gasto impropio, unha competencia impropia e ao Concello non lle queda máis remedio que asumir por unha cuestión de que están os veciños en fronte e é un servizo necesario, pero si que é certo que se está a producir un total desaxuste nestes servizos. Salienta que, canto máis se apreta e máis se restrinxen as condicións nos contratos, tamén se ven minguadas. O sr. Igrexas di que quere facer fincapé, de xeito xeral e que pensa que todos deberían de pedir, no feito de que segue existindo un límite máximo de 0,19

céntimos por km/h, que é o máximo que se permite para que non sexa considerado ingreso neto do traballo senón suplido por gastos. Esta contía é a mesma dende hai 15 anos polo menos, cando o combustible case triplicou o custo e a toda persoa que nalgún momento ten que facer algún transporte págaselle a 0,19 €. As traballadoras do SAF usan o seu coche e sobre todo nos concellos rurais teñen que desprazarse unha cantidade de kms considerables, e entón esa diferenza é evidente. Nos desacordos que hai é precisamente que queren subir a 0,22 cts por km, pero mentres Facenda non suba o límite dos 0,19 € non serve de nada, pois a suba vai ser considerada un incremento salarial, co cal van ter unha serie de desvantaxes.

Sinala o sr. Igrexa que eses dous elementos son básicos, que Facenda suba ese mínimo e que por outra parte a Xunta asuma as súas competencias no tema. Manifesta que hai concellos, coma o de Zaragoza, que durante 2 ou 3 anos decidiu non prestar o servizo, para presionar ao goberno autonómico e que asumiran as competencias. Di o sr. Igrexas que non se sabe ata cando se pode estar así, pero realmente estáselle sacando recursos a outros programas e competencias municipais.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da mesma.

Intervén a sra. Vázquez e di que están de acordo con esa exposición da que fala o sr. Igrexas. De feito non están pedindo que se quite o punto 2 da moción, senón que a asumen, pois todas as Administracións deben de ter as responsabilidades nas mediacións que lle tocan con outras. Pero tamén é certo que dentro dese acordo que hai coa lei de dependencia e de servizos sociais había o compromiso de asumir o 50-50 deste custo e a Xunta de Galicia a día de hoxe está asumindo o 70%. Eles non din que sexa insuficiente e que é evidente que os concellos teñen unha carga, por iso piden que se se pode, se inclúa instar ao goberno do Estado que leve a cabo o acordo dese compromiso. Sinala a sra. Vázquez que, en todo caso, non se van a opoñer, pois consideran que hai que apoiar ás traballadoras, é un servizo básico municipal que debe de ofrecerse e, ademais, ten moita demanda, e é a base dun concello prestar esta atención. Remata a sra. Vázquez a súa intervención, sinalando que o “si” ou a

“abstención” vai a ser en función de se se pode engadir ou non ese punto que propoñen.

A sra. Diéguez sinala que se vai manter a moción dese xeito. Explica que haberá máis plenos e o grupo do PP pode ter a opción de presentar outra proposta, e a bote pronto non se van a meter nas reivindicacións que ten a Xunta de Galicia con respecto ao Estado. Pensan que si, que o Estado ten que cumprir coa súa función, pero tamén hai pouco saíu a noticia de que o sr. Presidente da Xunta lle vai perdoar impostos á xente que é riquísima, entón eses impostos poderían ir por exemplo para estes recursos. Sinala a sra. Diéguez que as traballadoras non teñen por que pagar os pratos rotos, que teñen uns dereitos laborais e hai que respectarllos.

Co permiso sa presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para aclarar que habería que proceder a votar a emenda presentada pola concelleira do PP, sra. Vázquez. Explico que o ROM do Concello de Teo prevé que no caso de formularse emendas “in voce” durante a sesión só se poderá aceptar o debate por acordo da maioría dos asistentes. Solicítase á sra. Vázquez defina concretamente o texto da emenda.

A sra. Vázquez sinala que lles gustaría incluír como emenda, un punto 3, co seguinte contido: “*Instar ao goberno do Estado a que asuma tamén as súas responsabilidades con respecto ao compromiso do 50-50 da financiación do servizo con respecto o orzamento que vai coa Lei de servizo sociais e Lei de dependencia”.*

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo á emenda.
O sr. Igrexas sinala que están totalmente de acordo, poren non van a apoiar a emenda porque o grupo que propuxo a moción non está de acordo en que se lle modifique, entón por unha cuestión de respecto non a van apoiar, engadindo que se o grupo municipal do PP a presenta noutro momento a apoiaran, porque están de acordo.

Aclara o s. alcalde que se vai a proceder polo tanto a realizar a votación para decidir se se incorpora a emenda para o seu debate e posterior votación.

Realizada a votación, con nove votos a favor (6 PP e 3 PSdeG-PSOE) e seis votos en contra (4 Son de Teo e 2 BNG), acórdase, por maioría dos asistentes, aceptar o debate da emenda do grupo municipal do PP, de acordo co artigo 31.5 do ROM do Concello de Teo.

A continuación explícase que agora procede someter a votación a emenda do grupo municipal do PP e, no caso de que saia adiante, someterase a votación o ditame emendado e, de no saír adiante, someterase a votación a moción ditaminada, tal e como foi presentada polo grupo municipal do BNG.

Procédese a continuación a someter a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PP, co seguinte resultado:
Votos a favor – 6 (6 PP)
Votos en contra – 6 (4 Son de Teo e 2 BNG)
Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE).

Ao terse producido un empate, reiterase a votación, obténdose o mesmo resultado:
Votos a favor – 6 (6 PP)
Votos en contra – 6 (4 Son de Teo e 2 BNG)
Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE).

De acordo co resultado da votación, co voto de calidade do sr. alcalde, queda rexeitada a emenda do grupo municipal do PP, someténdose a continuación a votación a moción do BNG, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de novembro de 2022.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:
1.- O Pleno do Concello de Teo mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reinvindicacións laborais por un convenio digno.

2.- O Pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REAPERTURA DA PIROTECNIA DE SOLLÁNS.

O sr. alcalde explica que hai unha solicitude de intervención no Pleno, por parte da Asociación veciñal A Baiuca, de Solláns, a cal foi autorizada pola Alcaldía, de acordo co establecido no regulamento de participación veciñal.

O sr. alcalde da lectura á comunicación remitida á Asociación, na cal se lle indica que a intervención será dun máximo de dez minutos e se realizará no momento antes de iniciar o debate.

Neste intre, comeza a intervención de D. Carlos Mosquera Neira, en representación da asociación veciñal A Baiuca, quen agradece á Corporación que se lle dea voz para expresar as preocupacións dos veciños.

Da paso á lectura da súa intervención, que de seguido se recolle:

"Foime encargada a labor de representar aos veciños afectados pola posible instalación de unha nova explotación pirotécnica en Solláns

Non vou a dicir nada que os Sr. do pleno descoñezan xa que me consta que houbo contactos e reunións nas que nos recibiron a veciños e AAVV e se lles expuxeron. Aínda así para que conste neste pleno e se lle dea mais visibilidade vou facer un breve repaso ás nosas reivindicacións.

Tampouco tería que ser preciso recordarles o que pasou un luns de hai 16 anos, pero vouno a facer xa que me parece que ás veces nos centramos todas as partes no presente, en evitar a re apertura de esta actividade, (ben para min non é re apertura, senón a instalación de un novo taller pirotécnico)

Ese día espertoume unha forte explosión. Durmía na miña casa a 180 mts do lugar da pirotecnia. Non fun consciente do que pasaba ata que vin o resplandor do

incendio que foi provocado pola explosión, polo medio dos pinos. Ao mesmo tempo sentía caer pedras no tellado da casa como, e no cuberto que temos detrás da casa. Despois viñeron os fogos de artificio gratuítos, os mais grandes e longos que vin na miña vida.

Ata lle podemos poñer un pouco de humor falando hoxe de este tema, pero desgraciadamente de humor nada. Logo chegou protección civil e a garda civil e nos sacou das casas, moita xente en bata e pixama, e vendo aquel panorama ninguén sabía o lonxe que deberíamos afastarnos para sentirnos seguros. Era noite pechada

O verdadeiro medo, sentino despois cando a media mañá dei unha volta polos arredores e vin escenas que me puxeron os pelos de punta

Cachotes de escombros de 30-40 kg de peso a 250 metros da explosión, vigas metálicas espetadas como arpóns no chan en fincas a 300 metros, casas coas paredes furadas e os proxectís dentro da cociña, todas as ventás rotas en tódalas casas á redonda, o que todo sabemos ben, sabémolo todos pero nós vímolo e vivimos.

Ao ver como quedou toda a zona foi cando se me secou a boca e me viu a cabeza o que puido pasar, e que por sorte, moita sorte, non pasou. Non morreu ninguén...de milagre.

E iso e polo que estamos hoxe aquí. Si isto volve a estar alí, e mais que probable que poida pasar algo así. Daquela ao peor non existe este milagre, e hai desgracias persoais.

E non son dramático, pero si alarmista, moi alarmista, e os veciños sabemos ben por que digo isto hoxe aquí. Si pasa algo así poderán dicir que vostedes non puideron facer nada porque a lei o permite. Pero será o único.

Pídolle á corporación municipal que busque, que explore, que consulte, que investigue vías para evitar este tremendo prexuízo para os veciños. Teñen os medios e o deber cívico de atopalas, ademais da responsabilidade administrativa cando se fala da seguridade dos cidadáns.

Todas as leis e normativas son interpretables polo que aos veciños non nos sirve o argumento de que dende a administración non se pode facer nada si se obteñen os permisos necesarios.

En algún momento ten que prevalecer, coa lei na man, a seguridade dos veciños fronte ao interese (lexítimo pola súa parte) de un industrial.

Demostrado que pode ser perigoso xa está demostrado. Imos a permitir que volvamos ao estado inicial?, é de risa. Non estamos ndode nada novo, descoñecido, novidoso. Xa o sabemos....todos, xa sabemos o que é.

<u>Motivos...</u> están formalmente expostos nas alegacións que supoño que terían acceso.

Hainos, moitos e argumentados, por veciños por asociacións, por técnicos, por grupos políticos...

Entre os mais destacados, a proximidade ás vivendas, e obvio, que non son illadas. Dáme moita pena e cabréame escoitar dicir a xente (non de solláns) que sempre hai avogados para todo nesta vida, que os das casas próximas que teñen a culpa que a pirotecnia estaba antes...é de broma non existían as aldeas entón??? Claro que se fixeron casas despois, claro que si..... é antes tamén Mazas Solláns....estas aldeas naceron despois da pirotecnia???

ESTÁ MOI PRETO DAS CASAS...!!!

A proximidade das vías de comunicación. Hai estradas preto e non con pouco tráfico. Atrévome a dicir que das de titularidade municipal non hai moitas con ese tráfico no concello de Teo

Contradicións e falsidades no proxecto de instalación. Sen entrar en mais detalles, que os hai, pero non é o lugar este para expoñelos, hai datos no propio proxecto que se contradín. O mais salientable e que se citan nun apartado do proxecto, unhas distancias mínimas que se deben cumprir e posteriormente indícanse distancias inferiores a estes requirimentos. Cando menos, pensamos que isto é obxecto de unha modificación de proxecto que de partida, atrasaría a tramitación do mesmo. Aínda que non é iso algo que nos deixe satisfeitos, é una pedra no camiño de este proxecto.

Existen outras suposicións e datos falsos no proxecto que están detallados en algunha das alegacións pero que coido que son os técnicos do concello e de outras administracións os que teñen competencia para decidir que o que se indica no proxecto é suficiente. Para nos non o é.

Cantidades non cribles. Falase de 5 kg nos locais de fabricación e mestura e 50 de almacenaxe. Estas cantidades se non recordo mal son similares ás que tiña declaradas no ano 2006 e penso que se constatou mediante peritaxe que as

cantidades que provocaron a explosión nese ano rondaban os 250 kg de explosivo. En isto o concello claro que non pode facer nada, pero transmitilo e poñelo en coñecemento das administracións que xa deron o visto bo o proxecto, pois claro que sí. Son feitos. A memoria na temos todos igual, e esquécense cousas.
Aptitudes do xerente da pirotecnia (tema delicado, pero hai que dicilo)

Ademais do sucedido....

Voz de Galicia 13/6/16: "esta persoa" incumplía todo lo que podía incumplirse. El camión que conducía carecía de seguro, no había pasado la obligatoria Inspección Técnica de Vehículos (I TV) y tampoco contaba con el certificado para el transporte de mercancías peligrosas (ADR). Por no tener, ni tan siquiera llevaba el extintor que exige la ley en este.

".....accidente ocurrido en la Pascuilla de Padrón el 29 de marzo del 2008 con penas de seis meses de cárcel....."

Testemuña eu mesmo. Este verán cas temperaturas que alcanzamos, a plena tarde mes de agosto ou setembro ponse a queimar restrollos, preto de estas instalacións e polo tanto do monte.

Varios veciños son testemuñas de que seguiu desenvolvendo actividade comercial durante a súa inhabilitación

Non nos sirve que agora se poña a un familiar á fronte da sociedade para enmascarar a solicitude, aquí sabemos o que hai, en Madrid a garda Civil descoñézoo. Isto é a súa labor e deber, dar difusión a estes aspectos, informar a todas as institucións participantes, da problemática real existente.

Non estamos en contra dos dereitos de ningún veciño a que desenvolva esta actividade comercial e económica, pero non neste lugar, el mesmo ten que se consciente do dano que causou...."saíu condenado"... e algunha das causas que se esgrimiron no xuízo entón estanse a propor como alegacións, nin mais nin menos, penso que son feitos obxectivos.

Xa rematadas as causas mais significativas que atopamos para demostrar que esta instalación non é segura en esta ubicación, gustaríame preguntarlle se ten o concello coñecemento do estado actual do procedemento da solicitude en cuestión.

Cando este verán un grupo de veciños foi recibido polo señor alcalde informóuselles de que o procedemento podía ser moi rápido e que no mes do pasado

setembro podería ser que iniciase a actividade si todo se poñía de cara ao solicitante. Afortunadamente non foi así, por iso aproveito para facerlle a consulta ao respecto, si coñece algunha novidade no proceso.

Queremos trasladar dende a Asociación de veciños A Baiuca toda a nosa colaboración e dispoñibilidade para ir xuntos da man en este asunto que pode provocar un grande problema para a zoa e para os veciños. Esta colaboración ofrecéselle tanto ao concello como a todos os grupos políticos, compartir información, idear estratexias e o que faga falla.

Sabemos que as comunicacións coas outras administracións son primordialmente oficiais pero tamén poden e deben de ser oficiosas, e isto o digo porque, repito que as leis teñen interpretación case sempre. E existen razón de peso para impedir esta actividade nesta zona.

Queremos deixar claro que o noso único obxectivo e impedir que unha actividade que se demostrou perigosa non se volva a desenvolver. Pos isto nos gustaría que saísen adiante por unanimidade as moción que hoxe se debaten en este pleno.

Este obxectivo é factible e crible e xusto, por iso nos imos apoiar onde se nos brinde soporte para conseguilo. En calquera institución, agrupación, ou entidade. Por iso lle pido a todos que traballen en isto, e si xa están a facelo.....traballen mais si cabe....”

Sendo as vinte horas e corenta e dous minutos remata a intervención do sr. Mosquera.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que o compañeiro xa fixo un relato do que pasou. Lembra que o BNG no ano 2006 xa presentara unha moción sobre este tema, na que se dicía que a “*pirotecnia non pode reiniciar a súa actividade nas actuais instalacións xa que como puido comprobarse supoñen un grave risco para a seguridade de toda a veciñanza e para o das súas propiedades. Máis alá de que a empresa dispuxese dos permisos necesarios a seguridade da colectividade prima sobre os dereitos individuais ou empresariais“.*

Sinala a sra. Castelao que esa foi unha moción que se presentara hai 16 anos o BNG, e hoxe presentan outra.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 10 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.234, de 10/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de novembro de 2022.

"Moción sobre a reapertura da pirotecnia de Solláns

O Grupo Municipal do Bng do Concello de Teo, propón ao Pleno Municipal a aprobación da seguinte proposta SOBRE A REAPERTURA DA PIROTECNIA DE SOLLÁNS

Exposición de motivos:

O 9 de xullo de 2022 facíase público no Boletín Oficial do Estado o anuncio da Subdelegación do Goberno na Coruña da apertura do expediente para a autorización do estabelecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns..

O conxunto da veciñanza de Teo, e especialmente a da parroquia de Calo, ficou fondamente preocupada pola noticia da posíbel reapertura dun taller pirotécnico que no 2006 sufriu unha grave explosión. Debe recordarse que naquela ocasión a deflagración non causou vítimas, mais si enormes danos materiais nas edificacións, destacando os danos estruturais nalgunhas vivendas, así como a rotura de cristais, tellados, ventás e persianas nunhas corenta casas. A onda expansiva afectou a un radio de catrocentos metros ao redor das instalacións da pirotecnia.

A empresa promotora, a mesma que agora solicita nova autorización, contaba, aparentemente, con todos os permisos e medidas de seguridade exixidas pola lexislación vixente, mais iso non impediu que se producira a explosión. É máis, tal e como quedou probado durante o xuízo penal contra as persoas responsábeis, a pirotecnia almacenaba até douscentos cincuenta quilogramos nunha das casetas, un edificio que non posuía autorización para albergar material explosivo. Mentres tanto,

as dúas casetas que si estaban autorizadas para almacenar pólvora tiñan estabelecida como límite cinco quilogramos, unha cantidade moi inferior aos douscentos cincuenta realmente contidos. Como se pode asegurar entón que no futuro, incluso aínda que as inspeccións preceptivas se chegaran a realizar, non volven a almacenarse produtos de forma incorrecta pondo en risco ás persoas que viven ao seu carón. Estaríase xerando unha situación de inseguridade e indefensión para toda a veciñanza de Solláns.

Tan só esta experiencia previa e o sufrimento padecido xa polos veciños e veciñas deberan ser suficiente para que a Administración do Estado non autorizara a apertura dun novo obradoiro pirotécnico nunha zona densamente poboada e rodeado de vivendas a pouca distancia, que poderían volver a verse afectadas en caso dunha nova explosión. Pero, ademais existen datos obxectivos que avalan que a situación non é a adecuada e que xustificarían igualmente a denegación da autorización, moitas delas recollidas polos propios veciños e veciñas nas alegacións que fixeron chegar á Subdelegación do Goberno.

A principal documentación que vai utilizar a Administración do Estado para decidir sobre a instalación é o proxecto presentado pola propia promotora no que se ofrece unha versión interesada incluíndo datos e medicións que favorecen as súas pretensións pero que non se corresponden exactamente coa realidade.

Así, por exemplo no proxecto inclúense cálculos que estiman as distancias de seguridade mínima exixida atendendo a unha cantidade moi pequena de material explosivo. Non parece adecuado que sexa a propia empresa, sen comprobacións directas por parte do persoal técnico da Subdelegación, a que interpreta unilateralmente a normativa para dicir que se cumpre cunha distancia suficiente. Así, fai constar que a distancia até o núcleo de poboación máis próximo é de 125,25 metros, entendendo por tal o núcleo de Solláns, e que se cumpre cunha distancia de 110 respecto de vivendas fora do núcleo, cando como xa se mencionou anteriormente a explosión do taller afectou a un perímetro de 400 metros.

Ademais, as medicións das distancias de seguridade, sobre todo no caso das vivendas illadas, toman unicamente en consideración a distancia até a propia vivenda principal, pero ignora a existencia doutras edificacións anexas moito máis próximas como galpóns e piscinas, así como das propias fincas, con uso habitual de lecer e traballo, en xardíns e hortas. Non pode valorarse a seguridade sen ter en conta que se trata de terreos habitualmente utilizados polas persoas propietarias, que non van limitar a súa presenza á vivenda senón que van utilizar os seus terreos en toda a súa extensión. Como é lóxico, en consecuencia, a distancia real entre as zonas habitadas e a situación da pirotecnia é moito menor do que a empresa estabelece no proxecto.

Así mesmo, tamén se recolle no proxecto unha imaxe distorsionada respecto do posíbel tránsito de persoas e vehículos. Así, o proxecto di que o taller sitúase nunha "zona de tránsito de persoas e vehículos practicamente nula" e que as fincas colindantes "son de escaso cultivo polo que a presencia de persoas nun radio de 150m é inusual" dicindo que non existen fincas cultivadas. A realidade é ben distinta, pois como xa dixemos, non só existen fincas cultivadas, senón que existen vivendas habitadas, polo que a presenza de persoas a carón do perímetro da pirotécnica será diario e constante, non esporádico.

Ademais, o proxecto resta importancia á situación respecto das vías de comunicación próximas, descarta analizar sequera o tránsito pola AP9 por entender que non entra dentro das medicións de seguridade que a propia empresa realiza e considera que a CP-8202 non ten un tránsito elevado e que polo tanto as distancias tamén son suficientes. Pero non se aportan probas e datos sobre o número de vehículos que circulan habitualmente que son superiores aos considerados pola empresa.

O proxecto tamén estabelece literalmente que "non existen propiedades públicas nin monumentos que podan verse afectados. Non existen na zona industrias nin locais de actividade comercial", pero no lugar de Solláns ademais de vivendas habitadas, existen distintos locais comercias,a sede dunha asociación veciñal e a sede do CRA de Teo (Conxunto de Escolas Rurais Agrupadas).

Entendemos que neste caso, como en toda xestión de situacións de risco para as persoas, as Administracións Públicas deben actuar con prudencia, atender ao principio de cautela, priorizando, sobre calquera outro interese, a seguridade cidadá. Neste sentido, debe descartarse autorizar a instalación dunha actividade potencialmente perigosa, un negocio privado que xera un risco claro e que no pasado xa puxo en evidencia que pode afectar directamente á vida, saúde e patrimonio das persoas.

Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, presenta esta moción para pedir o apoio da Corporación Municipal .ás demandas veciñais e rexeitar a reapertura do taller de pirotecnia en Solláns.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Expresar o apoio da Corporación Municipal de Teo ás demandas e reclamacións dos veciños e veciñas de Teo, especialmente os do lugar de Solláns como afectados directos, para rexeitar a instalación dunha nova pirotécnica.

2.- Demandar do Goberno do Estado, a través da Subdelegación do Goberno na Coruña, a denegación da autorización para o estabelecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns.

3.- Exixir á Subdelegación do Goberno na Coruña que realice as comprobacións materias precisas de forma directa sobre o terreo con persoal propio, que verifique os datos aportados pola empresa.

4.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado a través da Subdelegación do Goberno na Coruña como órgano encargado da tramitación da autorización.

5.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia para que exprese o seu apoio á veciñanza de Teo, en especial á de Solláns e demande do Goberno do Estado a denegación da autorización para o estabelecemento do taller de fabricación de artigos pirotécnicos en Solláns".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, agradécelle ao veciño de Solláns por facer un relato sucinto do que aconteceu hai tantos anos. Di que nese período houbo de todo, dende o ano 2006, non só mocións, senón tamén reaperturas, legalizacións, demandas penais, denegacións de licenza, recursos contencioso-administrativos, expedientes de reposición da legalidade. É verdade que neste momento poderíase facer moita historia do que aconteceu administrativamente pero efectivamente non un expediente de reapertura e nin sequera, entende, un de legalización, porque non sabe como está presentado no concello, como chegou. É outro expediente novo de autorización porque o primeiro que necesita é unha autorización sectorial, que é a de Industria da Subdelegación do Goberno.

Di a sra. Lemus que nese momento se está agora e o veciño que falou pedía que se informara de se había algunha información oficiosa ou oficial. A sra Lemus di que ela falou coa Subdelegada do goberno a cal o 29 de novembro lle enviou un correo electrónico coa información. A sra Lemus da lectura ao correo electrónico recibido, que se transcribe: "*Tras o período de alegacións, e dado o volume das recibidas, estruturáronse para facilitar análises e enviáronse ao ICAE, a Intervención central de armas, que fixera xa un primeiro informe favorable. A ICAE informou que son temas sobre seguridade industrial sobre os que non se pronuncian. A área de Industria non emitiu informe definitivo, fíxoselles 2 requirimentos de documentación ós promotores, que non contestaron, o último foi do 8 de novembro e a día 29 non contestaron".*
Di a sra. Lemus que polo tanto eles están constantemente pendentes de que acaben, pero se non contestan aos requirimentos enténdese que se arquivará o expediente. Salienta que esa é a fase na que se está.

Explica a sra. Lemus que, polo que lle dixo a Subdelegada, ademais do correo electrónico, tiveron en conta todas as alegacións que se presentaron e moitas delas con aspectos moi técnicos, o cal sempre é de agradecer, e por iso dicía antes o veciño que falou que moitas veces as leis son interpretables e a normativa tamén, e hai que poñer todo o esforzo en interpretala e facer a mellor interpretación da mesma, con un certo sentido, tendo en conta que o que non lle interesa, e entende que a ningunha das

forzas políticas que están aquí tampouco, é que este tema caia no xulgado, porque a empresa, e sobre todo el, demandou de todas as formas posibles, tanto no contencioso-administrativo como no penal, tanto a concelleiros como a técnicos do Concello, e na vía contenciosa tamén ao Concello polas resolucións de denegación, arquivo, dos diferentes expedientes de reposición e incluso de reapertura, do que presentou no ano 2013, e que intentou varias veces retomar.

Sinala a sra. Lemus que esta é información que pode dar e amosa o apoio do seu grupo. Di que, tecnicamente, existe unha parte moi importante na fase documental, no presentado. Considera que a parte histórica do tema, é dicir, o que aconteceu, debe de ser un elemento básico, fundamental, na toma de decisións, na parte de Industria da Subdelegación do goberno, tendo en conta que nun momento determinado xa falseou os datos, provocando un desastre de medios, e non se provocou un desastre humano de milagres.

Coida a sra. Lemus que os políticos aplican a lei e moitas veces argumentan que a lei é como é, e ela e podería facer un discurso do cambio da lei do solo do 2016, con pouco sentido e con pouco resultado, porque se trata de que haxa a capacidade cos técnicos que o concello ten, que neste caso son moi bos técnicos, para poder interpretar toda a normativa existente, buscar os argumentos técnicos necesarios, non soamente os políticos, para dar opcións para que se vaian arquivando os expedientes.

Sinala a sra. Lemus que é moi probable, porque se leva moitos anos con esta loita, que non pare aquí, é dicir, que volva a intentalo, e polo tanto pensa que todas as veces hai que estar preparados, sociedade civil e políticos, e na medida do posible quen poida interpelar para os cambios normativos, para que se fagan, tendo en conta, en todo caso, que son necesarias moitas máis armas que os cambios normativos e que moitas veces hai que loitar coas que hai, e neste caso é o que toca.

Remata a sra. Lemus a súa intervención amosando o seu apoio completo á moción, agardando que destes requirimentos de documentación continuos de Industria chegue un momento no que haxa un arquivo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo. Pregúntalle ao alcalde se nalgún momento ese empresario se puxo en contacto co Concello, ou o Concello con el, para buscarlle unha nova localización, menos perigosa.

O sr. alcalde responde que non, que él en ningún momento se puxo en contacto co Concello para ese tema, engadindo que tampouco tería sentido, porque, unha das cuestións fundamentais que quería comentar, é que é certo que o seu grupo está completamente de acordo coa moción presentada, pero tamén é certo que a responsabilidade aquí, fundamentalmente, é dos partidos que teñen representación parlamentaria. Di que as leis hai que cumprilas pero cámbianse e que unha pirotecnia se poida instalar en solo rústico é unha responsabilidade dos partidos do arco parlamentario.

O sr. alcalde continúa explicando que se hoxe están aquí pedíndolle aos técnicos que rebusquen a ver por onde se pode rebuscar para que a pirotecnia non se poña, iso tiña unha solución moi fácil, o cambio da lei, e non pedirlle a un técnico que busque de onde non se pode sacar, ou de onde si se pode sacar, e hai unha proba evidente, que xa comentaba a sra. Lemus, e é que esta non é a primeira vez que se pide a instalación dunha pirotecnia, e a base de rebuscar e actuar do mellor xeito posible logrouse, cando menos, adiar ese proceso.

Salienta o sr. alcalde que o Concello está facendo o que ten que facer e o que sabe facer, por iso se conseguiu que ata agora non se puxera. Pero iso non quere dicir que non o poida conseguir, porque ao final, como ben dicía o representante da asociación A Baiuca, hai que buscar os resquicios coa lei na man. Pero o problema de buscar os resquicios é que cando o que buscamos ao que fai a proposta non lle gusta vai ao xulgado, e entón quen decide xa non é o concello, é un xuíz. Salienta que a situación administrativa é bastante complexa e o concello buscou un resquicio deses para dicir que o proxecto que se presentara na Subdelegación no era o mesmo que se presentara aquí e que iso daba lugar a problemas, que se definise a situación, e ese expediente de momento está no xulgado, pendente dunha resolución xudicial. Por iso que os resquicios levan a man a que os técnicos tomen decisións, que se apoie o que

sexa preciso, pero no fondo cando hai desacordo entre quen propón e a resolución do concello quen determina é un xuíz, e nesas é onde se está agora.

Sinala que o que el di, e así llo dixo ós veciños no seu momento, é que aparte de que o procedemento é moi fácil, porque como se establece en función do número de kgs de almacenaxe, a lei non pon ningunha prevención a que se poña un almacenaxe ridículo, e demais, esas cousas ou se cambian na lei ou despois son moi difíciles de contrarrestar. E se se contrarrestan, como se fixo ata o de agora, chega un momento no que un xuíz decide e aí o Concello si que xa ten pouco que dicir.

Manifesta o sr. alcalde que van dar o seu apoio total á moción así como ás preocupacións amosadas polos veciños, aínda que é certo que non lles parece moi afortunada a redacción do punto 2, porque igual que o Concello ten as limitacións que a lei lle marca, a Subdelegación tamén ten que seguir un procedemento e as licenzas urbanísticas son regradas e as licenzas de pirotecnia son regradas, máis alá deses resquicios que se poidan buscar, polo que lle parece máis razoable por exemplo o punto 3 de esixirlle á Subdelegación que realice as comprobacións de materia, que vai a ser o que vai dar lugar a ese resquicio, pero máis alá desa cuestión están totalmente de acordo e van apoiar a moción.

Preguntado polo sr. alcalde, non se abre unha segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1.- Expresar o apoio da Corporación Municipal de Teo ás demandas e reclamacións dos veciños e veciñas de Teo, especialmente os do lugar de Solláns como afectados directos, para rexeitar a instalación dunha nova pirotécnia.

2.- Demandar do Goberno do Estado, a través da Subdelegación do Goberno na Coruña, a denegación da autorización para o estabelecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns.

3.- Exixir á Subdelegación do Goberno na Coruña que realice as comprobacións materias precisas de forma directa sobre o terreo con persoal propio, que verifique os datos aportados pola empresa.

4.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado a través da Subdelegación do Goberno na Coruña como órgano encargado da tramitación da autorización.

5.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia para que exprese o seu apoio á veciñanza de Teo, en especial á de Solláns e demande do Goberno do Estado a denegación da autorización para o estabelecemento do taller de fabricación de artigos pirotécnicos en Solláns.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DOS ESPAZOS PÚBLICOS.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 10 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.232, de 10/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de novembro de 2022.

“Moción Relativa á retirada de simboloxía franquista dos espazos públicos

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O artigo 15.1 da Lei da Memoria Histórica (52/2007, de 26 de decembro), pola que se recoñecen e amplían dereitos e se estabelecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra civil e a Ditadura, determina que “as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra civil e da represión da Ditadura”.

Así mesmo, o artigo 35 da Ley 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática, que amplia a Lei 52/2007, determina que "As administracións públicas, no exercicio das súas competencias e territorio, adoptarán as medidas oportunas para a eliminación dos ditos elementos. Cando os elementos contrarios á memoria democrática estean localizados ou colocados en edificios públicos, serán as institucións ou persoas xurídicas titulares os que sexan responsables da súa eliminación ou eliminación (...). Cando os elementos contrarios á memoria democrática estean situados en edificios de carácter privado ou relixioso, pero con proxección a un espazo ou uso público, as persoas ou institucións titulares ou propietarias dos mesmos deberán suprimilos ou eliminalos, na forma establecida (...). No caso de que concorran razóns artísticas ou arquitectónicas que requiran o mantemento dos citados elementos, deberá incorporarse unha mención orientada á reinterpretación do dito elemento de acordo coa memoria democrática."

O que queda claro, en calquera caso, é que o feito de que esta simboloxía se sitúe en edificios que non fan parte do patrimonio municipal non exime o Goberno local de realizar as xestións precisas para que a Igrexa católica ou calquera particular ou comunidades de propietarios/as veciñais de edificios se axusten ao dereito.

Polo exposto, o BNG propón o seguinte ACORDO do pleno

O goberno municipal, en cumprimento da lexislación vixente, procederá á retirada de simboloxía franquista localizada en espazos da súa competencia, instará a quen corresponda a facelo nos da súa, e activará a actualización dun inventario sobre a simboloxía franquista aínda presente no concello de Teo, co obxectivo da súa posterior retirada".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o voto a favor do seu grupo. Explica que a postura do seu grupo é pública e de feito eles condenan publicamente todo tipo de sistema represarial e totalitarismo, ditaduras, en todas as súas formas, incluso bandas organizadas terroristas. Di a sra. Calvo que de todas formas quería comentar que xa hai 14 anos, no ano 2008, concretamente o 7 de outubro de 2008, co presidente Feijoo ao fronte aprobouse no Parlamento de Galicia a unha resolución, á que da lectura, nos termos seguintes: *"O Parlamento de Galicia, na sesión do 7 de outubro de 2008 aprobou no punto único da orde do día Debate anual de política xeral, documento núm 31.08107/D/003 e pola orde de votación que se detalla a seguinte resolución: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra civil, e durante o franquismo. Eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista. Que este Parlamento unha vez máis condena."*

Explica a sra. Calvo que esta resolución foi aprobada por unanimidade e, tal e como pon na propia resolución, foi elaborada por todos os grupos parlamentarios. Sinala que non ve realmente que aporte nada traer esta moción aquí neste momento, e que xa fai máis de 46 anos e que isto xa tiña que estar superado. Reitera a sra. Calvo o apoio do seu grupo.

Intervén a concelleira de Son de Teo, D.ª María López Álvarez, quen anuncia o apoio do seu grupo e agradece ao BNG a proposta. Pregunta se a moción se refire a algo xenérico ou se o BNG xa tiña pensado nalgún elemento concreto, porque ata onde ela é consciente só existe unha placa de enaltecemento, cuxa retirada xa foi solicitada, pois non está en terreo público senón que está nunha igrexa, en Santa María de Lampai.

A sra. Castelao sinala que son coñecedores de dous en terreo privado unha é na igrexa de Lampai e outra na de Recesende, engadindo que o que piden é que se faga un inventario.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

O goberno municipal, en cumprimento da lexislación vixente, procederá á retirada de simboloxía franquista localizada en espazos da súa competencia, instará a quen corresponda a facelo nos da súa, e activará a actualización dun inventario sobre a simboloxía franquista aínda presente no concello de Teo, co obxectivo da súa posterior retirada.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA AAVV OS TILOS.

O sr. alcalde sinala que a asociación veciñal dos Tilos solicitou a comparecencia no Pleno para expoñer a súa opinión. Aclara que a comparecencia non debe de durar máis de dez minutos e ten que ser antes do debate da moción.

Neste intre intervén, en nome, como presidente, da citada asociación, D. Alejandro Teijeiro García, nos termos seguintes.

"Buenas noches,

Vengo en representación de la asociación de veciños Os Tilos que representa a 312 familias y entre 950 y 1000 personas.

Estamos aquí porque no fuimos escuchados con anterioridad por parte del grupo de gobierno de este Concello,

Ustedes lo saben, pues fueron ustedes con los primeros que contactamos para mostrar el rechazo de la mayoría de los vecinos a la instalación de la tirolina e hicieron caso omiso a nuestra asociación.

